

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 58

Sesión plenaria
8 de xullo de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. Terceira votación (doc. núm. 24866, 12/DXCA-000001)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (doc. núm. 2200, 12/PPL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

2.2 Toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia (doc. núm. 23539, 12/PPL-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185, do 09.04.2025

Punto 3. Comparecencia

28052 (12/CPP-000055)

Da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre a planificación e os últimos avances na xestión e ordenación do litoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

Punto 4. Mocións

4.1 28005 (12/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21722, publicada no BOPG núm. 175f1, do 19 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

4.2 28006 (12/MOC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26011, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f1, do 03.07.2025



4.3 28007 (12/MOC-000073)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia**

Sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26145, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

Punto 5. Propositions non de lei**5.1 8119 (12/PNP-000744)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.2 14998 (12/PNP-001272)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

5.3 27318 (12/PNP-002206)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

5.4 27689 (12/PNP-002245)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

5.5 27734 (12/PNP-002250)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 214f1, do 25.06.2025



5.6 27778 (12/PNP-002253)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao executivo central ao respecto

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 1514 (12/INT-000082)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre o transporte escolar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

6.2 1722 (12/INT-000103)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

6.3 27442 (12/INT-001071)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f2, do 25.06.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 28050 (12/POPX-000049)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a actuación política do Goberno galego no que vai do ano 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f2, do 03.07.2025

7.2 28051 (12/POPX-000050)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o grao de eficacia das solucións do Goberno galego aos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f2, do 03.07.2025



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 22726 (12/POP-003451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre a dotación da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma indistinta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

8.2 28042 (12/PUP-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións e previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da investigación e do control dos residuos radioactivos depositados na foxa atlántica fronte ás costas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f2, do 03.07.2025

8.3 27348 (12/POP-003985)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a situación financeira da Universidade da Coruña descuberta tras a liquidación do exercicio 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.4 27294 (12/POP-003975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia verbo do real decreto que regula o traspaso das competencias en materia de menores non acompañados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.5 16953 (12/POP-002649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f2, do 24.01.2025

8.6 20485 (12/POP-003148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns do cambio de criterio da Xunta de Galicia no réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública (VPP) e o paso do arrendamento á compravenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f2, do 26.02.2025



8.7 27093 (12/POP-003938)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da pertinencia dun plan sanitario urxente para O Salnés co obxecto de cubrir o incremento da demanda derivada da presión turística estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.8 28021 (12/PUP-000128)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da atención sanitaria no concello de Cervo nos vindeiros meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

8.9 26242 (12/POP-003842)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver para promover o uso da lingua galega entre a mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 04.06.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

A señora Rodil Fernández (BNG) fai uso da palabra para solicitar, conforme o artigo 73.1 do Regulamento, unha alteración da orde do día co obxecto de introducir unha quenda de intervención dos grupos parlamentarios antes da votación do primeiro punto da orde do día. (Páx. 11.)

O señor presidente comunícalle que ese tema xa foi tratado na Xunta de Portavoces e que se decidiu non aceptar esa proposta. Malia iso, resolve sometelo a votación. (Páx. 11.)

Votación da proposta de alteración da orde do día

Votación da solicitude de alteración da orde do día, por proposta do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para introducir unha quenda dos grupos parlamentarios antes da votación do punto primeiro da orde do día: rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 11.)

Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, terceira votación. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón que, dado que non se acadou o resultado que se precisa nin na primeira votación nin na segunda, se vai proceder a unha terceira, na que cómpre acadar a maioría absoluta. (Páx. 12.) A seguir, explica o procedemento de votación, que será por chamamento. (Páx. 12.)

Logo de se repartiren as papeletas, o señor presidente rógalle á secretaria da Mesa (Vázquez Mourelle) que comece o chamamento das señoras e dos señores deputados, así como dos membros do Goberno e da Mesa, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 12.)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o señor presidente anuncia o resultado.

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor de dona María Concepción Pombo Romero, 39; votos en branco, 34. (Páx. 12.)

O señor presidente comunica que, ao se acadar a maioría absoluta, queda proclamada directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dona María Concepción Pombo Romero. (Páx. 12.)

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 17.), Sra. Castro Rey (S) (Páx. 17.) e Sra. Arias Rodríguez (P) (Páx. 19.).

Rolda de réplica: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 23.)



Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Pax. 28.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 31.).

Rolda de réplica: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 34.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 37.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre a planificación e os últimos avances na xestión e ordenación do litoral. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Pax. 49.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 49.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 51.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 55.).

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 58.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 61.) Nesta rolda interveñen o señor Abalde Alonso (S) (Páx. 61.), o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 63.), o señor Trenor López (P) (Páx. 64.) e a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto) (Páx. 66.).

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 69.)



Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 72.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 75.).

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 77.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha autoemenda. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 82.), *Sra. Espinosa Mangano (S)* (Páx. 82.) e *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 84.).

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 87.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta moción. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 89.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 94.), *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 94.).

A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 97.)

Votacións das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a avaliación das políticas de impulso demo-



gráfico que desenvolve o Goberno galego: rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 100.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 103.), Sr. Insua Lema (BNG) (Páx. 103.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 106.).

Nova intervención da señora Iglesias Rey (S). (Páx. 108.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou unha autoemenda. (Páx. 110.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 112.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 112.) e Sr. Ferro Iglesias (P) (Páx. 114.).

Nova intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 107.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereja Fraiz, e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP). (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Vereja Fraiz (P). (Páx. 118.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Méndez López (S). (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 122.) e Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 124.).

O señor Vereja Fraiz (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 126.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e nove minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no Boletín Oficial do Parlamento. Polo tanto, non procedemos...

(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)

¿Si, señora Rodil? ¿Para que quere a palabra? ¿E con base en que artigo tamén? (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) O 73.1... (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si. Bo día.

Queríamos solicitar, polo artigo 73.1 do Regulamento, unha alteración na orde do día para incorporar un punto antes da votación á que se vai proceder agora, de elección da dirección xeral da CRTVG, co obxecto de introducir unha quenda de intervención pequena, breve, dos grupos, porque hoxe culmina o «dedazo» do Partido Popular coa renovación da dirección xeral da CRTVG. Van impoñer máis control político e máis manipulación informativa, e o mínimo será que poidamos opinar sobre o asunto o resto das forzas da Cámara. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Este asunto xa foi tratado na Xunta de Portavoces e acordouse que non habería turno. Entón, se quere sometelo a votación, pois sometémolo a votación, pero, en principio, foi o acordo da Xunta de Portavoces. (Murmurios.)

Votación da proposta de alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Ben, pois votamos logo esta alteración da orde do día.

Votación da solicitude de alteración da orde do día, por proposta do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para introducir unha quenda dos grupos parlamentarios antes da votación do punto primeiro da orde do día desta sesión plenaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de alteración da orde do día.

O señor PRESIDENTE: Comezamos co punto primeiro.



Elección da persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, terceira votación

O señor PRESIDENTE: Resumindo —para non repetir o que xa dixemos anteriormente—, había que ter unha primeira votación con 50 votos, non se acadou; unha segunda, con 45, tampouco se acadou, e o Regulamento di que ten que haber unha terceira votación no primeiro pleno que se celebre —que é este—. Polo tanto, aquí ten que acadar a maioría absoluta para poder ser nomeada.

Entón, xa se repartiron as papeletas e, polo tanto, prégolle á señora secretaria que proceda ao chamamento e á vicepresidenta e á vicesecretaria que, se poden, acompañen abaixo na votación.

(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, faíno o deputado membro do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Bueno, exerceron os deputados e as deputadas o dereito ao voto. Entón, imos facer o recuento.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor de dona María Concepción Pombo Romero, 39; votos en branco, 34.

En consecuencia, acadada a maioría absoluta, proclámase elixida directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dona María Concepción Pombo Romero. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: E agora continuamos co punto segundo da orde do día.

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para presentar a proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Iago Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moi bo día, señorías.

Deputadas, deputados, permítanme que comece esta intervención, na Proposición de lei de modificación da Lei do deporte de Galiza, cunha pregunta: ¿pensan as súas señorías que a realidade deportiva do noso país mudou nos últimos trece anos? Desde o BNG cremos que sería falso dicir que non, unha mentira. Por suposto que o deporte en Galiza mudou nos últimos trece anos, e, en gran medida, foi para ben, algo conseguido grazas aos avances conquistados a través principalmente da mobilización social; avances do feminismo grazas aos cales a escena deportiva en Galiza podemos dicir —sen medo a nos equivocar— que mellorou.



Cada vez hai máis mulleres practicando deportes federados, unha boa noticia, sen dúbida, que indica que a pesar da falta de apoio institucional a sociedade galega avanza, e faino na dirección correcta, aínda na onda reaccionaria na cal estamos inmersas e inmersos e na que semella que o Partido Popular está moi cómodo. E, se me permiten, creo que o retroceso en valores que vén vivindo o Partido Popular nos últimos tempos non é opinable.

O Partido Popular xa ve normal ter tido a Alfonso Villares —un presunto agresor sexual— sentado no Consello da Xunta como máximo responsable da Consellería do Mar. O Partido Popular ve normal que se filtrase a identidade da vítima. O Partido Popular ve normal que un mes despois de que se coñecese a denuncia contra Villares ninguén na Xunta de Galiza nin no Grupo Parlamentario do Partido Popular tivese a máis mínima palabra de apoio á vítima. (*Aplausos.*) O Partido Popular ve normal cualificar de intachable —isto é literal, «intachable»— a actuación do presunto agresor sexual. Pois non, señorías do Partido Popular, non é normal, e non van conseguir facer pasar como normal o que é un retroceso brutal. Pedímosllo por favor: deixen de se abrazar dunha vez á extrema dereita.

Moitas e moitos de vostedes estiveron —se non a gran maioría— no gran conclave do Partido Popular esta fin de semana. Non sei se lles soa iso de —e cito textualmente—: «Non imos facer un cordón sanitario a Vox». Ou —cito textualmente—: «Non estou disposto a esquinar a Vox». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Din Bildu. É terrorífico. ¡É terrorífico o do Partido Popular! E cando falamos de problema de valores, falamos disto. (*Murmurios.*)

Son palabras pronunciadas —estas de «non imos facer un cordón sanitario a Vox»— por Alberto Núñez Feijóo, verbalizando o que xa sabiamos. (*Aplausos.*) ¡De manciñas dadas coa ultradereita sen ningún tipo de problema! ¡Claro que non van facer un cordón sanitario a Vox! ¡Están comodísimos con Vox! (*Aplausos.*) Vox, a ultradereita ultraespañolista que, se puidese, acabaría con este Parlamento nun abrir e pechar de ollos e co noso autogoberno nun tris. Pero, claro, ¿como van facer un cordón sanitario a Vox se cada día están máis botados ao monte? E vese claramente aquí, que non deixan intervir. Cada día máis botados ao monte. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Cada día máis botados ao monte! O Partido Popular máis ultra de sempre; claro que si, os máis ultras. (*Aplausos.*) Vén normal ter un presunto agresor sexual sentado no Consello da Xunta e ven normal interromper os que pensamos diferente. (*Murmurios.*) Iso veno completamente normal.

Falta moito, señorías; créanme, moito. Lograr dunha vez por todas a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres non se consegue de mans dadas coa ultradereita. E lograr a igualdade non pode ser unha aspiración retórica nin un principio baleiro de contido, senón que debe traducirse en feitos concretos, en políticas públicas transformadoras e en mudanzas profundas nos ámbitos nos cales aínda persisten dinámicas discriminatorias. Un destes ámbitos é, sen dúbida, o deporte.

Durante décadas o deporte foi non só un espazo de visibilización, de recoñecemento e de éxito social, senón tamén unha das trincheiras máis resistentes ao avance en dereitos das mulleres. As deportistas foron sistematicamente invisibilizadas, desprezadas ou tratadas directamente como cidadás de segunda división. Segue a haber moitos máis homes federados



que mulleres federadas e segue a haber deportes masculinizados e deportes feminizados. E estes non son datos meus, senón datos do Instituto Galego de Estatística.

Aquí temos os últimos datos do 2024 (*O señor Suárez Fernández mostra un gráfico.*) —os últimos que hai dispoñibles— a respecto de persoas federadas en Galiza, en deportes federados. E, como aquí vemos, a columna grande, obviamente, é o número de homes federados e a pequena, o número de mulleres. Do total de licenzas federativas en Galiza en 2024, máis de 300.000, case tres cuartos, pertencen a homes e só un cuarto pertence a mulleres.

Se analizamos os datos por disciplinas deportivas, é bastante clarificador: no fútbol, as mulleres supoñen tan só un 8 por cento do total das licenzas federativas; no boxeo, tan só un 23 por cento; ou en tenis tan só un 35 por cento; deportes que non deberían estar masculinizados.

Pola contra, tamén hai deportes feminizados que mostran que aínda está imperante o sistema patriarcal, onde parece que hai homes que non poden participar en certos deportes. En ximnasia, por exemplo, os homes só representan o 9 por cento das licenzas federativas; en patinaxe, só representan o 31 por cento; e en voleibol tamén só o 31 por cento.

Estes son os datos, señorías; datos, non opinións. E, ante isto, moitas persoas pensarían que o Goberno galego está facendo todo o posible por acabar coa fenda neste ámbito. Pois nada máis lonxe da realidade, señorías. Na Lei 3/2012, do deporte de Galiza, aprobada polo PP —e isto non é unha exaxeración—, fanse un total de cero mencións ao deporte feminino, cero mencións ao colectivo LGBT e só dúas mencións á igualdade —así, en xenérico—, sen medidas concretas para conseguila. O PP non avanza da man da sociedade, máis ben ao contrario.

Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego propoñemos unha actualización seria e rigorosa da Lei 3/2012, do deporte de Galiza, para traer esta lei ao ano 2025 e que a Xunta de Galiza teña o soporte legal para corrixir as desigualdades aínda presentes no deporte galego.

Defendemos con toda claridade a necesidade dunha reforma desta lei. Non queremos parches, non queremos declaracións de intencións. Queremos unha lexislación galega actualizada, que poña no centro a igualdade, o respecto á diversidade, á dignidade das persoas deportistas e a loita decidida contra toda —si— forma de discriminación.

Queremos unha lei que garanta dereitos laborais para as deportistas, que promova activamente a igualdade nas federacións, nos clubs, nos medios e tamén, como non, nas institucións. Queremos unha lei que sancione con contundencia cada manifestación de machismo ou de LGTBfobia nas institucións e nas instalacións deportivas do noso país. Queremos unha lei que forme, que eduque e que transforme, porque o deporte, señorías, non é só competición, espectáculo ou escaparate, o deporte é tamén un instrumento educativo, unha ferramenta de cohesión social, un espazo de aprendizaxe e de valores. E se un goberno, sexa da cor que for, non é quen de garantir que nese espazo todas as persoas teñen os mesmos dereitos, a mesma liberdade e a mesma dignidade, entón, ese goberno está claramente fracasando como goberno.



Propoñemos, por tanto, unha modificación moi sensata e moi asumible para calquera que realmente queira avanzar en termos de igualdade no deporte. Promovemos, como teñen á súa disposición, a engádegas dun novo título, que pasaría a ser o título X, con 3 capítulos, 4 disposicións adicionais, 1 derogatoria e 2 finais.

Entre as cuestións concretas que propoñemos están, por exemplo, promover unha representación equilibrada entre homes e mulleres en todos os órganos deportivos dependentes da Administración pública galega, así como naqueles órganos integrados nas distintas federacións deportivas; algo perfectamente asumible. Tamén a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte, que terá por obxectivo a consecución, o acceso, a participación, a representación, a visualización e as prácticas deportivas, e que estas se realicen en condicións de igualdade.

Propoñemos tamén a creación do Punto Lila, un espazo accesible e seguro que garanta o anonimato para facilitar a denuncia ou as comunicacións voluntarias de calquera conduta violenta durante unha actividade deportiva.

Tamén propoñemos plans de conciliación familiar para todas as persoas que sexan deportistas profesionais, para evitar que teñan que escoller continuar coa súa carreira deportiva ou a crianza das súas fillas e fillos.

Propoñemos desde o BNG garantir os dereitos laborais de todas aquelas mulleres que desexen exercer a maternidade, sen que esta decisión poña en risco o seu traballo como deportistas profesionais.

Pedimos que as federacións deportivas galegas realicen un informe anual en materia de igualdade, que terá por obxectivo a avaliación do impacto de xénero das medidas impulsadas polo Goberno. Tamén a realización de estudos estatísticos sobre roles e situación económica, profesional e deportiva das mulleres e das persoas LGTB no deporte galego. Tamén, como non, o impulso das seleccións galegas femininas en todas as categorías —por suposto, tamén na sénior—. Ou que se garanta o equilibrio na retransmisión deportiva da CRTVG, incluídos os informativos e os eventos deportivos entre as competicións masculinas e femininas das diferentes disciplinas deportivas na CRTVG; CRTVG na que acabamos de ver como o Partido Popular pasa o rodillo e nin sequera deixa intervir os grupos parlamentarios para explicar a nosa opinión acerca de máis manipulación e máis control político por parte do Partido Popular (*Aplausos.*) —o PP máis ultra da historia, sen dúbida—.

Non temos moitas esperanzas, señorías, de que vostedes apoien esta modificación da Lei do deporte. Podémonos equivocar, pero, se esta lexislatura nos vén mostrando algo, é que vostedes foron, sen dúbida, o «non polo non» no relativo a deporte no que vai desta duodécima lexislatura.

No que levamos de lexislatura propuxemos a regulación da prestación dos servizos deportivos, e votaron que non. Propuxemos a creación do Rexistro Oficial de Axentes Prestadores de Servizos Deportivos, e votaron que non. Propuxemos recoñecer e impulsar as seleccións galegas nas diferentes disciplinas deportivas, tanto nas masculinas como nas femininas,



para que poidan competir oficialmente, ¿e saben que votaron? Que non. Propuxemos impulsar, coas diferentes federacións, un calendario de competicións estable para os diferentes combinados nacionais galegos, e votaron que non. Tamén propuxemos promover e fomentar a práctica do deporte no país, asegurando o servizo prestado por parte de profesionais necesariamente cualificados para que a poboación galega non vexa menoscabada a súa saúde cando practica deporte, e votaron que non.

Vostedes fixeron desaparecer o Bono Deporte, do que tanto presumían. En campaña vostedes presumían do Bono Deporte. Dérono en febreiro de 2024 para intentar rascar uns votíños, e en 2025, en canto non hai eleccións, vostedes desfanse do Bono Deporte.

Prometeron tamén en campaña, en febreiro do 2024, o Bono Actívate —en palabras de Alfonso Rueda— Deporte, para maiores de 65 anos, e aínda non se sabe absolutamente nada del.

Néganse a pedir o traspaso de todas as competencias en materia deportiva. E si, é certo, probablemente o digan xa, vostedes rexistraron unha proposta de modificación da Lei do deporte hai unhas semanas. Téñoa por aquí. *(O señor Suárez Fernández mostra un documento.)* Esta é a modificación que o Partido Popular propón á actual Lei do deporte, que rexistraron, como digo, en xuño. E tiñan unha oportunidade de ouro —non sei se o saben, pero vostedes teñen maioría absoluta neste Parlamento— para sacar a Lei do deporte do século pasado, traela a 2025 e facer algunha mención á igualdade ou á cuestión LGBT.

Ben, vostedes propoñen unha renovación da Lei do deporte na cal só propoñen modificar a prescrición de infraccións e sancións. Queren manter a Lei do deporte no pasado, non queren traer esta Lei do deporte ao presente e facela que dea resposta real ás necesidades deportivas deste país.

Votar non a esta proposta, como prevemos que farán, é, en definitiva, votar si á continuidade dunha lei desactualizada, que non responde ás necesidades deportivas da Galiza do 2025. E vostedes con esta decisión están enviando unha mensaxe moi clara á sociedade galega: para o Partido Popular a igualdade non é prioritaria, o respecto á diversidade tampouco, e prefiren manter vello e caduco o marco legal antes que asumir mudanzas reais.

Apelamos, aínda así —porque a esperanza é o último que se perde— a que voten favorablemente todos os grupos desta Cámara esta actualización. Consideramos que non hai motivo real para se opor a ela.

Apelamos á sensatez dos grupos parlamentarios nesta Cámara. Saquemos a Lei do deporte galega do pasado e traíamolo ao noso país ao século XXI en materia de deporte e igualdade.

Apelamos novamente ao voto favorable desta reforma legal por parte dos grupos parlamentarios con representación nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



¿Grupo Parlamentario Mixto? (Pausa.) (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Para nós, os socialistas, como xa temos manifestado noutras ocasións, o deporte é un ámbito de extrema importancia para o desenvolvemento de accións e proxectos de difusión de valores, tanto pola relevancia que ten na súa propia práctica como polo valor simbólico e de imaxe que proxecta, debido ao impacto real que ten na vida cotiá da cidadanía. Así, para nós o deporte foi, e é aínda, un instrumento de potenciación de valores sociais, e eses valores sociais que nós defendemos están moi lonxe dos valores sociais da ultradereita que cada día abraza máis o Partido Popular. Entendemos que é un instrumento de potenciación de valores sociais e unha correa de transmisión, especialmente para as idades novas, polo seu valor formativo. No entanto, existen ámbitos nos que o deporte aínda non está sendo todo o vanguardista que debería e precisa de impulsos decididos para a súa mellora, e o campo da igualdade é un deles.

O Goberno de España foi quen de ter isto en conta e por iso aprobou no ano 2022 esa Lei 39/2022, aprobada polo Goberno de Pedro Sánchez; unha nova lei do deporte que inclúe dentro do seu articulado eixos fundamentais na contorna da práctica deportiva e que apunta á igualdade como un obxectivo que debe ser acadado. Con base nisto, nós cremos tamén que debe ser adaptada a estas cuestións esa Lei 3/2012, do deporte de Galicia, e para iso rexis- tramos xa durante esta lexislatura varias iniciativas nese sentido.

Cando se aprobou esta lei no Estado, o presidente Sánchez defendeuna como un grande avance social que intentaba converter o deporte nunha auténtica política do Estado, e un dos principais obxectivos debe ser, polo tanto, superar unha realidade. A realidade é que as mulleres aínda estamos moi lonxe de ocupar o espazo que nos pertence. O principio de igualdade entre mulleres e homes é un principio moi exixido nun grande abano de normas vixentes e, por non citar todas, quero limitarme a esa Lei 7/2023 para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, da que o Partido Popular tanto peito saca. Xa no seu primeiro articulado fala da eliminación da discriminación das mulleres e da promoción da igualdade entre mulleres e homes, atribuíndolle o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade.

No seu artigo 3 céntrase no impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva, e hai outro título que se refire a promover a igualdade entre mulleres e homes. Pois ben, o papel aguanta todo, pero dende aquela, dende a entrada en vigor desta lei, non vimos ningún tipo de movemento por parte da Xunta de Galicia que nos permita afirmar que se está a cumprir o establecido nela.

Miren, nos orzamentos do ano 2025, non se contempla por parte do Goberno da Xunta ningún tipo de partida para o impulso do deporte feminino e, se non hai cartos, todo queda en



declaracións de vontade. Non existe tampouco ningún tipo de planificación global que nos permita converter en real o que supón un paso ou medidas dirixidas a converter en real a igualdade no deporte; e sen planificación orzamentaria, como digo, é unha sucesión de manifestacións. A política de igualdade da Consellería do Deporte non pode limitarse a patrocinar carreiras da muller, senón que debe traballar en aras a fomentar o deporte feminino e a erradicar as actitudes machistas, e ten que mudar esas campañas de «non saias a correr soa», do medo, por fomentar un deporte igualitario.

As únicas medidas da Xunta nos últimos anos podemos nomealas rapidamente, porque son dúas: ese plan de patrocinio de equipos de alta competición femininos, patrocinado, por certo, polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero; ou unha campaña no ano 2019 que dicía que «non» contra a violencia machista —aínda era daquela Feijóo presidente—. E, dende aquela, nada máis.

Nós, dende o Grupo Socialista, plantexamos unha emenda transversal dende hai varios anos nos orzamentos sucesivos, e sempre é rexeitada. Nela pedimos unha partida específica para o impulso do deporte feminino de 1,5 millóns de euros para elaborar unha estratexia de impulso do deporte feminino, que é moi necesaria, como a creación e a adaptación tamén das infraestruturas deportivas e dos servizos para promover o acceso á igualdade, porque moitas veces hai moitas nenas que non teñen acceso a vestiarios femininos en moitas das instalacións aínda; ou a concienciación, porque é increíble que moita xente siga a pensar na nosa sociedade que hai deportes de mulleres e deportes de homes; ou uns órganos de goberno dos clubs deportivos cunha representación equilibrada de mulleres e homes, que daría unha mirada dende unha perspectiva máis igualitaria á súa xestión; ou a formación do persoal técnico deportivo, a formación en igualdade, e o Observatorio da Imaxe da Muller, para potenciar a imaxe da muller. É moi importante e necesaria a imaxe da muller no deporte que poidan transmitir os medios de comunicación. Se os referentes deportivos sempre son masculinos, os comentaristas das peticións tamén son homes e os reclamos publicitarios tamén, desvinculamos totalmente a muller do mundo do deporte.

O ente público da Corporación da Radio e Televisión de Galicia ten que confeccionar un plan de igualdade que teña como misión lograr esa maior visibilidade das competicións e do deporte feminino, formar redactores e redactoras na sección de deportes ou reforzar accións deportivas con persoal experto en deporte feminino. Temos que potenciar as nosas grandes deportistas tamén. Nunca se abren seccións do Telexornal, por exemplo, con deporte feminino, invisibilizándoo. Necesitamos, polo tanto, unha acción transversal, que acade o impulso do deporte feminino por parte da Administración, como a concienciación á sociedade ou a imaxe pública que se debe dar dende os medios para así poder facer real a igualdade, que queda moi bonita no papel.

A promoción e o auxe do deporte feminino é un deber das institucións para coa sociedade; é un síntoma, ademais, de boa saúde democrática e ten que entenderse como un dereito individual que goce de amparo por parte dos entes públicos galegos e de protección xurídica por parte dos tribunais. Os socialistas entendemos que dende o Goberno galego teñen que impulsar e axudar a esas mozas e mulleres galegas a acceder ás disciplinas deportivas que



sexan do seu agrado para que poidan practicalas en condicións de igualdade, e todo iso sen sufrir ningún tipo de discriminación, como existe na actualidade.

En relación coa proposición de lei, tamén engloba a diversidade. E nós defendemos que a maioría dos delitos de odio —máis do 20 por cento— teñen a LGTBIfobia como causa, e nos espazos deportivos, ademais, as últimas enquisas din que son un foco para este tipo de agresións físicas, ameazas ou insultos. Entón, nós cremos que isto fai que moitas persoas LGTB sintan o deporte como un espazo hostil no que non teñen cabida e que decidan non formar parte do mundo do deporte. Nós cremos que a Xunta, como administración competente, tamén debe impulsar e garantir o respecto e a igualdade no eido deportivo a través de políticas de prevención, e iso pasa tamén por unha modificación normativa. Para isto a Xunta fixo hai un ano un Decálogo pola igualdade LGBTI no deporte, elaborado pola Secretaría Xeral de Deportes e o Observatorio Galego, que é un catálogo con ilustracións moi bonitas e didáctico; pero a medida [...] ¿é a única medida para loitar contra a LGTBIfobia no deporte? Pois non, non é suficiente, porque estas dez premisas sensibilizarán a quen as lea, pero pouco máis. Ten que ser complementado, como dicía, por unha modificación normativa e complementado tamén, como ademais di o propio Decálogo, con protocolos específicos. Di o propio Decálogo no seu punto 6 que sería recomendable contar con protocolos.

E unha partida orzamentaria para políticas LGTB por parte da Xunta de 48.000 euros para colaborar con asociacións, para o Observatorio, etcétera é unha partida irrisoria. Con isto non se pode facer moito.

Polo tanto —e xa conclúo—, os socialistas entendemos que o deporte e a actividade física son unha ferramenta de transformación social; son un espazo de socialización que permite difundir valores éticos como o respecto, a liberdade e a diversidade, fundamentais para o desenvolvemento cívico e integral das persoas.

En definitiva, todos estes aspectos que se conteñen nesta proposición de lei son aspectos que tamén trouxemos dende o Grupo Socialista en forma de proposicións non de lei a este Parlamento, pero faltan algúns, que nós cremos que tamén son importantes.

Polo tanto, imos votar a favor desa toma en consideración para que, no caso de que siga adiante esta lei, poidamos complementala vía emenda para facer unha lei adaptada ao século XXI, unha lei adaptada ao século XXV e á normativa estatal, que por agora a normativa galega quedou moi obsoleta e dista moito de buscar unha práctica deportiva igualitaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.



Señor Suárez, eu si vou falar de deporte e de igualdade no deporte.

A Lei do deporte en Galicia, a Lei 3/2012, do 2 de abril, é a base legal de anos de desenvolvemento deportivo e de crecemento do ecosistema do deporte na nosa comunidade autónoma. A lei reconece no seu artigo 2 a consideración da utilidade pública do deporte, de acordo coas especiais funcións que o deporte desempeña na sociedade, e en especial nos ámbitos da educación, a formación e a cultura, na mellora da súa saúde pública, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto polo medio ambiente. Ademais, esta lei reconece no seus artigos 3 e 5 o dereito de todos os cidadáns a coñecer e practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática en termos de igualdade e sen discriminación ningunha, así como no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitar calquera elemento de discriminación directa ou indirecta.

Pola súa banda, a Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes, que non votaron a favor nin Partido Socialista nin Bloque Nacionalista Galego, adica os artigos 71 e 72 especificamente á igualdade no deporte, e o artigo 178 recolle a creación do Observatorio da Imaxe da Muller, que será un órgano transversal e, polo tanto, coa actuación tamén do deporte feminino. A Lei 7/2023, da que estamos falando, inclúe tamén un capítulo relativo á igualdade de xénero en medios de comunicación.

A aposta do Goberno pola igualdade en todos os ámbitos queda de manifesto na propia estrutura do Goberno cunha dirección específica de promoción da igualdade e outra de loita contra a violencia de xénero; a nivel orzamentario, multiplicando por 3 os orzamentos que tiñan Bloque Nacionalista Galego e PSOE, e a nivel lexislativo, tendo a lexislación máis avanzada de todo o Estado. E reconece tamén a transversalidade que se aplica en todas as áreas do Goberno.

Polo que respecta ao deporte feminino, señor Suárez, ímoslle dar algúns datos —efectivamente, como vostede di, algúns datos que están publicados e que, por tanto, son oficiais—. Co desenvolvemento das actuais políticas deportivas autonómicas Galicia vive un crecemento en todos os seus ámbitos, tanto no número de persoas que practican deporte como no número de mulleres que o fan. (*Aplausos.*) Miren, en 2009 as licenzas deportivas femininas representaban en Galicia o 18 por cento sobre o total, e no ano 2024 representan o 26 por cento. Pero é que, ademais, se duplicou o número de mulleres que teñen licenzas deportivas federadas; ademais, nun ano, no 2024, no que en Galicia hai máis de 319.000 licenzas federativas, o que supón o 11,1 por cento da poboación, tres puntos máis que na media española. Un logro, polo tanto, da actividade deportiva no seu conxunto e, de forma particular, no deporte feminino, que medra día a día e na que teremos que seguir traballando —claro que si— para que chegue a ese 50 por cento.

Pero está demostrado que as medidas que se veñen tomando si son efectivas, como se demostra tamén, por exemplo, na alta competición. Para o caso concreto de deportistas galegas de alto nivel, houbo tamén un forte crecemento, multiplicáronse por 5 dende o 2011 os deportistas galegos no seu conxunto de alto nivel. Pero é que, polo que respecta ás mulleres, se pasou de 95 deportistas de alto nivel no 2011 a 680 no ano 2024. (*Aplausos.*) É dicir, pa-



samos dun 28,5 por cento ao 41,3 por cento, señor Suárez. Temos neste momento un 41,3 por cento de mulleres deportistas de alto nivel do conxunto de deportistas. E destacamos que a representación de xuíces árbitras de alto nivel é superior en mulleres que en homes: 14 mulleres e 9 homes.

Polo que respecta ao deporte en idade escolar, na tempada 2023-2024, arredor do 50 por cento de nenas e nenos comprendidos entre os 6 e os 16 anos teñen algunha licenza deportiva federada. É verdade que o 34 por cento eran mulleres e o 66 por cento nenos, pero incrementábase cada ano o número de mulleres, de nenas, igual que se incrementa cada ano o número de nenas e nenos que participan no deporte escolar, que supera xa o 60 por cento de todos os nenos nesa idade. E hai que dicir que na participación do deporte escolar o 48 por cento son mulleres e o 52 por cento son nenos. Polo tanto, é unha participación practicamente igualitaria.

Nos últimos Xogos Olímpicos e Paralímpicos, a participación de deportistas galegos foi igualitaria entre homes e mulleres: dos 46 deportistas que participaron, 23 foron mulleres e 23 homes. Quero poñer en valor estes resultados e dicir que son froito do traballo diario dos axentes deportivos galegos, pero tamén produto dos programas de actuación da Administración autonómica, como poden ser, entre outros, o Plan de patrocinio dos equipos de alta competición, o Plan de patrocinio dos equipos de alta competición femininos, a campaña «Non á violencia de xénero» ou o Plan Corresponsables. E aquí quero pararme un momento. O Plan Corresponsables ten para as actividades deportivas uns 400.000 euros este ano, e resulta que o Goberno do Estado, cando xa estaban os acordos asinados, o reduce o 25 por cento. O Goberno do Estado recorta o 25 por cento das axudas en igualdade para o Programa Corresponsables. Chama a atención que o Bloque Nacionalista Galego non alzase a voz ante un recorte para medidas en políticas de igualdade; igual que chamou moitísimo a atención que o Bloque Nacionalista Galego non alzase a voz cos carteis machistas da CIG contra a conselleira de Política Social e Igualdade; igual que chamou a atención cando vimos escrito que a UPG pensa que hai que redefinir o seu feminismo, o feminismo da UPG e do Bloque Nacionalista Galego; ou igual que chamou muchísimo a atención cando vimos nas listas electorais de Coles un señor que fora condenado por abusar sexualmente dunha nena e que estivera na cadea. (*Aplausos.*)

Pero, sen dúbida, o que máis sorprende de todo —é que non nos deixamos de sorprender cada día co feminismo do Bloque Nacionalista Galego— é como segue apoiando o Goberno de Sánchez, a pesar de que ese goberno, que se definía como o máis feminista da historia, está absolutamente acorralado pola corrupción sexual, a corrupción política e a corrupción económica, que merca coas mulleres e que tiña un señor ao que ía encumbrar. E agora soubemos que o señor Sánchez había anos que xa sabía das súas condutas coas mulleres e mesmo algúns medios xornalísticos aseguran que xa tiña esa denuncia nos canais internos do partido e que non lle fixera nin caso. (*Aplausos.*)

Pero, señorías do Partido Popular, onte saímos de dúbidas. Onte soubemos por fin por que o BNG segue apoiando a Sánchez. Ségueno apoiando —segundo din eles mesmos— porque «aínda queda moito por cumprir do acordo de goberno para poñer a Sánchez na Moncloa». (*Aplausos.*) ¡Por iso, señorías! ¡Pois claro que si! Queda tanto sen cumprir que non se cumpríu



nada; cumpriuse cero no ano 2020, cumpriuse cero do acordo do ano 2023... Non se cumpriu nada, e tampouco para medidas de igualdade. Señorías, non se cumpriu nada, e con esas ameazas nada se vai cumprir. As risas na Moncloa polas ameazas do BNG aínda se escoitan hoxe en Galicia; risas da Moncloa que son iguais á preocupación das galegas e dos galegos. ¡E logo aínda se estrañan de que non lles dean o voto! ¿Pero como llelo van dar, señorías? ¿Como llelo van dar? (*Aplausos.*)

E miren, con respecto á igualdade no deporte, no colectivo LGBTI, Galicia é a primeira comunidade española que tivo unha lei específica para este colectivo que inclúe tamén medidas para o deporte. Aquí falou a señora Castro do Observatorio, efectivamente, e do Decálogo. Ese decálogo é unha medida máis, unha medida que se presentou, e tamén a do Observatorio, onde se están a presentar e a estudar as medidas para a igualdade e a non discriminación deste colectivo, con medidas específicas tamén no ámbito do deporte.

Polo que respecta ás informacións nos medios de comunicación públicos, quero dicir que temos unha corporación, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia —ata hai pouco a CRTVG—, que xa leva seis anos consecutivos sendo distinguida polo indicador Ardán como empresa igual en xénero do Consorcio da Zona Franca de Vigo. Ademais, promove dende hai tempo unha verdadeira cultura do deporte feminino, coa cobertura de toda a actualidade que xeran as deportistas galegas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: O 2024 foi o ano con máis contidos de deporte feminino nos informativos, tamén nas reportaxes, na cobertura dos Xogos Olímpicos ou na programación da G2 e da plataforma dixital AGalega.gal, onde houbo 51 retransmisións deportivas de deporte feminino. Un ano máis, a TVG emitiu os partidos de fútbol sala feminino da máxima categoría, tamén de balonmán feminino...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...tamén de hóckey... En definitiva, non me queda tempo para seguir avanzando nestas medidas.

Quero dicir simplemente, señor Suárez, que a min me parece que, cos antecedentes que vostedes están tendo ultimamente, a presentación desta iniciativa só pode responder a dúas cousas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...—si, remato—: ou a unha cortina de fume ou a que vostedes non se enteran do que pasa en Galicia...; (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...calquera das dúas ou as dúas xuntas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da proposición, o señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Agradecemos o apoio do Partido Socialista.

¡En fin, é o que hai! ¡Non hai maneira! Isto non ten nin xeito nin maneira. Incluso cando damos os datos claros aquí de que hai que avanzar, pois non están dispostos. ¡Non están dispostos a avanzar! ¡En fin...!

Dicía agora a señora Arias: vostedes non se enteran do que pasa en Galiza. ¿Sabe quen non se enteraba do que pasaba en Galiza? O Consello da Xunta, aparentemente, que tiña un presunto agresor sexual sentado no Consello da Xunta e non facían absolutamente nada. (Aplausos.) ¡Estes si que non se enteraban de nada!, nin vostede nin ninguén, polo visto.

Aquí viñamos falar de deportes e acabou falando de todo, dos pelos das gambas e de absolutamente todo... En fin, ¡que lle imos facer! (Murmurios.) Agora volvemos coa máquina da lama e coa cuestión da condena: ¿condena o no condena?, ¿condena o no condena?, ¿condena o no condena?... Pois mire, voulle dicir, si, os audios do Partido Socialista son repugnantes, lamentables; completamente repugnantes. Efectivamente, nós condenámoslos con toda a nosa enerxía, si. Imos ver se condenan vostedes o seu deputado no Parlamento de Estremadura, Bibiano Serrano, que dicía que o problema non é a prostitución, que ir de putas é o normal; que o problema é que o pagan con cartos públicos. Isto díxoo un deputado seu no Parlamento de Estremadura. ¿Condena ou non condena? ¿Condenan ou non condenan? (Aplausos.)

¿Condenan a ultradereita de Vox, que nega que haxa violencia machista e que din que o condenan coa violencia doméstica?, ¿condenan ou non condenan? Pero é que se nos imos a «¿condena ou non condena?, ¿condena ou non condena?... Si, nós condenamos. ¿E vostedes? Se teñen deputados no Parlamento de Estremadura que din que o problema non é a prostitución, senón que é pagalo con cartos públicos, ¿condenan ou non o condenan? Bueno, teñen aquí unhas cantas intervencións ao longo do pleno de hoxe para dicir algo. Veremos se din algo. ¡En fin...!

O Partido Popular reconece aquí na tribuna que, efectivamente —literalmente—, claro, «teremos que seguir traballando». Recoñecen que hai que seguir traballando, pero non están dispostos a traballar, non están dispostos a reformar a Lei 3/2012 para corrixir estas deficiencias. Recoñecen que hai un cuarto de mulleres —só un cuarto de mulleres— a respecto do total de persoas federadas en Galiza, pero está todo ben, vivimos no mundo do chupachups e da piruleta. ¡Moi ben!

Falou vostede tamén do alto rendemento, o cal me parece curioso, estando a situación como está do alto rendemento en Galiza. As deportistas de alto rendemento neste país triunfan a pesar de vostedes, ¡a pesar de vostedes! En pleno 2025 Galiza aínda non conta cun centro galego de alto rendemento —en 2025!—. Conta cun centro de tecnificación —que non chega—, altamente infradotado.



Se falan de alto rendemento, terán que falar de piragüismo, que é o deporte rei neste país. Galiza é o país do mundo onde máis piragüistas per cápita hai, e somos o país máis laureado —ou un dos máis laureados— do mundo, con múltiples medallas olímpicas. A Federación Galega de Piragüismo —e cito textualmente— fala de vostedes como obstáculo ao alto rendemento e á competición deportiva. Di que a Xunta de Galicia é un obstáculo. ¡Díó a Federación Galega de Piragüismo! ¡E vostede vén aquí falar de alto rendemento...! ¡Home, por favor!

En fin, van votar vostedes que non, coma sempre, porque están abrazadísimos ao non; encántalles votar que non absolutamente a todo. Votarán que non, por tanto, a promover unha representación equilibrada entre homes e mulleres en todos os órganos deportivos dependentes da Administración pública; á creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte; a garantir os dereitos laborais de todas aquelas mulleres que desexen exercer a maternidade; tamén a que as federacións deportivas galegas realicen un informe anual en materia de igualdade; a que se realicen estudos estatísticos sobre roles; á situación económica, profesional e deportiva das mulleres e de persoas LGBT no deporte galego; ao impulso das seleccións galegas femininas en todas as categorías... É dicir, van votar que non absolutamente a todo, porque é o que queren. É o que queren: seguir máis ou menos como están; é dicir, recoñecen que hai que seguir traballando, pero non están dispostos a traballar.

En fin, eu o que lles pediría, señorías do Partido Popular, é que recapacitasen; que recapaciten, porque este país necesita actualizar a súa lexislación e traela ao ano 2025. O deporte galego mudou moitísimo nestes últimos trece anos, e o deporte do 2012, tanto o deporte feminino como todo o deporte en xeral, non é o mesmo que o do 2025, e, por tanto, as leis, as leis dun país, teñen que acompañar a sociedade e non ser un lastre para a propia práctica deportiva.

Así que eu lles pediría que se deixasen de abrazar á extrema dereita, que se deixasen de abrazar a presuntos agresores sexuais que se sentaban no Consello da Xunta e que se abrazasen ao progreso e ao presente. Recapaciten, porque, cando recapacitan, é cando vostedes acertan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición de lei, ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Pois moitas grazas.

Grazas, señor presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

A sanidade pública é, sen lugar a dúbidas, un dos logros colectivos da democracia e do Estado de benestar, e hoxe, ao noso xuízo, está en perigo. Dúas leis foron fundamentais para o noso



país: a Lei xeral de sanidade do Estado, que se impulsou alá polo ano 1986 por un goberno socialista; e a Lei de saúde de Galicia no ano 2008, que impulsou tamén outro goberno socialista, o Goberno de Pérez Touriño.

É certo que aquela lei do ano 2008 hoxe se atopa claramente desfigurada polas sucesivas modificacións que sobre ela fixo o Partido Popular de Galicia durante estes dezasete anos. Algunhas destas mudanzas están probablemente na raíz da situación actual, cun sistema sanitario máis debilitado do que debería. Nós, os e as socialistas, o que pretendemos con esta proposición de lei é corrixir esa situación, porque a política, no fondo, consiste en converter os dereitos recoñecidos nas leis en realidade concretas. En Galicia iso non está a suceder. As políticas sanitarias en Galicia dos últimos quince anos foron notablemente prexudiciais para o sistema, especialmente para a atención primaria, ás veces de maneira sutil, como afastar os profesionais da primaria da toma de decisións na xestión da sanidade, e outras veces dunha forma máis directa, como o empobrecemento das condicións laborais dos profesionais ou a renuncia a convocar prazas MIR —200 perdidas nos últimos quince anos—. Pero, con todo, a cidadanía sabe valorar o esforzo do persoal sanitario, que é o que realmente está sostendo o sistema.

As consecuencias das políticas do Partido Popular pódense resumir en dous grandes desequilibrios que foron minando a sanidade pública galega.

Un primeiro desequilibrio é o desequilibrio territorial: reduciuse progresivamente o investimento e a atención nas zonas máis afastadas dos grandes núcleos urbanos. A sanidade pública deixou de ser un servizo próximo e universal para converterse cada vez máis nun sistema centralizado, orientado claramente soamente cara aos grandes hospitais. E isto foi en detrimento da capilaridade do sistema, que precisamente era unha das súas principais virtudes. Mentres a sanidade debiera ser —porque xa o era— un servizo tremendamente próximo, hoxe en Galicia hai concellos que deberían ter pediatra pero hai moito tempo que non o teñen e hai concellos que cando o médico está de baixa ou de vacacións nunca se substitúe. Por exemplo, en concellos como Aguiño, que deberían ter dous médicos, houbo semanas cun só, ou incluso con ningún. Ou no Grove, o verán pasado, onde deberían ter seis profesionais, houbo apenas un ou dous. E o mesmo en Outes, en San Cibrao, en Cervo ou en Viveiro. En toda a xeografía de Galicia acontecen estas situacións. O Colexio Médico de Ourense cifra en 150 prazas as que están sen cubrir na provincia, e en Pontevedra falan dun centenar. Esa é a Galicia real, a que non sae nos anuncios da Xunta de Galicia, pero é a Galicia do recorte e da desorganización.

Un segundo desequilibrio, ademais do territorial, é o vertical dentro do propio sistema. Mentres se reforzaban os hospitais, debilitábase a atención primaria, que pasou a ser tratada como un nivel asistencial de segunda categoría, e os recursos foron derivando cara ás estruturas hospitalarias, ás veces por razóns que pouco teñen que ver cos criterios asistenciais e moito con lóxicas políticas ou económicas. Un dos fitos deste retroceso foi a supresión das xerencias de atención primaria no marco da creación das estruturas de xestión integradas en 2012. Aquel modelo que prometía eficiencia acabou por anular a autonomía da atención primaria. Desapareceu a voz propia da atención primaria; esa voz propia nas estruturas de decisión, nos orzamentos, nos plans estratéxicos, e pasou a ser xestionada dende os despa-



chos dos hospitais por persoas moitas veces alleas á súa realidade cotiá; e así progresivamente, durante estes dezasete anos, foi perdendo peso, recursos e dignidade. Hoxe a atención primaria está infrafinanciada, infradotada e mal organizada; e iso non é casualidade, é a consecuencia directa dunhas determinadas políticas do Partido Popular na Xunta de Galicia nos últimos anos.

Imaxinemos unha médica e unha enfermeira de atención primaria que teñen un xornal no centro de saúde e ven como se inaugura un novo acelerador lineal nun hospital de referencia con máis tecnoloxía, máis investimento e maquinaria, pero que tamén ven que ese centro de saúde segue utilizando un espirómetro de hai vinte anos. Cambiáronlle a impresora cinco ou seis veces, pero o aparello co que diagnostican segue igual. A realidade é que a desmotivación dos profesionais tamén contribúe a empeorar a calidade da atención, porque hoxe hai médicos e médicas que atenden 50 ou 60 pacientes ao día, e iso son apenas catro minutos por persoa. Así, dende logo, non se pode dar unha boa atención de calidade. E todo isto repercute directamente na cidadanía: máis días de espera, consultas máis curtas, falta de continuidade asistencial... Hoxe non é raro ter esperas de 7, 10 ou 15 días para conseguir unha cita coa médica de cabeceira, cando todo o mundo recorda —e non hai moito tempo— que iso non acontecía.

Por iso, hoxe as socialistas presentamos unha proposición de lei, porque cremos que é necesario marcar un punto de inflexión. Queremos transformar a atención primaria e garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en tempo e en forma; non pode haber unha sanidade pública de calidade se a porta de entrada está rota. ¿Por que hai límites de espera establecidos por lei para a atención hospitalaria, consultas, probas, cirurxías..., pero non para a atención primaria? A resposta creo que é clara: porque a atención primaria non está dentro das prioridades do Goberno da Xunta de Galicia; non lles importa. E antes, cando funcionaba mellor, parecía que non era necesario lexislar sobre esta cuestión, pero agora si o é, porque os dereitos, cando non se garanten, hai que blindalos por lei. *(Aplausos.)*

En primeiro lugar, o que pretendemos con esta proposta é concretar un compromiso claro do sistema sanitario e garantir en atención primaria unha asistencia médica nun prazo máximo de 48 horas. Non estamos falando dunha utopía, senón dunha realidade que xa existía hai non tantos anos; é perfectamente posible conseguilo se hai vontade e organización. A situación actual é tan absurda como inxusta: se dúas persoas padecen unha gripe forte e unha delas opta por acudir á sanidade privada mentres a outra recorre á pública, o máis probable é que cando a primeira estea xa rematando o tratamento, a segunda aínda non teña sequera nin cita asignada. Iso non ten xeito, non admite ningunha xustificación. Sen ningunha dúbida, a sanidade pública galega conta cun cadro profesional de altísima calidade, con persoas comprometidas que ofrecen unha atención difícil de superar —hai que dicilo—, pero o problema porén é que cada vez máis a evidencia está presente: custa cada vez máis chegar a eses profesionais. A calidade está dentro, pero o acceso está roto, e iso é responsabilidade única e exclusivamente de quen xestiona; é como ter un Ferrari aparcado na porta dunha casa: tes cun vehículo potente, ben construído, preparado para o mellor rendemento, pero sen as chaves. Ter profesionais excelentes e recortar nos recursos ou organizar mal o sistema é exactamente iso, un luxo desaproveitado, un servizo colapsado por falta de adecuada planificación.



Agora ben, se falamos de establecer por lei un tempo máximo de espera para a atención primaria, hai que facelo, loxicamente, con coidado, porque —¡ollo!— a regulación actual, que establece tempos máximos para consultas, probas ou cirurxías hospitalarias, chegou cunha trampa agochada —e convén lembrar isto—. Esa normativa incorporaba a posibilidade de que, se non se cumprían os prazos establecidos, o sistema puidese derivar directamente pacientes á sanidade privada. Así se explica que, canto máis tarda o público, máis se favorece o privado. Este é un modelo perverso que non busca resolver o problema, senón trasladalo; un auténtico bingo para o Partido Popular: recortar nun lado e beneficiar o outro, e así pasa o que pasa. Temos exemplos claros e recentes: asináronse acordos para derivar pacientes da sanidade pública de Ourense cara a clínicas privadas de Vigo, todo a plena luz, sen disimulo, ensinando *a patita*; un modelo de concertación que funciona como un desvío encuberto de recursos públicos cara ao negocio privado.

Pois ben, nós negámonos rotundamente a seguir ese camiño, por iso deixamos claro nesta proposición de lei que non se habilitará a atención a través de clínicas concertadas como alternativa á atención primaria pública. O obxectivo non pode ser outro que reforzar o sistema público, non hai outra.

¿E que facer, entón, nos centros onde non se cumpre con ese prazo de 24 horas? Pois, en primeiro lugar, avalialos, saber exactamente onde está o problema. Iso permitiranos actuar con intelixencia e priorizar a asignación de recursos. E isto tamén está recollido na propia proposta: os centros que teñan máis dificultades para cumprir o prazo deben ser identificados e considerados como prioritarios na planificación do sistema. É algo tan lóxico como necesario. ¿Que permitirá todo isto? Pois algo fundamental: establecer un número máximo razoable de consultas diarias por cada profesional de atención primaria, porque hoxe hai médicos que atenden 40, 50 ou mesmo 60 persoas nun só día, e iso supón, na práctica, catro minutos por paciente; catro minutos para escoitar, diagnosticar, decidir e informar. Xa recordamos que a canción dicía «*a vida é eterna en cinco minutos*», pero para unha consulta médica catro minutos non chegan nin para comezar.

¿E como se afrontan os cambios necesarios para reverter esta situación? Hai un primeiro paso imprescindible: recoñecer por lei o dereito da cidadanía a ser atendido en tempo e forma. Ese recoñecemento non pode ser só simbólico, ten que vir acompañado de recursos, de estrutura, de planificación e, sobre todo, de vontade política. Tamén é necesario mellorar a organización, e para iso temos que recuperar a capacidade de decisión no ámbito da atención primaria, que foi completamente desmantelada coa reforma do 2012. Por iso, unha das medidas centrais da proposta tamén é a recuperación das xerencias de atención primaria. Queremos que volvan existir espazos nos que os centros de saúde poidan decidir sobre o seu funcionamento, algo tan revolucionario que, ao mesmo tempo, é tan lóxico como que os profesionais decidan sobre o que acontece nos seus centros. E por suposto isto tamén implica incrementar o número de profesionais, pero facelo cunha visión claramente estratéxica. Non abonda con contratar máis médicos e médicas, hai moitas outras categorías profesionais ás que Galicia non lles prestou a atención debida. Temos que superar ese modelo tradicional médico-enfermeiro, médica-enfermeira, que puido ser suficiente nos anos oitenta ou incluso nos noventa, pero que hoxe non cobre as necesidades reais que ten a poboación no noso país. Precisamos fisioterapeutas, nutricionistas, matronas, profesionais de saúde men-



tal e moita máis enfermería comunitaria, que é unha peza esencial para unha atención primaria moderna, preventiva, integral e próxima. Non se pode seguir mirando cara a outro lado mentres hai centros sen cobertura nestas áreas.

Hai máis propostas nesta iniciativa lexislativa, todas orientadas a revalorizar a atención primaria e a devolverlle o papel central que lle corresponde dentro do propio sistema sanitario público: protexer o labor dos profesionais, darlles autonomía real e reforzar o catálogo de probas dispoñibles. Todo iso está incluído, porque non se pode seguir tratando a atención primaria como un recurso subsidiario ou como un procedemento de segunda.

Incorporamos tamén unha cuestión importante, que é que os equipos dos PAC estean sempre completos. Non podemos normalizar que haxa menos enfermeiras que médicas ou que os equipos funcionen con constantes desaxustes. Esa desorde tamén responde a decisións políticas ou á deixadez na planificación, e iso ten consecuencias directas na calidade da atención urxente, fóra dese horario habitual dos propios centros de saúde.

En definitiva —e vou rematando—, estamos ante unha proposta ambiciosa, pero sensata, ante unha proposta que busca ampliar dereitos, mellorar a organización e sentar as bases dun modelo de atención primaria que sexa eficaz, próximo e humano. ¿Que pedimos? Que o Goberno da Xunta asuma compromisos reais coa cidadanía. ¿Como? Recoñecendo dereitos básicos por lei. ¿É posible? Sen dúbida, xa funcionou antes. ¿E que fai falta? Vontade política e convicción de que isto é o correcto e o que temos que facer. Eu estou convencido de que autoexixirnos no funcionamento da sanidade pública é o camiño para fortalecela, porque a sanidade pública foi e debe seguir sendo un dos grandes logros sociais deste país. Iso é o que defendemos, porque hoxe do que falamos aquí é do máis prezado que temos todos nós: a nosa saúde; e eu espero que os e as membros desta Cámara esteamos á altura porque hai moito en xogo.

Galicia merece, sen lugar a dúbidas, unha sanidade pública forte, digna e, sobre todo, accesible, e eu creo que este é o camiño para conseguilo.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (Pausa.) (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de palabra.)
Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Creo que é unha constatación que a destrución da sanidade pública e a súa conversión en negocio para as empresas privadas é un obxectivo político primordial emanado das políticas



neoliberais, ás que o Partido Popular, evidentemente, serve convenientemente e está totalmente abrazado. E o neoliberalismo económico practicamente impón que a sanidade sexa un ben de consumo máis, como calquera outro: deixar a sanidade en mans do libre mercado, igual que o resto da economía. Mais logo si que usan os gobernos para que se regulen os intereses das grandes empresas do neoliberalismo; algo que non hai tanto tempo parecería unha aberración, case unha distopía e que agora se está a converter nunha realidade que pretenden que aceptemos con normalidade. É que esa é a gran cuestión, é unha realidade que empeora día a día; é a realidade dunha sanidade pública cada vez con menos capacidade de atender os galegos e as galegas. Pero o único obxectivo do Partido Popular é que aceptemos como normal esa situación. Todos os esforzos están en que «isto é o que hai» e en que non podemos facer nada porque a culpa é de calquera menos do Goberno que ten as competencias, que é o Goberno da Xunta, que parece que hai que lembrar que está en mans do Partido Popular; é o Partido Popular o que ten a responsabilidade de planificar, de organizar, de poñer os recursos e de cumprir o que pon a lei, que é velar pola asistencia sanitaria dos galegos e das galegas. Pero paréceme que iso non o entende o Partido Popular.

E, claro, aquí, en Galiza, ese neoliberalismo non fai cruzadas como nos Estados Unidos, por exemplo, onde din que destinar recursos á sanidade pública é algo así como un brutal comunismo, e acabamos de ver como acaban de aprobar aínda leis que quitan dereitos sociais a mansalva, ¿non? Ese é o neoliberalismo que, evidentemente, partillan. Aquí non fan esas cruzadas, porque sería un pouco burdo, pero o que si fan é facelo pinga a pinga; pinga a pinga, cada día hai menos recursos, cada día hai menos profesionais e cada día hai peor sanidade pública, para que pareza que é un camiño irremediable.

Polo tanto, non investiron suficientemente. Teño que lembrar que desde o ano 2009 ao ano 2025, con que invetsen o mesmo do ano 2009 —só con investir o mesmo do ano 2009; xa non que fosen aumentando, senón con investir o mesmo—, terían que ter investido 2.000 millóns de euros máis en atención primaria que o que fixeron, ¡2.000 millóns! Digo que pode parecer calderilla, pero é unha cantidade realmente importante.

E eu creo que hai outra cuestión que coido que é importante lembrar, e é que a atención primaria —e vou estar en desacordo co señor Besteiro— non é a porta de entrada. Non, xa está superado que sexa a porta de entrada. A atención primaria é o elemento fundamental do sistema sanitario. (*Aplausos.*) É un elemento fundamental do sistema sanitario, porque todos os informes e estudos determinan que entre o 80 e o 90 por cento dos procesos de saúde se resoven en atención primaria. Despois, desgraciadamente, hai persoas que necesitan ir aos hospitais para determinadas cousas, pero a maioría dos procesos de saúde resólvense en atención primaria. Pois, sendo isto así, a realidade é que, logo, é a irmá pobre da sanidade pública, é a onde se destinan menos recursos e é onde se fan máis recortes. E os datos son elocuentes. As políticas sanitarias do Partido Popular referidas a sanidade nos últimos dezaseis anos deixan a atención primaria secundarizada, desprestixiada e minusvalorada, con listas de espera para a atención nos centros de saúde dunha semana, de quince días, de vinte días ou dun mes. Hoxe, se sacásemos aquí o listado de centros de saúde onde ter unha cita para o médico de familia supera as dúas semanas, sería bastante difícil, dende logo, nomealos porque non me chegaría o tempo. Esa é a realidade que nos queren converter en normal.



E o Goberno do Partido Popular o que fixo foi da precariedade unha constante a base de recortes e máis recortes. Fixo que esteamos á cola en investimento en atención primaria. Só está por detrás Madrid —evidentemente, non é exemplo de nada, absolutamente, Madrid— Pois só está por detrás Madrid. E iso que hai outra cuestión que hai que constatar, e é que o Partido Popular pon unhas cousas no orzamento, unhas partidas, que logo, evidentemente, non cumpre.

E aí está o último Informe do Consello de Contas referido a atención primaria do ano 2023, onde di que do orzamento destinado a atención primaria quitaron máis de 170 millóns de euros para outras cuestións. Aí está a realidade das modificacións de crédito permanentes, onde aparecen modificacións de crédito que se sacan aínda deses reducidos orzamentos de atención primaria cara a outros fins. As consecuencias son evidentes, como que, en *ratios* de enfermía por doentes, só está por detrás de nós Murcia; en investimento, só está por detrás de Madrid, gobernada polo Partido Popular, e, en *ratios* de enfermía, só está por detrás Murcia, gobernada polo Partido Popular.

A realidade da atención primaria é que hai máis de 200 concellos onde non hai nin un só pediatra, fundamentalmente concellos rurais, mais non só. Hai máis de 11.000 nenos e nenas que non teñen asignado pediatra e miles de galegos e galegas que non teñen asignado médico de familia.

Se vostedes saen á rúa, se poñen nas portas dun centro de saúde e lle preguntan á xente, daranse conta de cal é a realidade; de que non é só que tarden en ter cita, senón que a moitísimas persoas, cada vez que van, as atende un profesional distinto, e iso non é calidade asistencial, porque nin as persoas, os galegos e as galegas, coñecen os profesionais, nin os profesionais os coñecen a eles, e cada vez empezan de cero o seu proceso de saúde. ¿Cal é consecuencia? Mala atención sanitaria e que se chega tarde aos diagnósticos, ¡que se chega tarde aos diagnósticos! (*Aplausos.*) ¡Esa é a realidade!

Podíamos seguir falando de cal é a situación, de cal é a situación este verán, onde todo isto que estamos describindo se vai multiplicar. ¿Por que? Porque menos profesionais van ter que atender moita máis poboación, toda a que vén de fóra, e iso tradúcese en peor atención.

Polo tanto, nós, o BNG, hoxe vai votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei do Partido Socialista, mais, se se toma en consideración... Ben, eu a verdade é que teño poucas expectativas de que así sexa, porque o Partido Popular votou en contra de propostas que o BNG ten traído aquí, a este Parlamento, para mellorar a atención primaria: votou en contra de que se aumentase o orzamento ata chegar ao 25 por cento —que é o que establecen todas as organizacións, empezando pola Organización Mundial da Saúde—, votou en contra de reducir a precariedade, votou en contra da creación de equipos multidisciplinares, votou en contra de que os nenos e as nenas teñan o dereito a ser atendidos por pediatras...; votou en contra absolutamente de todo.

Nós imos votar a favor desta iniciativa, na que introduciríamos, dende logo, bastantes emendas. Porque eu estou de acordo co señor Besteiro en que é necesario non lexitimar a derivación á sanidade privada, como establece a Lei de garantías, aprobada en solitario polo Partido



Popular, pero nesta proposta que trae o Partido Socialista non hai nada referido a iso. Eu o que digo é que haberá que poñelo vía emendas, e o BNG teno solicitado.

No punto 4 do artigo 7, que é a nai do año desa Lei de garantías, onde se establece que hai un tempo máximo de espera, tamén hai que dicir: para patoloxías establecidas nun listado de prioridade 1 e 2. No resto non hai esa prelación, pode durmir o sono dos xustos nun caixón. O resto das patoloxías non teñen dereito, pero que aí diga que, se non te atenden nese prazo, ti podes ir a un centro privado, que cho paga convenientemente o Sergas. Entón, iso hai que modificalo, pero non está nesta proposta que hoxe trae aquí o Partido Socialista.

Nin tampouco está a recuperación das xerencias de atención primaria, que o BNG ten reclamado en múltiples ocasións. Debe estar así: recuperación das xerencias de atención primaria. Porque é necesario que este nivel asistencial prioritario teña capacidade resolutiva propia. E esta proposta que trae o Partido Socialista di que hai que tender á non segmentación e demais, pero hai que poñelo con nomes e apelidos: hai que recuperar as xerencias de atención primaria. Igual que o BNG reclama recuperar as áreas sanitarias, que foron suprimidas, porque vemos as consecuencias de perder esa consideración de áreas sanitaria. Estámolo vendo na Mariña, estámolo vendo en Monforte, estámolo vendo en Valdeorras, no Salnés, en Cee... Estamos vendo cal é a situación dos hospitais comarcais e as súas consecuencias en atención primaria por non ter esa capacidade de ter xerencias propias.

Igual que estamos de acordo en que ten que haber equipos completos nos PAC, pero aquí —debeu ser un lapso— o Partido Popular chámalle equipos completos xa a un médico e unha enfermeira. Nos PAC tamén ten que haber persoal, celadores ou celadoras ou persoal de servizos xerais, e é imprescindible que sexa así, pero non só un equipo completo, senón os equipos completos necesarios para atender a poboación. *(Aplausos.)* Igual que, efectivamente, hai necesidade de máis persoal.

Polo tanto, imos votar a favor de que se tome en consideración, aínda que introduciríamos emendas. O que é evidente é que a situación da atención primaria en Galiza está nunha situación de tal deterioración e de falta de resposta que, dende logo, merece que por parte do Partido Popular, por unha vez, sexan capaces de asumir a realidade e de non negala.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

Hoxe imos debater unha proposición de lei do Grupo Socialista que, francamente, é o reflexo máis claro da súa desconexión coa realidade da sanidade galega; non só porque non achega solucións reais, senón porque repite punto por punto unha proposta que xa foi rexeitada hai



tres anos, concretamente no Pleno do 4 de abril do ano 2022; punto por punto. Cambia o número de rexistro, cambia o asinante, pero, señor Besteiro, o contido é o mesmo. É un copia e pega sen máis rigor parlamentario nin adaptación a unha realidade cambiante.

E, para maior desconcerto, vai vostede presentala á Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, precisamente a que conta cos mellores datos de accesibilidade na atención primaria. Descoñecemos se estas decisións son erros de falta de planificación ou se, señor Besteiro, alguén lle quere facer a cama malasesorándoo.

En todo caso, se o seu obxectivo era retratar a ineficacia do seu propio grupo, volveron con-seguilo. (Aplausos.)

En todo caso, e por deixar as cousas claras, a sanidade pública galega ten hoxe máis recursos e máis profesionais ca nunca. Conta cunha planificación e cunha xestión que permite garantir unha asistencia de calidade en tempo e forma ao conxunto da poboación en calquera circunstancia. Por darlle datos, o 44 por cento das persoas que piden cita en atención primaria téñena en dous días e o 66 por cento, en catro días. E un dato que é importante: todas as consultas de atención primaria e de pediatría teñen oco para as urxencias; ninguén queda sen atender.

Señor Besteiro, as principais áreas sanitarias —póñolle Vigo, Santiago, A Coruña, Pontevedra— están xerenciadas por médicos de atención primaria. ¿Vostede pensa que estes xerentes, que son médicos de atención primaria, non están capacitados para dirixir o Sistema sanitario galego?

Dende o noso grupo, desde logo, volveremos votar en contra desta proposición porque parte dun diagnóstico errado, evita deliberadamente identificar as causas reais do problema e pretende impoñer medidas que, alén de imposibles, son profundamente demagóxicas. Porque, claro que si, claro que sabemos que temos problemas no sistema público de saúde en todo o país, pero o principal problema que temos, señorías, son vostedes, é o Partido Socialista, co apoio do BNG. (Aplausos.) Ese é o principal problema que temos hoxe no noso país.

Porque si, señorías, todos queremos reducir os tempos de espera, pero vostedes falan de garantir cita en 48 horas en atención primaria, como se só bastase con escribilo nun papel para que se cumpra. Se aprobar esta lei é unha solución máxica, dígame: ¿por que non a aplican vostedes alí onde gobernan? Eu rétoos a que me digan en que comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista vostedes promoveron unha lei destas características. Non poderá dicirme nin unha soa, porque, señor Besteiro, vostede non convence nin os seus en Galicia; está vostede como para facelo con compañeiros doutras comunidades que teñan responsabilidades de xestión. Tampouco aplican esta medida en Ceuta e Melilla, que son responsabilidade directa do Goberno de España; hospitais que dependen directamente do Ministerio de Sanidade.

É máis, son as poucas comunidades autónomas rexidas polo PSOE as que atesouran os peores datos de listas de espera — «dime do que presumes e direiche de que careces» —. Asturias: «Fracaso absoluto de los tiempos de espera sanitarios. Asturias incumple su Decreto de garantías,



que limita las listas de espera. (A señora Amigo Díaz mostra unha fotocopia dunha folla dun xornal.) Non o digo eu, isto está na prensa: «Los pacientes denuncian que el Decreto de tiempos máximos dispara las derivaciones».

E, mire, voulle ensinar outro gráfico: «Las comunidades autónomas con mayor lista...» —isto é de hoxe— «...de espera sanitaria». (A señora Amigo Díaz mostra un gráfico e sinala onde está Galicia.) Aquí está Galicia, que se atopa entre as menores, e no outro extremo esta Cataluña, gobernada polo PSOE, entre as que máis listas de espera teñen. E isto non o di o PP de Galicia; isto está na prensa, son datos do Ministerio de Sanidade. (Aplausos.) (Murmurios.) Vostedes son o problema, señorías, e por iso ignoran ou finxen ignorar que o principal problema que temos é a falta de médicos, especialmente de médicos de familia e de médicos de pediatría, que é un problema non só de Galicia, que afecta todas as comunidades autónomas, e leva anos sen resposta por parte do Goberno central.

Outra aclaración, señor Besteiro: a atención primaria non deriva; en atención primaria non hai derivacións. Aquí estamos debatendo a atención primaria, e nunca se derivou; e non vou entrar nas derivacións, porque nunca houbo tanta derivación á concertada como cando gobernou o Bipartito, ¡nunca!

Mire, levamos sete anos co Goberno socialista de Pedro Sánchez, seis ministros de Sanidade socialistas, e ningún deles foi capaz de impulsar unha solución real ao déficit de profesionais. E, mentres tanto, aquí, en Galicia, a Xunta fai o que está na súa man: estabiliza persoal, crea prazas, mellora condicións laborais e mantén a atención primaria operativa mesmo en zonas de difícil cobertura. Poderían vostedes, por exemplo, recoñecer que Galicia é unha das comunidades que menos persoal tivo que estabilizar tras a nova normativa europea. Mentres que outras comunidades convocaban miles de prazas para cumprir a lei de maneira apresurada, Galicia levaba convocando as OPE de forma regular desde o ano 2012. E, grazas a iso, temos unha das taxas máis baixas de eventualidade e un dos maiores índices de estabilidade na atención primaria. Non se pode falar de precariedade, señorías, cando o 92 por cento dos médicos de familia son fixos. Non hai desprotección, cando se establecen mecanismos para cubrir as ausencias, repartir pacientes, reducir a carga asistencial e mellorar as retribucións, por exemplo. Un médico de atención primaria que cobre vacantes en centros de saúde con pouca cobertura pode ter unha retribución adicional de ata 12.000 euros ao ano.

Mentres que Galicia pon enriba da mesa propostas para atraer profesionais a zonas con dificultade, como é a creación da figura do facultativo especialista en atención primaria ou os concursos de méritos para dar estabilidade inmediata a esas prazas, vostedes, ¿que aportan? ¿Que aportación fan? Votar en contra, tanto o Bloque como o PSOE.

A súa coherencia, señorías, brilla pola súa ausencia. ¿E que propoñen vostedes?, ¿que se garanta un máximo de consultas por profesional? ¡Pero, como queren garantilas sen aumentar o número de médicos, sen cambiar o sistema MIR ou sen pedirlle ao Goberno de España que forme máis especialistas! Aí está a súa responsabilidade. ¿Cando teñen vostedes previsto pedirlle ao Goberno da súa mesma cor política que se formen máis médicos para que nós sexamos capaces de contratalos? A súa proposta, señorías, é puro papel mollado, só pretende aparentar que se fai algo sen resolver nada.



E, para rematar, ocultan con descaro que moitas das medidas que vostedes piden xa están postas en marcha pola Xunta de Galicia.

Miren, señorías, Galicia conta cun catálogo de probas diagnósticas accesibles desde primaria, temos historia clínica electrónica única, temos dermatoscopios, temos ecógrafos intelixentes de última xeración, non aparellos como o que vostede di. Ten un descoñecemento total, señor Besteiro. Os centros de atención primaria incorporan innovación e reorganización dos recursos para garantir a mellor asistencia. E para quen diga que hai atrasos inasumibles, remítome aos datos que lle dei ao principio: o 44 por cento dos pacientes teñen cita en dous días e o 66 por cento en catro días, e hai un espazo fixo na súa axenda diaria para atender as urxencias no mesmo día. As situacións prioritarias teñen resposta inmediata. A atención está garantida sempre nos tempos que require a situación de cada paciente.

Vostedes veñen aquí exixir, pero non veñen aportar solucións viables. Exixen contratar máis médicos, que non existen, mentres intentan boicotear a Lei de provisión de prazas de difícil cobertura, que permitiu que centros de saúde como os de Verín, Sarria, Meira, Burela, Viveiro ou Ribeira teñan hoxe profesionais.

¿Como lles explican vostedes a estes veciños que intentaron...? Se fose por vostedes, estarían sen médico, porque votaron en contra. Iso non llelo explican vostedes alí. E co tempo ignoran que a Xunta acaba de aprobar unha OPE de 3.460 prazas, 2.000 máis das previstas, para aumentar a estabilidade e reforzar todos os ámbitos do Servizo Galego de Saúde.

Despois de todo isto, eu teño unha pregunta para facerlle, señor Besteiro: esta proposición, ¿que beneficio achega?, ¿axuda realmente a mellorar a atención primaria en Galicia ou simplemente busca confrontar sen ter en conta os pasos dados polo Goberno do Partido Popular?

O noso grupo, señorías, non vai caer nestas trampas. Non lle imos votar a favor dunha lei que, por moito que se vista de benintencionada, é irreal, é irresponsable e é demagóxica. Nós imos seguir traballando pola sanidade pública con feitos, non con titulares, e seguiremos defendendo unha atención primaria galega que, malia as dificultades compartidas con outras comunidades autónomas en todo o país, segue garantindo unha asistencia universal, de calidade e cos tempos que cada situación require.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer á señora Prado ese apoio para que este proxecto de lei comece o seu camiño nesta Cámara e, por tanto, agradézoo así, como un motivo conxunto, para mellorar, sen lugar a dúbidas, a asistencia primaria. Na tramitación da lei prodúcese



un enriquecemento posterior de todas aquelas cousas que imos sumando todos aqueles que temos a sa intención de potenciar e de mellorar a asistencia primaria.

Señora Amigo, eu realmente non sei en que mundo viven, porque a verdade é que ou van pouco aos centros de saúde ou escoitan pouco a xente en canto aos tempos de espera. Pero imos facer un esforzo de confianza e imos pensar que, como di vostede, case o 50 por cento se atende en dous días. Pois, entón, non entendo cal é o problema de regular por lei un prazo, porque eu entendería que non quixesen facelo se realmente as cifras que di vostede non fosen reais, pero, se son reais, ¿cal é o inconveniente para fixar un prazo por lei? Porque a virtualidade desta proposta o que pretende é que, efectivamente, se eleve a rango de lei ese dereito e, polo tanto, sexa exixible como un dereito recoñecido por lei e, entón, blindado por lei. (*Aplausos.*) Iso ao que obriga é a quen xestiona, a quen despois ten que cumprir eses prazos. Por tanto, se eses prazos que di vostede son así, pois non creo que houbese ningún inconveniente en regular a opción das 48 horas, e a posterior, máis alá das 48 horas. Pero iso non é o que queren, porque non queren comprometerse con prazos determinados na asistencia primaria. Esa é a confianza que teñen vostedes no sistema, que é cero; unha confianza no sistema de cero.

Mire, nosoutros propoñémolo e facémolo cunha proposta que traemos ao Parlamento para que se debata e para que, por suposto, se enriqueza, que se sume, buscando ese consenso público. Por tanto, nese sentido, apelo a que o Partido Popular reflexione para entrar nese debate sobre cal sería o prazo, logo, recomendable e no que puidésemos estar de acordo. Pero vostedes non queren dar —ou parece ser que non queren dar— ese prazo.

Nós propoñemos unhas ideas claves. Falaba vostede tamén do compromiso do Goberno do Estado sobre as prazas e a formación sanitaria especializada, que afecta tamén, loxicamente, a atención primaria. Mire os datos: anos 2017–2018, 8.043 prazas de formación, onde gobernaba —¿quen gobernaba?— M. Rajoy. Ano 2023 e ano 2024, 11.607 prazas de formación. Por tanto, estamos falando de máis de 3.000 prazas de formación nun espazo de apenas seis anos. Ano 2024–2025: 11.943 prazas de formación, 300 máis que o ano pasado. Incrementouse, por tanto, un 35 por cento a oferta de prazas respecto do ano 2018. Foi o Goberno de Pedro Sánchez quen incrementou isto, porque ¿quen gobernaba no 2018? Xa lles dixen quen era. Foi o PP quen abandonou a política de planificación de recursos humanos no Servizo Nacional de Saúde e recortou as prazas dos MIR. E, ¿por que hai un problema en atención primaria? Temos un problema debido fundamentalmente ás condicións nas que traballan os profesionais. Esta é unha realidade. É certo que o Goberno de España habilita un volume de prazas ás comunidades autónomas, pero son as que poden convocar todas ou non. En Galicia non convocan todas as de primaria. Así que en Galicia o problema que temos é que hai dous tipos de recortes: un é o que se plantexou desde unha época, cando gobernaba Mariano Rajoy, e outro son os recortes que practica aquí tamén o Goberno que preside Alfonso Rueda.

Mire, nós queremos facer unha proposta aberta para que todo o mundo poida participar nela e sumar nese apoio a un consenso, que é o que debe inspirar todo o proceso lexislativo e regulamentario que pretenda fortalecer e protexer a sanidade pública.

As ideas principais de recordo e de reforzo, apelando a que o Partido Popular deixe o inicio da tramitación desta lei e se discuta, se enriqueza ou se retiren algunhas cuestións, son:



Un. A delimitación de 2 días, 48 horas —ese 50 por cento que di a deputada Amigo—, en relación co que se está prestando asistencia sanitaria aos pacientes no noso país. Ese sería o tempo máximo de demora da atención primaria.

Dous. O establecemento dun máximo de consultas e de procesos asistenciais diarios para os profesionais da primaria; é dicir, poñerlles límite e contención.

E logo, medidas secundarias, como incluír a obriga de establecer ese cadro exacto de persoal para os puntos de atención dos PAC e unidades asistenciais; os equipos que atenden, que sexan completos, como son as necesidades que requiren hoxe os galegos e as galegas nesa atención primaria.

Tamén explicitar na Lei de saúde esa relación de primaria hospitalaria, que debe ser equilibrada e realmente integral, porque hoxe non o é.

E, finalmente, aprobar ese catálogo de probas diagnósticas que permitan axilizar. É certo que algún avance hai feito nos últimos anos, pero non creo que deba ser o máis importante que se deba destacar, pero si é algo importante para complementar ese servizo de atención primaria.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Comezamos votando a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.



Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto terceiro da orde do día.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre a planificación e os últimos avances na xestión e ordenación do litoral

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia, ten a palabra a conselleira dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

O 1 de xullo do ano 2025 foi e será para sempre un día histórico para Galicia, un día histórico para a nosa comunidade autónoma, coa entrada en vigor do decreto polo que Galicia asumiu as funcións, os servizos traspasados polo Estado, en materia de xestión da costa. Esta data marcou un fito, un fito para nós, porque, dende entón, asumimos o autogoberno pleno sobre o noso litoral. É a primeira cesión competencial á Xunta de Galicia despois de dezasete anos, e non é unha cesión competencial calquera.

Como dixó ese mesmo día o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a partir de agora somos nós os que xestionamos o noso litoral. Galicia coñece mellor que ninguén a nosa costa e, polo tanto, sabemos protexela, sabemos coidala e imos saber aproveitar o seu enorme potencial para crear emprego e tamén oportunidades. *(Aplausos.)*

É por iso que, unha semana despois desta data, comparezo por petición propia nesta Cámara, para que coñezan de primeira man todo o traballo que se veu facendo ao longo desta travesía, que non foi doada, onde había unhas mareas tremendas, incluso moita perigo, pero ao final chegamos a bo porto.

Veño hoxe a este Parlamento cunha firme intención, a mesma intención que dende un principio. O primeiro que puxo enriba da mesa o presidente Rueda é que este é un tema moi serio e, polo tanto, precisamos de todos os galegos e as galegas. Temos as competencias, temos a xestión e a ordenación das mesmas; e hoxe vólvolle dicir aos tres grupos políticos: xestionen con todos nós o noso litoral, porque necesitamos a todos os galegos e as galegas.



A Loxilga foi unha lei moi participada e queremos que o seu desenvolvemento tamén sexa moi participado. Quero resaltar neste punto que, neste longo traballo, que hoxe vou expoñer na miña intervención, xogou un papel transcendental a coordinación de todo o equipo de Goberno. Á cabeza, como gran capitán, Alfonso Rueda, pero tamén, consellerías; consellerías fundamentais, como é a Consellería do Mar. Coordinación e cooperación dende o primeiro minuto. Os distintos departamentos autonómicos traballamos de forma coordinada e arreo para desenvolver e facer fronte ao gran desafío, que é a xestión do noso litoral. E, así, as consellerías do Mar e de Medio Ambiente e os seus centros directivos convocamos distintas reunións previas á redacción da norma, para os efectos de coñecer de primeira man o sentir dos sectores implicados. O mesmo ocorreu coa Consellería de Cultura. Deste xeito, mantivemos xuntanzas con entidades, como era o caso de Apatrigal, a asociación defensora do patrimonio cultural de Galicia; concellos; universidades e, nomeadamente, tamén a cadea mar-industria.

É preciso salientar a relevancia económica que representa este sector, a cadea mar-industria: nada máis e nada menos que o 5 por cento do PIB de Galicia, constituíndo o cuarto sector con maior peso na nosa comunidade autónoma. Non esquezamos, ademais, que este sector produtivo ligado ao mar xera 9.000 millóns de euros de actividade económica, achegando ademais o 50 por cento dos empregos do sector do mar a toda España. Por esta importancia que ten o litoral en Galicia, a Xunta leva deseñando unha folla de ruta para que poidamos estar preparados á hora de exercer de forma plena e efectiva a xestión e a ordenación da nosa costa. O litoral galego é un tesouro, señorías; un tesouro que define ademais a nosa identidade. Non é unha cuestión trivial. No Goberno galego somos plenamente conscientes da gran responsabilidade que temos a partir de agora e que asumimos con moitísimo rigor dende o pleno convencemento. *(Aplausos.)*

A nosa costa é a máis longa de España. Son 2.555 quilómetros, considerando non só o perímetro costeiro, senón tamén os quilómetros que rodean os nosos centos de illas e illotes e as nosas marismas e areais. É un sinal de identidade que vai definir Galicia hoxe e sempre. Son 86 concellos, cunha superficie de 1,6 millóns de hectáreas terrestres —ás que hai que engadir as 12 millas náuticas mar adentro— os que conforman o noso litoral, no que viven máis de 1.500.000 galegos. Un litoral cheo de historia, de vida, de riqueza natural, cunha paisaxe única no mundo e caracterizada pola súa rías, unhas das súas singularidades máis recoñecidas.

A nosa costa é berce de civilizacións e fonte de sustento. É un legado xeográfico, é un legado cultural. Dende as Rías Baixas ata a Mariña lucense, pasando polas Rías Altas e a Costa da Morte, está conformado por un patrimonio natural e unha biodiversidade que temos que seguir protexendo, coidando e tamén impulsando dende o punto de vista económico e dende o punto de vista social, o cal sempre ten un criterio baixo o que imos traballar: a sostibilidade.

É por iso que a nosa planificación se basea, entre outras, na ordenación intelixente, en infraestruturas verdes, no coidado da nosa paisaxe, no impulso da economía azul, no ecoturismo e na prevención e loita contra a contaminación do noso litoral. É unha estratexia centrada nun modelo de desenvolvemento sostible e, por suposto, participado, do que toda a sociedade está chamada a formar parte.



Permítanme, en primeiro lugar, antes de pasar a explicarlles a nosa planificación, que lles fale da Loxilga, porque é a normativa que vai regular a xestión e a ordenación da nosa costa. Empezou a semana pasada, e xa está dando os seus froitos.

A Loxilga foi froito dunha longa travesía —permítanme a expresión—, cun mar non exento de turbulencias. Co ánimo de situarnos ao comezo de todo —porque isto ten a súa historia e ten o seu por que—, hai que lembrar que a Lei de costas de 1988 establecía unha duración de 30 anos para as concesións, o que significaba que se ían extinguir no ano 2018. Por iso, a Lei de costas do ano 2013 estableceu unha prórroga extraordinaria conforme a cal as concesións en dominio público marítimo-terrestre podían durar ata 75 anos, interpretándose que estes 75 anos se contaban dende a solicitude da prórroga. O Goberno central, unha vez máis, co PSOE á cabeza pero tamén cos seus cómplices, pretendeu modificar a Lei de costas, modificando o seu regulamento no ano 2018 e establecendo unha modificación pola cal as prórrogas non podían superar eses 30 anos. Polo tanto, de facto xa ningunha podería estar na costa.

Fixemos un inventario e atopabámonos con 4.000 inmobles. Dentro deses inmobles, tiñamos dende colexios, pasando por residencias, ata, por suposto, toda a cadea mar-industria e un longo etcétera. Con esta modificación, a Administración do Estado pretendía unha vez máis ser máis restritiva do que xa estaba sendo a Lei de costas, reducindo os prazos das prórrogas en todas as concesións.

Todas estas modificacións eran e supoñían un gran sinsentido para Galicia, ao igual que a chamada «estratexia da costa libre». Lembren que Galicia nin sequera foi chamada. Nin ti-vemos a oportunidade de participar; encargóuselle a un instituto que nada tiña que ver con Galicia. Aquel ministerio, que era o de Transición Ecolóxica, co aplauso de todos, absolutamente todos, pretendía borrar de cara ao ano 2050 calquera vestixio de actividade humana na costa. E isto segue estando por escrito.

Imos lembrar casos, aqueles casos que se dicía que se eran mentira, que se eran verdade, pero sobre os que ao final houbo resolucións. Detrás destes casos había moito traballo e un empeño. Eran empresas, eran galegos e galegas.

Lembren, ano 2020. O Executivo central tivo que rectificar unha prórroga a unha empresa. ¿Lembran o Grupo Tres Mares? Pretendían ampliála por un só ano, ¿que farían cun só ano? Ao final, houbo presión, e esa presión fixo que mudasen. Fíxense o rigor co que se traballaba naquel entón. Ao final, Tres Mares ten unha concesión ata o ano 2056.

Non foi o único caso. Era o ano 2022; o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anula a primeira prórroga concedida a unha piscifactoría. Nese caso era Stolt Sea Farm. ¿Que pretendía o Goberno central? Pois que tivese unha prórroga ata o ano 2029. ¿Que dixeran os xuíces? Que esa prórroga se tiña que ampliar ata o ano 2069. Outro exemplo do rigor o que tiña Costas, que tiña o Goberno central e que tiñan aqueles que o apoian e o seguen apoiando. *(Aplausos.)*

E non esquezamos outro caso. Neste caso, era a Ostreira do Grove, unha empresa que vía comprometido o seu futuro polas exixencias do Estado para non renovar a súa concesión. En concreto, o que pedía o Goberno central é que se sacasen as piscinas de produción de fi-



toplancto, vitais para alimentar a semente dos moluscos e bivalvos que producían, do dominio público marítimo-terrestre. Isto facía inviable unha produción clave para a subministración da semente ao sector marisqueiro. Pero, claro, dicían que non podía haber nada en dominio público marítimo-terrestre. Postos a pensar, ata podía estar en Ourense.

Así, a Xunta, ante esta inseguridade xurídica que estaba xerando esta decisión do Estado, alegaba unha e mil veces, denunciaba publicamente unha e mil veces, mantiña xuntanzas cun ánimo; e ese ánimo era que o Goberno central entrase en razón.

Sánchez e os seus socios sempre á contra. Ante isto, o Executivo e, despois de moita presión, decide que saca adiante unha Lei de cambio climático. Lembrarán, ano 2020. Incorpora unha serie de modificacións e, de novo, imos a pola costa; e, por suposto, imos a pola costa galega. Porque, na retina duns cantos, para nada estaba a costa galega. Había unha empresa que non querían na costa galega, pero tiñan que pagar os pratos rotos todos os demais galegos.

No ano 2021, cando se aprobou a mencionada normativa, a Xunta alertou de que estes artigos sobre as concesións poderían ser inconstitucionais. Nós, sempre co ánimo de chegar a un acordo, creamos unha comisión bilateral. Nesa comisión, estaba a Xunta de Galicia e tamén estaba a Administración do Estado, para tratar de solventar estas diferenzas. Fracasaron, por suposto, as liñas de diálogo e fracasou a mesa bilateral. E, polo tanto, en febreiro do ano 2022, a Xunta presenta recurso contra a Lei de cambio climático. Unha vez máis, señorías, sós; sós, pero sempre cos galegos e coas galegas.

Despois deste longo periplo, e, á vista da desesperación dos concellos —dos cales non se miraba a ideoloxía en absoluto, senón que tiñan que facer unha xestión e era imposible facer esta xestión—, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, na súa primeira xuntanza co presidente do Goberno, Pedro Sánchez, á vista de todo o acontecido, solicítalle xa formalmente a transferencia da xestión do litoral. Tampouco puido ser. E entón, o 15 de setembro do ano 2022 é cando Alfonso Rueda ordena a redacción da primeira Lei de ordenación e xestión integrada do litoral.

¿Que pediu Alfonso Rueda a aqueles que nos puxo á fronte? Ser serios, contar con toda Galicia e, por suposto, cos que máis coñecemento tivesen neste eido.

Con gran rapidez, xa o 15 de xaneiro do ano 2023, coñecemos as declaracións do secretario de Estado. Veu de paseo por Galicia, e entón dixo o señor Hugo Morán que o que quería facer Galicia era unha declaración de independencia, advertindo da súa posible inconstitucionalidade. ¡Manda truco! Estaban naquel momento onde case se dicía que Cataluña ía ir por libre.

Esta norma foi aprobada o 4 de xullo do ano 2023 no Parlamento galego, e eu teño que agradecer que non houbo ningún voto en contra. É certo que podía ser por unanimidade; máis unidos, máis fortes, por todos os galegos e as galegas. Pero, aínda así, foi aprobada.

O Goberno central, sen acudir de xeito previo a esa comisión bilateral —o diálogo que tanto pregoan, pero despois nunca fan—, recorreu de xeito directo —ademais, non se cortou un



pelo, porque recorreu 72 dos seus preceptos—, e houbo que esperar ata o 23 de abril do ano 2024, que foi cando o Tribunal Constitucional ditou sentenza —ademais, fíxoo por unanimidade— e estableceu a constitucionalidade da norma.

O texto legal recoñeceu o dereito a que fósomos nós, os galegos e as galegas, os que ordenemos e xestionemos o litoral. É unha normativa que regula a súa xestión dende unha tripla perspectiva, como non podía ser doutro xeito: dende a ambiental, dende a social, pero tamén dende a económica. O proceso de elaboración estivo aberto dende un principio á participación de todos os axentes: administracións e colectivos, tanto públicos como privados, con intereses e implicacións directos na costa, co fin de buscar un texto que fose consensuado.

Neste tempo, mantivemos numerosas reunións con diferentes entidades e con colectivos ligados ao litoral para presentarlles os puntos claves da regulación. Contamos tamén coa participación activa, a cal teño que agradecer —fíxeno publicamente e vólvo facer—, dos mellores; e fixémolo ademais co Observatorio do Litoral de Galicia e, nomeadamente, coa Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, porque sabiamos que ían ir a por todas. Colaboraron dous catedráticos da universidade, Marta García e Javier Sanz Larruga, e contamos tamén coa opinión de expertos, como o profesor francés Michel Pierre, un dos maiores especialistas europeos en dereito medioambiental e redactor do Protocolo internacional relativo á xestión integrada de zonas costeiras do Mediterráneo. Contamos tamén con Juan José González, presidente do Tribunal Constitucional, ou con Ángel Menéndez, catedrático de Dereito Administrativo e un dos pais da Lei de costas de 1988. Avalaron tamén a nosa xestión o profesor Juan Manuel Barragán Muñoz, catedrático de Análise Xeográfica Rexional, da Universidade de Cádiz; Mari Carmen Núñez Lozano, catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Huelva, ou Josep María Aguirre i Font, que é profesor agregado de Dereito Administrativo, da Universidade de Girona, e redactor da Lei do litoral de Cataluña.

No día 1 de xullo festexamos que xa somos plenamente competentes para xestionar e ordenar o noso litoral. Fixémolo cunha xornada de traballo, á cal, por certo, eu creo que convidamos todos os representantes, e non acudiu ningún da oposición. Precisamente, foi alí onde o maxistrado, o ponente da sentenza do Tribunal Constitucional, César Tolosa, estivo con nós. Estivo e fixo unha brillante conferencia. Aclarou, dende un primeiro momento, que o feito de que a Administración xeral do Estado fose titular dun ben non significa en ningún caso que tivese competencias para xestionar o dito ben. Aseverou, así mesmo, que este asunto estaba xa resolto na Sentenza do Tribunal Constitucional 149/1991, do 4 de xullo, na que se dicía que a Lei de costas de 1988 vulneraba a distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, especialmente no que respecta á ordenación do territorio e ao litoral. Polo tanto, lamentamos —lamentamos e moito— que tivésomos que agardar todo este tempo e que, dende que empezamos, tivesen que pasar tres anos. Porque, como ben afirmou o maxistrado Tolosa, a orixe da competencia non está na transferencia, senón no Estatuto de autonomía; aquilo que negaron algúns que hoxe representan tamén os galegos e que están aquí presentes.

Polo tanto, ao escoitar estas palabras, aínda me sinto se cabe máis orgullosa, no nome do Goberno galego, de que esta normativa fose exemplo e permitise abrir camiño a outras comunidades que aspiran e aspiraban, de igual modo que nós, a xestionar o seu propio litoral;



comunidades como Valencia, como Andalucía, como o País Vasco, como Cantabria, como Baleares. Despois desta travesía, moitas veces difícil pero sempre gratificante, Galicia ten hoxe xa a plena xestión do seu litoral. A lei facilítanos a planificación de usos da costa e outorga a seguridade xurídica tan ansiada, que era algo que reclamabamos. *(Aplausos.)* Reclamábaa toda a cidadanía; os titulares de instalacións implantadas, pero tamén todos os galegos e as galegas.

A Loxilga regula as actividades que se poden desenvolver, identificando as estratéxicas e as prioritarias para Galicia. Entre outras, están os criterios xerais para autorizar os servizos de temporada nas praias galegas. Sinala como tales actividades estratéxicas, entre outras, os establecementos da cadea mar-industria, o turismo sostible, a rede de sendas do litoral ou o patrimonio cultural.

A lei establece tres grandes áreas diferenciadas en función do estado de conservación e necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral e delimita as actuacións e usos estratéxicos que permitirán a ocupación e asentamento na costa a través das autorizacións pertinentes. Diferenciamos así tres grandes zonas, fronte á uniformidade do Goberno central, que era preciso mudar, era preciso cambiar, porque Galicia era distinta, a súa costa é distinta. Dividimos en tres áreas:

A área de protección ambiental, que representa o 70 por cento do territorio, das 1,6 hectáreas terrestres do litoral. Este espazo conta cunhas características naturais singulares e valores ambientais excepcionais que deben ser especialmente protexidos e preservados do proceso urbanizador ou de calquera outro que poida alterar as súas condicións. E dígoo porque, como despois dunha cousa sempre vén a outra, haberá alguén que diga: é que fíxense, van facer de Galicia un gran Benidorm. Entón, para que lles quede claro: é público, pódeno consultar, e aí teñen a delimitación de que o 70 por cento é área de máxima protección ambiental. *(Aplausos.)*

A segunda, é a área de mellora ambiental e paisaxística; isto é preto do 26 por cento do total da superficie. É unha zona que, aínda que non renuncie á excepcionalidade ambiental, como a primeira, e presente valores naturais relevantes, estes son parciais e poden ser recuperables.

E, por último, está a área de reordenación, con preto do 4 por cento. Son espazos transformados pola acción urbanizadora, de difícil ou imposible renaturalización, que exixen outro tipo de accións, como poden ser as de ordenación, orientadas a non agravar a deterioración, a humanizar os espazos e a renovar os elementos e tamén a súa contorna.

Seguindo co relato desta longa travesía, á fronte da xestión avanzada na que se basea a nosa lei, está ademais o aval que recibimos de Europa. É máis, damos cumprimento á total transparencia, á total participación, pero tamén a ese mandato europeo que supón entender o litoral dende o punto de vista ambiental, social e económico. En concreto, a través desta norma facemos noso o que dispón a Carta europea do litoral de 1981, que reconece que o espazo costeiro xoga un papel esencial para a vida humana; un aspecto que despois ratificou o propio Tribunal Constitucional, e ao que sempre se opuxo o Goberno central.



Pero en Galicia tiñámolo claro, e por iso a nosa lei enmárcase neste contexto e baséase na xestión sostible do noso litoral, respectando os valores naturais pero tamén os usos humanos. *(Aplausos.)*

A Unión Europea pon o foco, nesta materia do litoral, na protección, no desenvolvemento económico e tamén sociocultural, e na coordinación entre os estados membros e as outras partes interesadas para abordar os desafíos comúns e a xestión costeira. Baixo esta tripla perspectiva, hai moito traballo detrás. Así, durante o período anterior a que se fixese efectivo o traspaso de funcións e servizo, levamos a cabo unha serie de iniciativas para xestionar o noso litoral dende o minuto cero.

Puxemos en marcha o visor web, que se publicou de xeito automático coa entrada en vigor da lei. É unha ferramenta dixital que recolle toda a información cartográfica necesaria para a aplicación da norma, e permite dende entón a todos os usuarios, a todos os galegos, coñecer de primeira man a área na que se localizan os terreos do seu interese e tamén os usos permitidos. Aquí non hai trampa nin cartón.

Creamos a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Ordenación do Litoral, que se constituíu o 9 de outubro de 2024, tras aprobarse en setembro o decreto que a regula. É o órgano de coordinación onde estamos as distintas consellerías para facer a aplicación e o seguimento dos instrumentos de ordenación do litoral, e no que se toman as decisións dos órganos administrativos con competencias na costa. O pasado 3 de xullo, celebrábase a segunda reunión da Comisión Interdepartamental, que foi presidida por Alfonso Rueda. A partir de aí, créase o comité técnico; o comité que se vai encargar do desenvolvemento e coordinación dos instrumentos da lei que afectan varias consellerías.

Constituíuse tamén o Foro do Litoral, que será o máximo órgano colexiado de participación, de asesoramento e de consulta. Está en proceso e rexerase por un decreto que se vai aprobar no mes de setembro. Someteuse xa a consulta pública, previa á súa constitución e ao seu funcionamento, e mantivéronse encontros explicativos sobre as súas funcións e sobre os órganos e administracións que están chamados a participar do mesmo. Son as universidades, os órganos científicos e organizacións de sectores produtivos, asociacións ambientais e aqueles cuxo obxectivo sexa a defensa e a protección do patrimonio cultural. En paralelo co procedemento para crear o Foro do Litoral, realizamos distintos encontros sectoriais cos principais axentes económicos e sociais do litoral galego; como os representantes da cadea mar-industria, centros de coñecemento, universidades e asociacións ambientais, e neles se lles foi explicando os diferentes pasos a realizar e como se vai desenvolver a lei.

O Consello da Xunta ademais aprobou o día 4 de novembro de 2024 a Estratexia de economía azul de Galicia 2024-2027, con corenta medidas de apoio ao crecemento sostible dos sectores produtivos vinculados ao mar e o aproveitamento do potencial dos mares e océanos como motores da nosa economía.

Estamos traballando tamén nas Directrices de ordenación do litoral, as DOL. Sometidos xa a consulta pública previa os criterios para o seu desenvolvemento, recibimos tan só dezasete achegas das diferentes organizacións.



No eido da dixitalización e simplificación, durante este tempo tamén se fixo un gran labor, adoptando os procedementos de competencia autonómica de autorizacións na zona de servidume de protección á nova Lei de ordenación do litoral. Reducíronse xa nun 80 por cento as subsanacións dos expedientes de declaracións responsables e axilizáronse ademais preto de 500 autorizacións en zona de servidume de protección e 276 declaracións responsables. *(Aplausos.)*

Traballo e máis traballo, que para iso nos elixiron os galegos. Ademais, dende o pasado 1 de xullo, está habilitada na sede electrónica da Xunta unha solicitude única para todos os procedementos, unificando nun formulario todas as solicitudes, autorizacións e concesións no litoral; dende xa, hai só un trámite dixital único para todas as solicitudes. Pasamos de ter cinco formularios, que era o que tiña Costas —solicitudes en papel—, a ter un só, e electrónico. Por suposto, tamén damos oportunidades, se alguén non o quere facer electrónico, a que o faga manual.

Con respecto ao traspaso dos expedientes, tamén os teño que informar, porque é a miña obriga. Celebrouse unha xuntanza o pasado 30 de xuño na que representantes da Administración do Estado, xunto con representantes da Administración autonómica, entregaron 554 expedientes, sinalándose que nas vindeiras datas —que agardo que sexan recentes— se entregarían o resto dos expedientes, chegando a un total —parece ser— de 849. Díganme se non tiveron tempo dende a sentenza a realizar este traballo. Pero resulta que non foi culpa dos funcionarios; houbo alguén que quería seguir retrasando este momento. E fíxense como temos a Administración do Estado, que estaba todo en papel, e tiveron que facer un encargo para o escaneamento pertinente e ir valorando papel por papel. Esa é a realidade que temos. Por iso eu dende aquí digo: que orgullosos nos temos que sentir da Administración autonómica. *(Aplausos.)*

Aquí tamén é de xustiza dicir e informar de que a autorización de moitos destes expedientes, os cales nos entregaron o día 30 de xuño, xa tiña que estar para esta fin de semana. E, unha vez máis, eu teño que agradecer aos funcionarios do Estado, que agora xa son funcionarios da Xunta, e aos funcionarios da Xunta, que non cesasen nin un só momento, e que as autorizacións que tiñan que estar para esta fin de semana estivesen para esta fin de semana.

E, por último, quero dicirlles tamén que dende o pasado día 1 de xuño tamén contamos cun novo servizo para a cidadanía, e é lóxico. É o servizo Galicia Litoral, que se ofrece a través da web da consellería, pero tamén a través do teléfono do 012, e que dá resposta ás consultas que ao respecto nos poida formular a cidadanía. Téñolles que dicir que xa houbo máis de trescentas consultas.

Pero hai máis accións. Hai as que executamos, as que estamos levando a cabo e as de futuro. En primeiro lugar, eu teño que dicir que non debe caber ningunha dúbida de que cumprimos coa nosa palabra. O que dixemos estámolo facendo. E, agora, toca seguir co goberno, coa planificación, con máis dixitalización do litoral e con poñer en marcha novos eidos e novos ámbitos de aquí a final de ano.

Algunhas destas accións vanse materializar xa neste mesmo verán, e unha delas é un concurso de ideas. Un concurso de ideas que vai dirixido a estudos da arquitectura e tamén de



deseño, a profesionais e a empresas, para elixir un prototipo de chiringuito sostible, que sirva como modelo básico para ofrecerlles un chiringuito digno na costa ás empresas interesadas en instalarse. E vexo que algúns señores do BNG se deben de rir. Pero fíxense: é que temos trescentos en dominio público marítimo-terrestre e temos cen en servidume de costa. Temos catrocentos chiringuitos que nos dan servizo despois aos que queremos desfrutar da costa. *(Aplausos.)*

O obxectivo é que esta iniciativa se resolva a finais do ano 2025, para que no ano 2026 estea redactado o proxecto que sirva de base, que sirva de guía. Será un modelo, por suposto, móbil. Non será un clon, en liña coa actual tendencia da bioarquitectura; é dicir, que cumpra con criterios de eficiencia enerxética, con criterios de sostibilidade e que as construcións se mimeticen coa paisaxe e tamén coa nosa natureza. Sempre en positivo, sempre cun fin, que é mellorar.

Nunha primeira fase, distinguiranse entre edificacións en praias urbanas e edificacións en praias naturais. Neste senso, hai que sinalar que os criterios son distintos. Nos tramos naturais das nosas praias, a ocupación máxima pode ser de 70 metros cadrados, dos cales 20 metros cadrados, como máximo, poderán dedicarse a instalacións pechadas; e poderá haber unha distancia entre eles de 300 metros. En canto aos tramos urbanos, a ocupación máxima é de 200 metros cadrados, dos cales 150 metros cadrados, como máximo, poderán dedicarse á instalación pechada, e o resto a terraza. A maiores, poderán ter 70 metros cadrados de terraza aberta, e 30 metros cadrados deberán ser destinados para aseos. Nestes espazos, a distancia é distinta. Se nas naturais é de 300, no caso das urbanas é de 150.

É preciso indicar aquí que o número de instalacións é moi amplo, pero tamén a economía é moi ampla e tamén os servizos que dan son moi amplos, e en Galicia temos grandes profesionais. E, por iso, imos estar ao seu carón.

Volvendo ao prototipo, estará incluído tamén o modelo de documentación que deben de presentar os interesados para a súa explotación ante as administracións competentes. Deste xeito, o que pretendemos é máxima axilidade, máxima transparencia e facilitarlles as cousas aos galegos. *(Aplausos.)*

No mes de setembro, realizaremos un cumio de municipios costeiros, porque, se algo temos claro, é que son eles os que están máis preto dos cidadáns, son eles os que chamaron á nosa porta para dicirnos que a situación se facía insostible. Tamén temos claro que moitos deles non acudían a certas xuntanzas porque sempre había alguén que os chamara por teléfono para dicirlles: mellor que non se vos vexa na foto con estes do Partido Popular. A partir de aí, e como nós tratamos a todos os galegos por igual, por suposto, faremos ese cumio. Permítanme dicirlles que a propia Fegamp, como representante do municipalismo galego, acaba de solicitar ser parte activa neste grande encontro e, como non podía ser doutro xeito, aceptamos a súa petición, porque consideramos que os concellos, efectivamente, teñen que ser parte activa en todo o proceso, como sempre defendemos e defenderemos. Non esquezamos que os concellos teñen competencias sobre o litoral, como é a parte urbanística.

E, outras accións. Quero anunciarlles ademais diferentes accións que se van executar antes de que remate o ano 2025. Estamos a traballar en tres planos.



Por un lado, no eido da dixitalización e simplificación dos expedientes. Ademais de habilitar o formulario único, do cal lles falei anteriormente para as solicitudes, estamos tamén a desenvolver un procedemento integrado para a obtención dos títulos no litoral. Esta actuación permitirá a tramitación, nun único expediente, do título habilitante de costas e do resto das autorizacións sectoriais; é dicir, será un único título para o uso do litoral, que integrará todas as autorizacións precisas. Ventanilla única, título único; simplificando e axilizando os trámites para obter os permisos. O obxectivo é garantir que todas as persoas, entidades e empresas interesadas poidan conseguir os títulos necesarios para ter instalacións ou realizar actividades na costa de forma sinxela, en moito menos tempo e con plena seguridade xurídica. Isto vai supor un avance substancial, xa que, ata o de agora, podíamos e tiñamos que acudir a distintos organismos e podíamos agardar meses, pero tamén anos. Aprobarase para iso un decreto previsto para finais deste ano. No pasado 10 de xuño, abrimos unha consulta pública previa, un proceso participativo que remata o 10 de xullo. Dígoo porque aínda están a tempo de participar. En concreto, vaise modificar o Decreto 97/2019, que regula as autorizacións da zona de servidume de protección, para adaptalo ao regulado na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral.

En decembro, tamén crearemos o Rexistro do litoral de Galicia, que dará conta de maneira transparente —cousa que, ata o de agora, non tiñamos en absoluto— das autorizacións e concesións outorgadas. E digo eu: co sinxelo que é, ¿por que tivemos que agardar tantos anos para saber cantas concesións e cantas autorizacións se daban na costa?

No ámbito do cogoberno, convocaremos no último trimestre do ano un encontro con distintas comunidades autónomas que xestionan o litoral para intercambiar sinerxías e unir esforzos a respecto da xestión do litoral. Quero subliñar que Galicia xa mantivo encontros bilaterais múltiples con distintas comunidades autónomas. E, unha vez máis, non miramos ideoloxía; só miramos o ben dos galegos. Precisamente, o vindeiro 18 de xullo, teño previsto reunirme coa miña homóloga no País Vasco, que tamén recentemente asumiu as competencias sobre a costa.

E xa, por último, no eido da planificación das distintas actuacións e en coordinación coas distintas consellerías, como non podía ser doutro xeito, crearase a Rede de sendas do litoral. Farémolo con Turismo de Galicia, en colaboración cos concellos costeiros, deseñando o itinerario que conectará o litoral dende Ribadeo ata A Guarda. Esta senda terá unha sinalización unificada, será accesible para desfrutar do mar, da cultura costeira, da natureza, a pé ou en bicicleta, poñendo en valor os nosos núcleos, (*Aplausos.*) pero poñendo en valor tamén algo moi, moi prezado, como é a nosa cultura marítima.

Crearase a Rede de establecementos turísticos do litoral. É a segunda gran medida que levaremos a cabo con Turismo de Galicia. Desta rede poderán formar parte os edificios con uso residencial, que agora poderán rehabilitarse e converterse en pequenos hoteis; hoteis de excelencia, con encanto, de non máis de dez habitacións. Traballarase nas bases reguladoras que especificarán as condicións e os requisitos que deben reunir as edificacións que pretenden formar parte desta rede, coa previsión de aprobalas antes de que remate o ano.

En canto ao Programa de revitalización do patrimonio litoral que estamos a elaborar coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en breve iniciarase a consulta pública previa do



decreto que regulará o Catálogo de bens de valor cultural do litoral, coa idea de telo listo tamén antes de que remate o ano. Quérese facer unha iniciativa ao servizo dun turismo de calidade, dunha Galicia de calidade; diversificado, desestacionalizado e que favoreza o desenvolvemento sostible do litoral. Esta iniciativa créase a través da recuperación de edificacións xa existentes de especial valor arquitectónico, histórico e tamén cultural. Por exemplo, convertendo unha antiga fábrica de salazón nun museo ou un faro en desuso nun restaurante. Tamén poderán formar parte desta rede as edificacións previamente destinadas a residencia ou habitacionais que estivesen legalmente establecidas antes da Lei de costas. Repito: que estivesen legalmente establecidas antes da Lei de costas.

O principal é garantir que os novos usos que se dean a estas edificacións, que agora se atopan abandonadas, en estado de ruína, non poñan en perigo os valores que aconsellaron a súa protección cultural. Para facer este catálogo, pártese xa dun inventario. Un inventario, que é público, de 459 elementos, que está sendo revisado e actualizado e que, por suposto, contará co informe previo de Patrimonio Cultural, para que se aprobe despois polo Consello da Xunta. Desta cifra, hai uns 300 edificios que están en perigo de ruína por carecer de uso, por esa cabezonería terrible de dicir o «non» continuado por sistema. E o «non» continuado por sistema lévanos a perder grandes xoias no noso litoral.

Entre os bens destacados neste inventario atópanse por exemplo fábricas de salgadura en Ortigueira, como a dos Barquiños ou a de Piñeiro; un conxunto de muíños de augas en Mañón; varias telleiras en Cambados, como a de Francón, ou o faro de Teis, en Vigo. É unha iniciativa, señorías, para dar unha segunda vida a estas edificacións. Anúnciolles, ademais, que estamos traballando non só dende o punto de vista lexislativo, non só dende o punto de vista da transparencia, senón con axudas. Farase unha convocatoria de axudas dotada de 4 millóns de euros para a rehabilitación destas edificacións, que se prevé que estea lista antes de que remate o ano. *(Aplausos.)*

O Goberno central traspasou a Galicia 11 vehículos; 11 vehículos que, como a documentación aínda nos chegou antes de onte, temos alí parados na Consellería de Medio Ambiente. E — volvo insistir — mira que non houbo tempo de traspasar os vehículos. Á parte dos 11 vehículos, traspasou 36 postos. Deses 36 postos, teño que dicir que 10 son vacantes, ¡que se lle vai facer! E, a isto, unimos 15 persoas dos servizos provinciais do litoral. Estes todos están traballando arreo; eu téñolles que dar publicamente as grazas. Pero temos que traballar máis e, polo tanto, para esas 10 vacantes hai que aprobar a RPT, para podelas sacar adiante e intentar cubrilas o antes posible. Por suposto, xa non se me ocorreu nin preguntar porque nos pasaban 10 vacantes. Si é certo que tivemos moitas chamadas de funcionarios que querían vir, pero alguén, nun momento determinado, dixo que non era o momento. Seguramente teñan o momento agora cando fagamos a convocatoria.

A partir de aquí, ¿que é o que asumimos? Imos tramitar todos os procedementos para aprobar instrumentos de planificación: as Directrices de ordenación do litoral —as DOL— pero tamén o Plan de ordenación de costas; adaptaremos as medidas de protección do litoral e de mitigación e adaptación ao cambio climático; emitiremos os informes de avaliación paisaxística; autorizaremos os usos de tempada posibles en servidume de protección de costas, como os chiringuitos, as hamacas ou as festas parroquiais; emitiremos os informes de im-



pacto económico e social das actuacións do litoral; faremos o control dos vertidos de augas residuais dende terra ao litoral; autorizaremos os cambios de uso e, por suposto, executárase cada unha das medidas incluídas no cronograma do litoral. E non esquezamos que, a partir de agora, somos a primeira comunidade autónoma que non precisará ter informe vinculante por parte do Estado para dar as concesións en dominio público marítimo-terrestre. *(Aplausos.)*

Continuaremos con este camiño, que vai ser un camiño, por suposto, de cooperación e de cogoberno. É a miña responsabilidade no día de hoxe apelar a esta Cámara para seguir unindo esforzos, para acadar unha costa máis sostible, pero tamén máis próspera. Temos que seguir loitando entre todos por ese equilibrio fundamental entre a protección do medio ambiente e o desenvolvemento das nosas zonas costeiras, incluíndo por suposto, a adaptación aos efectos do cambio climático. A Loxilga foi unha norma moi pioneira e queremos que a xestión tamén o sexa dende Galicia. Este espírito de participación que guiou a redacción da lei continúa no día de hoxe. Créanme, eu sigo tendendo a man dende este Parlamento. Só levamos unha semana; se non participaron, poden facelo. E por iso a celebración dese cumio, o cumio de municipios; para alcanzar un pacto, que é o Pacto galego polo litoral, un pacto de país, un pacto de Galicia e para Galicia. Debe ser un compromiso colectivo, porque protexer o litoral non é tarefa de goberno; é responsabilidade de todos: administracións, construtores, pescadores, empresarios, investigadores, cidadáns. De todos. Polo tanto, fago un chamamento, e aquí teño que facelo ás distintas forzas políticas, aos tres grupos que hai neste Parlamento: únanse, porque ben merece a pena seguir traballando por e para Galicia.

No marco deste pacto, hai outras accións, e, dentro desas accións, farase un seguimento; un seguimento anual ante o Parlamento de Galicia sobre os avances do Pacto polo litoral en Galicia. Faranse encontros clave co sector; elaborárase unha folla de ruta plurianual con obxectivos, indicadores e os recursos; impulsárase a creación de redes que permitan a transferencia de coñecemento e a mellora de capacidades entre os distintos organismos científicos, os sectores produtivos do litoral e as distintas administracións públicas, e, por suposto, daráselle un pulo tamén ao deseño de estratexias de desenvolvemento local participativo e á constitución dos grupos de acción local nas zonas costeiras.

En definitiva, un pacto, un gran pacto. Existen desafíos, moitos desafíos, pero estamos preparados. Temos un camiño longo por andar, pero créanme que o facemos encantados da vida, nos distintos ámbitos. Cando digo nos distintos ámbitos, dígoo vendo como desfruta a xente no verán, como pode desfrutar tamén na primavera, como poden visitarnos no outono e no inverno e pensando en cada unha das persoas que vive no noso litoral, pois, como digo, neses 86 concellos vive máis da metade da poboación galega.

Polo tanto, imos por un litoral sustentable e resiliente para hoxe e para o futuro. Apostamos por un uso sensato e equilibrado, por unha costa viva para as nosas xeracións futuras. A Comunidade Autónoma de Galicia dispón das competencias, dos coñecementos e dos medios para afrontar todo isto, estean seguros. E lembro: un pacto de país por un litoral vivo é preciso, agora máis que nunca.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora dos grupos parlamentarios. En primeiro lugar, comunícame o portavoz do Grupo Mixto que renuncia a súa intervención. Damos paso entón ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, conselleira.

Presidenta.

Membros da Cámara.

¡Puf! Tratar de contestar todo o que comentou a conselleira en dez minutos é complicado. Imos intentar facer un labor de síntese.

En primeiro lugar, alegrámonos de que Galicia conseguise despois de dezasete anos a primeira competencia. Como saben, e como recoñeceu a propia conselleira, os Socialistas de Galicia apoiamos a petición desa conselleira. Non estabamos de acordo polo procedemento, e, por iso precisamente, nos abstivemos aquí neste Parlamento nesa elección. O Tribunal Constitucional falou; nós non cuestionamos as decisións do Tribunal Constitucional, favo-rézannos ou non nos favorezan, e, polo tanto, non andamos dicindo por aí que son sentenzas —digamos— ilegais e outras lindezas que se din noutras ocasións sobre as sentenzas do Tribunal Constitucional. Acatámolo, e alegrámonos, ademais, de que Galicia adquira esas competencias plenas sobre o litoral, porque efectivamente o litoral é moi importante para Galicia.

O litoral en Galicia é onde se realizan moitas das actividades económicas, como é a pesca, como é o marisqueo, como son as empresas transformadoras, as empresas loxísticas e todo o que vostede comentaba da cadea mar-industria, pero tamén é onde se sitúan moitos problemas, por exemplo, de saneamento, que afectan o marisqueo das nosas rías. Pero tamén é onde se realiza, como vostede mesma dixo, unha importante actividade turística, que todos pretendemos que sexa unha actividade turística sostible e que sexa unha actividade turística que nos permita mellorar ese medio ambiente.

Polo tanto, iso fai necesario que todas as políticas da Xunta de Galicia se vinculen a esta xestión do litoral. Cremos que a coordinación é fundamental; a coordinación non só das distintas consellarías —inicialmente Medio Ambiente e Mar, pero de todas as consellerías— senón tamén de todas as administracións. Creo que nestes distintos órganos que vostede nos dixo da Lei do litoral: o Foro do litoral, a Comisión, o Comité técnico... é importante que se inclúan todas as administracións, incluíndo tamén a Administración central, porque, nalgúns casos, segue tendo algunhas competencias. Polo tanto, cremos que é importante para o futuro sostible de Galicia, para esta loita contra o cambio climático, e, polo tanto, esperamos que esta lei sexa unha ferramenta lóxica de loita contra o cambio climático.

Vostede mesma dixo que nas zonas que establecía esta lei do litoral había un 70 por cento que era de protección ambiental onde non había actividades urbanísticas. Despois na súa



intervención, practicamente sempre falou de como se ían facer as distintas xestións urbanísticas, desde chiringuitos a instalacións turísticas. Eu botei en falta que nos dixese aquí que medidas van tomar desde a Xunta de Galicia precisamente para mellorar a protección dese 70 por cento do litoral, que está neste momento moi afectado por cuestións como poden ser as inundacións debidas ao cambio climático, e outras situacións, como cambio de correntes, etcétera. Polo tanto, sobre iso, polo menos hoxe eu aquí, non entendín que houbera ningunha medida concreta para levar adiante. E simplemente un comentario: a dixitalización é unha ferramenta, non é un obxectivo dunha lei. Non debería ser un obxectivo dunha lei, senón simplemente unha ferramenta para mellorar a xestión.

Polo tanto, cremos que, con esta lei, o que se xoga Galicia non é obter estas competencias. Non vou entrar nesta relación, case de política forense, de dicir todo o que pasou. A min non me interesa o que pasou ata agora; o que me interesa é que imos facer no futuro con esta lei. E, polo tanto, o que me interesa é que sexamos capaces de desenvolver o cen por cento das competencias que temos. Iso é importante, porque niso nos xogamos o noso futuro.

Polo tanto, queremos que esas competencias sirvan para mellorar o marisqueo, para mellorar a pesca, porque agora tamén é responsabilidade completa da Xunta de Galicia, tanto desde o punto de vista da xestión do litoral como desde o punto de vista do funcionamento deses sectores. Ata agora, sempre se alegaba que só tiñamos competencias parciais. Non, non; agora a Xunta de Galicia vai ter todas as competencias. Polo tanto, vai ser a responsable. ¿E como se vai facer?, ¿como se vai traballar para mellorar a biodiversidade dos sectores? Porque a min me parece moi ben que teñamos un chiringuito sostible, pero, ¿como vai funcionar ese 70 por cento do litoral que non está sometido a eses procesos?, ¿como imos traballar para a depuración e o saneamento para que efectivamente ese medio ambiente marítimo estea protexido?

Fala vostede de cogoberno. Fala vostede —creo que acertadamente— de que esta lei o que pretende é a sostibilidade ambiental, social e económica. Espero que esas reunións as faga cos seus compañeiros de Valencia e de Murcia, a ver como lle explica eses obxectivos de sostibilidade e de loita contra o cambio climático, cando eles están aplicando políticas exactamente en contra das accións para impedir o cambio climático. Espero que non só se reúna cos do País Vasco, senón tamén con eses compañeiros do seu propio grupo político. *(Aplausos.)*

Polo tanto, todos buscamos a seguridade xurídica — efectivamente—, pero o que importa non é ter a seguridade xurídica, senón para que queremos ter a seguridade xurídica. Resulta curioso que cando vostede falaba dos sectores que van ter en conta para falar de todas estas cuestións, se lle escapou primeiro os construtores, ¡que curioso! O primeiro sector do que fala non foron os mariscadores, non foron os pescadores; non, puxo os construtores, ¡curioso! Porque, entre outras cousas, nos terá que dicir que pensa facer coas 4.000 edificacións que están neste momento en situación —entre comiñas— de ilegalidade. ¿Como van actuar? ¿Van actuar en todas exactamente igual? Porque aí hai de todo tipo. Hai instalacións de empresas de mar-industria, pero tamén hai gasolineiras, hai outro tipo de cuestións. Haberá que ver como van actuar. ¿Vanas seguir mantendo? ¿Vanas legalizar de forma directa ou simplemente non van facer? Porque está moi ben dicir que queren a colaboración de



todos, pero aquí se presentaron proposicións non de lei precisamente para ver como se facía con ese catálogo de construcións, e por parte do grupo maioritario se votou en contra de que iso se tivese en conta.

Polo tanto, eu solicítolle e pídolle que, efectivamente, o Parlamento sexa un lugar onde se discuta e se fale de todas as medidas que se poñen en marcha, de todos os obxectivos desta lei, de como vai funcionar desde o punto de vista de concesións no dominio público marítimo-terrestre. Polo tanto, que ese cogoberno sexa efectivo tamén cos grupos que estamos aquí no Parlamento. Pídolle que sexa desta maneira.

Indubidablemente, hai determinados campos que vostedes... É que é moi complicado tratar de resumir todo, pero está claro que o litoral é unha situación extraordinariamente complexa desde o punto de vista ambiental e ecolóxico, pero tamén desde o punto de vista social. E, polo tanto, alégrame que nalgunhas cuestións, como é o tema da cultura marítima e as construcións, se fixese un especial fincapé en que iso se manteña, pero hai que traballar moito máis no sistema de conservación ambiental destas cuestións.

Falou de que vai facer o control das augas residuais. ¿E como vai facer que se evite que a ausencia de saneamento afecte a calidade das augas? Porque iso si que tamén é política desde o punto de vista da súa consellería. Ten que ser capaz e ten que ter unha política claramente de redución dos efectos da contaminación por ausencia de saneamento. Polo tanto, está moi ben que se poñan axudas para a rehabilitación destas construcións que hai neste dominio marítimo-terrestre, pero ¿como van axudar os concellos precisamente para que establezan ese saneamento? ¿Como van axudar ou como van facer cos terreos que Portos de Galicia ten en determinadas zonas de espazos marítimo-terrestres e que están solicitando os concellos? ¿Como van facer? ¿Van facilitar a incorporación deses terreos aos concellos que os solicitan, ou van escudarse de novo, como facían antes, en que Costas do Estado non llelo permitía? Agora Costas do Estado son vostedes, ¿como van facer? ¿Van facilitalo ou van dificultalo?

Efectivamente, ánimoa a que siga avanzando no cogoberno, pero, ata o de agora, non o están facendo así. Polo tanto, o que lle pido é que efectivamente incorporen todos os axentes que están traballando, incluídos os grupos parlamentarios, precisamente neste traballo de desenvolvemento desta actividade, porque a Lei do litoral é un beneficio para toda Galicia e para os sectores de Galicia. E, polo tanto, felicitámonos porque estas competencias xa estean en Galicia, e soamente lle pedimos unha cousa: exérzaas, exérzaas ao cen por cento; non como fixeron noutros casos, onde as competencias —por exemplo, en marisqueo— estaban utilizadas a tempo parcial. Polo tanto, utilícenas ao cen por cento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.



Moi bo día.

Señora Vázquez, ¿coñece vostede o Xurelo? Non o peixe ese que se come no verán nos chiringuitos, senón un barco, un pesqueiro galego con base en Ribeira que, no ano 1981, denunciou os vertidos tóxicos nucleares na Foxa Atlántica en fronte das costas galegas. Isto pasou hai 44 anos, mais vostede ignoraba a existencia destes vertidos. *(Aplausos.)* Así é o nivel de coñecemento e defensa da costa galega pola Xunta de Galiza e a conselleira de Medio Ambiente, que descoñecía a existencia dos vertidos na Foxa Atlántica. *(Aplausos.)* Está publicado por vostede cun tuit, señora conselleira, non o pode negar. *(Aplausos.)*

Vostede fíxonos aquí un relato que, despois da odisea de Homero, é a seguinte obra narrativa sobre o grande esforzo histórico que fixo o Partido Popular en defensa de Galiza. Claro, vostede celebrou a transferencia das competencias —non do litoral, senón da xestión do dominio público marítimo-terrestre—, dixo que foi un fito histórico. Pero quero recordarlle que foi a única competencia que vostedes conseguiron en dezaseis anos, señora conselleira; un balance moi pobre porque, a este ritmo, tardaríamos trescentos anos en desenvolver unicamente todo o que está previsto no Estatuto, ao ritmo que van vostedes. *(Aplausos.)*

Despois, claro, presumen —coma sempre— de que son pioneiras, de que son as máis avanzadas e de que abren as portas aos demais. Pero quero recordarlle que Cataluña ten as competencias de xestión do litoral desde o ano 2007; Andalucía, desde o ano 2011 —señora conselleira, 2011—, e Baleares e Canarias, desde o ano 2022. Así que tan pioneiras na ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre... *(Murmurios.)* Non o pode negar, é evidente; están aí os decretos de transferencias, señora conselleira, no BOE publicados —téñoos aí, pódollos pasar despois—. *(Aplausos.)* Desde logo, o BNG non se conforma con este pobre balance. *(Aplausos.)*

E non é certo que teñamos o autogoberno do noso mar e da nosa costa, non é certo. Por iso, traemos aquí unha proposta —traemos propostas porque somos a alternativa..., si, somos a alternativa é por iso temos ideas, temos propostas—, *(Aplausos.)* para un acordo en defensa do litoral e do mar: a transferencia de todas as competencias pendentes que teñen que ver co noso mar e coa nosa costa. Por exemplo, o salvamento marítimo e a loita contra a contaminación; *(Aplausos.)* por exemplo, os centros de investigación oceanográfica; *(Aplausos.)* por exemplo, os títulos das titulacións náuticopesqueiras, ou, por exemplo, o ISM ou os servizos meteorolóxicos, que tanto teñen que ver coa costa. Isto si que sería exercer o pleno autogoberno en relación co mar e coa nosa costa.

E mire, a transferencia, dende logo, é un avance e parécenos positiva, pero a nós o que nos preocupa é que a utilicen de maneira regresiva, como estiveron facendo vostedes até agora; e pódolle poñer numerosos exemplos. Mire, voulle poñer dous:

O primeiro, o que fixeron con Ence. Vostedes puxeron no Plan de ordenación do litoral do 2011 que aí debería haber unha área de mellora ambiental e paisaxística; é dicir, que tiña que saír Ence dos terreos que ocupa no dominio marítimo-terrestre. *(Aplausos.)* E vostedes despois aprobaron unha prórroga de 60 anos para perpetuar Ence no dominio público, *(Aplausos.)* para privatizar un espazo público en beneficio dunha grande empresa multinacional, que é para os que gobernan vostedes coas portas xiratorias. *(Aplausos.)*



Segundo exemplo: o intento de legalizar construcións ilegais en dominio público. Fixérono na Lei de acompañamento do ano 2022, pretendendo que as construcións ilegais en dominio público fosen legais despois de quince anos. Iso é o que intentaron vostedes facer —botouno abaixo o Tribunal Constitucional—: intentar legalizar construcións ilegais no dominio público, intentar privatizar de novo o dominio público, como fai o seu xefe, o señor Feijóo, co seu chalé en Moaña; que iso é o que quere facer, privatizar o dominio público. (*Protestas.*) ¡Menudo exemplo dan vostedes! (*Aplausos.*) ¡Menudo exemplo, señora conselleira! (*Aplausos.*)

A Lei da xestión integrada do litoral, desde logo, ten aspectos teóricos positivos na exposición de motivos. O que pasa é que nos preocupan as verdadeiras intencións que se esconden detrás desa fachada, porque vostedes son moito de fachada. Son moito de fachada, si, señora. E voulle ler uns titulares sobre os verdadeiros obxectivos da lei, que foi o que fixo que o BNG non a apoiase. Primeiro titular: «*Las claves de la ley gallega del litoral, un blindaje al uso turístico e industrial de la costa*», publicado por *La Voz de Galicia* en decembro de 2022. No caso das rías, vostedes non pretenden blindar a función ecolóxica e produtiva das rías; vostedes pretenden blindar as industrias contaminantes e agresivas coas rías, como fixeron con Ence e como intentaron facer tamén coa mina de San Fins. Recórdolle que o seu departamento aprobou o vertido das augas contaminadas á ría de Noia, e tivo que paralizar esa autorización o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, señora conselleira, despois dunha denuncia da Confraría de Noia. Como intentaron ou intentan facer coa mina de Touro, e como queren facer tamén coa macrocelulosa de Altri, á que queren dar unha autorización para contaminar o río Ulla e a ría de Arousa.

O que hai que blindar, señora conselleira, non son os intereses das industrias extractivas, das mineiras, das celulosas ou da eólica mariña. O que hai que blindar é o equilibrio ecolóxico dos ríos e das rías e as actividades produtivas tradicionais: o marisqueo, a acuicultura extensiva e a pesca sustentábel, que lles dan de comer a miles de familias. Esta é a segunda proposta que lle facemos para un acordo galego polo litoral: poñer por diante os intereses do país, os nosos sectores produtivos, fronte ás súas industrias extractivas e contaminantes. (*Aplausos.*)

E ademais pretenden tamén blindar —xa o dixo vostede aquí— o uso turístico da costa con esa rede de establecementos turísticos do litoral. Porque vostede falou do patrimonio, pero o que declararon prioritario e estratéxico foi esa rede de establecementos turísticos, cunha operación especulativa para privatizar centos de construcións con valor histórico como conserveiras e salazóns; é dicir, para entregarllas a especuladores, a negociantes do seu círculo de amizades, como xa fixeron ata agora. E, por iso, a proposta número tres do BNG para ese acordo de país é un plan director do patrimonio arquitectónico do litoral por parte do Consello da Cultura galega, cunhas directrices sobre a conservación, a restauración e os usos, que deben ser predominantemente públicos.

O segundo titular que nos preocupa é ese que vostedes tamén transmitiron a través de notas de prensa de que a lei do litoral ía servir para legalizar 4.000 construcións no litoral. Segundo un informe da Xunta, 232 empresas. E fíxese: 24 gasoleiras, 24 depuradoras, 11 mercados municipais, 10 centros de saúde, 7 campings, 6 cemiterios, e vostede engadiu aquí colexios e residencias. Explíqueme, señora conselleira, por que este tipo de instalacións teñen que



estar en dominio público marítimo-terrestre, porque vostedes van en contra de todo. En contra dos tempos, en contra do cambio climático, en contra da subida do nivel do mar e da erosión costeira. Estas instalacións, a maioría delas, o que hai que pensar é en trasladalas de onde están, porque non teñen que estar ao lado do mar. É unha aberración absoluta e vai en contra das previsións do cambio climático.

Por iso, pedímoslle tamén —é a nosa cuarta proposta— un pacto polo litoral; un encargo ao sistema universitario galego dun estudo sobre os efectos do cambio climático, da erosión e da subida do nivel do mar na costa galega, e un plan para atrasalo daquelas instalacións que non precisan estar ao lado do mar. Efectivamente, as que non teñen que captar auga do mar ou que non teñen que ter acceso á lámina de auga non teñen que estar ao lado do mar. ¿Como vén vostede a estas alturas do século XXI defender este tipo de barbaridades e de aberracións? Por iso temos tantas discrepancias con vostedes.

Para rematar, quero referirme aos anuncios que fixo vostede, á parte do prototipo de chiringuito sostible —non sei se van recuperar aquela canción de Georgie Dann, a canción do verán de *El Chiringuito*, e cambiar a Juan Pardo por Georgie Dann—. (*Risos.*) De chiringuitos saben bastante vostedes, e doutro tipo de chiringuitos porque crearon... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)Si, sostibles, sostibles para as contas dalgúns, (*Aplausos.*) como o chiringuito que crearon vostedes con Impulsa para facer un pacto secreto con Altri que lle están negando e ocultando ao Parlamento e á sociedade galega. (*Aplausos.*) Eses son os chiringuitos que lle gustan ao Partido Popular. (*Aplausos.*) Dean conta e entreguen a documentación que lles pedimos. Deixen de ocultala, señora conselleira. (*Aplausos.*)

E, claro, fai vostede aquí anuncios. Despois de dismantelar todo o organigrama e a estrutura de ordenación do territorio que había na Xunta —que xa era pouca, pero a eliminaron—, vén aquí vostede anunciar instrumentos de ordenación do territorio e do litoral. Con propostas que están xa máis que chamuscadas, señora conselleira, porque lle quero recordar que a senda dos faros, que agora recuperan como grande idea que xa anunciou o señor Rueda, o gran capitán, no seu discurso de investidura ou do Debate do estado da nación, (*Murmurios.*) resulta que estaba prevista tamén no POL —Plan de ordenación do litoral do 2011—, que dicía que no prazo de dous anos vostedes elaborarían un plan especial para desenvolver esta senda. Levamos esperando doce anos. Este é o seu nivel de competencia ou, mellor dito, de incompetencia nesta materia.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: E claro, presumen tamén vostedes de coordinación, cooperación e participación, pero non contan cos concellos para nada. ¿E agora veñen anunciarnos que van crear un foro e un pacto cos concellos? O primeiro que teñen que facer é, nesa Comisión de Coordinación para a Xestión do Litoral, incluír os concellos, porque os deixaron fóra a pesar de que son 86 concellos nos que vive un millón e medio de persoas. Polo tanto, rectifiquen e acepten esta nosa proposta.

Remato xa, señora presidenta.



Queda moito, desde logo, por facer. Queda moito por rectificar para unha verdadeira xestión integrada e para asumir completamente o autogoberno do noso mar e da nosa costa. Pero unha cousa que hai que empezar a cambiar e tamén a óptica, a forma de ver o noso país e o noso mar; deixar de vernos como periferia dun centro que está na Meseta e vernos como nación atlántica e mariñeira.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: E esta é unha das grandes diferenzas entre vostedes e nós, porque, para vostedes, Galiza é a esquina do noroeste e, para nós, Galiza é o centro do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Moi bo día, conselleira.

Permítanme que empece primeiro facendo unha referencia ao Partido Socialista porque, ao menos, cando vostede di que se alegran de que Galicia teña competencias plenas sobre o litoral, o que facemos, polo menos os que estamos aí, é sorrir, por non facer outra cousa. Porque é increíble que, despois de absterse cando se tramitou aquí a lei neste Parlamento, despois de aplaudir un recurso do Goberno central no Constitucional e despois de insultarnos e chamarnos absolutamente de todo por impulsar esta lei, agora veñan vostedes dicindo aquí que se alegran. Polo menos, permítanme que sorría, como cando vostedes din que loitan contra a corrupción ou contra a prostitución. (*Aplausos.*) ¿Como fan?, ¿como fan vostedes, señor Abalde? (*Aplausos.*) Isto é como se os da banda do Garañón nos pretenden dar leccións sobre urbanismo; polo menos, resulta chocante.

E claro, o señor do Bloque Nacionalista, o señor Bará, é pois o de sempre: o «non» polo «non», e criticar o que se fai cando se fai e o que non se fai cando non se fai. (*Murmurios.*) Pero, miren, como dicía unha vez o presidente: trouxeron vostedes aquí todos os seus demos, todos os demos do Bloque Nacionalista. Dá igual na comparecencia que sexa; vostede vai falar de Ence, vostede vai falar de Feijóo, ¡de intencións ocultas, da depredación da mina de Touro, de Altri, da industria extractiva contaminante, dos especuladores...! Intento poñer a súa forma de falar, por iso fago así esa imitación. Pero mire, señor Bará, cando sempre din as mesmas cousas e cando o de sempre o exaxeran da mesma forma, vostedes entenderán que teñen moi pouca credibilidade. Esa é a realidade.

Creo que si que compartimos outra cousa que é que en Galicia temos un litoral que inflúe de forma moi importante sobre todos os aspectos da nosa vida. Destacamos sempre que hai máis de 2.500 quilómetros de costa que afectan 86 concellos, e que 1,5 millóns de galegos viven nestes concellos. Contamos cun sector produtivo ligado ao mar que inflúe ou que afecta



40.000 postos de traballo (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) —non entendo o que me di cando fai así, ten que levantarse un pouco— ou que afecta o 5 por cento do PIB, hoxe 9.000 millóns de actividade económica. Ademais, temos un dos ecosistemas mariño-costeiros máis variados e ricos do mundo.

E si, señorías, imos ser líderes na xestión integral da nosa costa grazas á aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral. Unha lei que recoñece as nosas competencias nesta materia, e isto inclúe a capacidade de Galicia para outorgar, prorrogar, modificar ou extinguir concesións para o uso e ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Unha lei —como dicía antes— que foi recorrida polo Goberno central, que consideraba que era unha declaración de independencia. Unha lei cuxo recurso foi aplaudido polos membros do Partido Socialista de Galicia —nós non imos esquecerlo—, e que ademais non foi apoiada nin polos deputados do Partido Socialista de Galicia —que caben todos, iso si, nun chiringuito, que por iso se rían os do Bloque Nacionalista Galego cando se falaba de chiringuitos, con bastante maldade, hai que recoñecelo— e tampouco foi apoiada por vostedes.

O Partido Socialista xustificou a súa abstención a esta lei dicindo que o único que queríamos era confrontar co Goberno central —así vemos como entenden vostedes as competencias recollidas polo noso Estatuto—. Dixeron que nós buscabamos rédito electoral —entendemos que iso tamén é un recoñecemento ao positivo que había nesta lei, porque, se non, non entendemos que rédito electoral se pode ter—, e ademais incluso ata viñeron con ese argumento tan estraño de dicir que, como tiñamos maioría absoluta e se ía aprobar si ou si, iso era antidemocrático. Esa foi a grande aportación do Partido Socialista. En definitiva, escusas, escusas e máis escusas. Escusas para xustificar e explicar os seus cambios de postura, escusas para explicar a súa falta de vontade de traballo e escusas para xustificar, unha vez máis, darlle as costas aos intereses de Galicia e posicionarse sempre, sempre, cos intereses de Ferraz e da Moncloa.

O Bloque Nacionalista Galego —como estaba a dicir—, o de sempre, critican unha cousa e a contraria. Dá igual o que se faga, eles sempre van criticar. Iso si, nunca, nunca, van levar a contraria ao señor Sánchez. Pero creo que realmente o que o Bloque Nacionalista Galego non pode soportar é que sexa un goberno do Partido Popular o que pelexou e o que defendeu o noso autogoberno. E o que lles molesta máis de todo é que unha lei tan importante como esta, que recoñece o noso autogoberno, ten unha firma aí abaixo da lei, que é a de Alfonso Rueda Valenzuela. ¡Iso é o que a vostedes máis lles molesta! (*Aplausos.*) Iso sempre, sempre, sempre vai ser o pecado que vai acompañar o Bloque Nacionalista Galego. No último momento, cando hai que defender os intereses de Galicia, defender o noso Estatuto, defender a capacidade que temos de autogoberno, o Bloque Nacionalista abstense. ¡Abstense! Porque, claro, o Bloque Nacionalista é da teoría de que canto peor lle vaia a Galicia, peor lle vai ir ao Partido Popular de Galicia. Polo tanto, sendo ao contrario, canto mellor lle vaia a Galicia, tamén mellor lle vai ir ao Partido Popular; e iso é algo que ao Bloque Nacionalista nin lle gusta nin quere que poida pasar.

Pero ben, dicíamos que esta lei saíu adiante. Saíu adiante grazas ao apoio do grupo maioritario da Cámara, grazas ao apoio do Partido Popular de Galicia, que xa na anterior lexislatura tamén tiña a maioría absoluta e o apoio da cidadanía. E grazas tamén, por suposto, ao tra-



ballo do Consello Consultivo, á participación dos mellores expertos en dereito administrativo de Galicia e ás nosas universidades. Pero nin todo iso serviu para que a esquerda aquí representada mudase ou se puxese do lado desta reivindicación histórica para a nosa comunidade.

Dicía antes que vostedes aplaudiron ese recurso de inconstitucionalidade que presentou o Goberno de Sánchez, e así foi. Pero a realidade é que, despois de marear moito e de todo iso, o Constitucional nos deu a razón, e, dos 72 supostos de inconstitucionalidade, o Constitucional só estimou dous, que ademais eran quizais os máis inocuos ou os que menos repercusión tiñan sobre a lei. Eu creo que o Goberno central fixo o ridículo, vostedes fixeron o ridículo e ademais actuaron de forma moi covarde, e, ao final, viuse que o Partido Popular de Galicia, a Xunta de Galicia e o presidente Alfonso Rueda Valenzuela, tiñan a razón, e que ademais o Constitucional nos daba esa razón.

Logo veu o traspaso dos medios materiais e persoais. Tampouco estivo exento de polémica, porque ao principio verá que custou moitísimo que o Goberno central fixese o que fixo noutros sitios e actuase coa lealdade coa que se esperaba que tiña que actuar un Goberno central cunha comunidade autónoma. Pero a realidade é que, grazas á Xunta de Galicia, grazas ao equipo da Consellería e da propia Conselleira, desde o 1 de xuño, o litoral xa forma parte desas competencias e da nosa capacidade para poder ordenalo. É verdade que tres anos despois de intenso traballo e tras gañar batallas xudiciais como a que tivemos no Constitucional. Con esta lei, demos un paso de xigante no regulamento do noso litoral e na capacidade para ordenar e xestionar a nosa costa desde un enfoque ecosistémico e integral que garanta o desenvolvemento sostible.

Aquí é moi importante facer unha relación das actuacións feitas. Quero dicir que hoxe a conselleira fixo unha relación de todo o que se tiña feito en relación con todo isto: a posta en marcha dese visor web, que é unha ferramenta dixital que vai permitir ou que recolle a información cartográfica necesaria para poder coñecer todo o que ocorre no noso litoral, e, en consecuencia, tamén tomar decisións. A creación desa Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral, que é o órgano de coordinación, de elaboración, de aplicación e de desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do litoral no que se toman as decisións dos órganos administrativos con competencia na costa. A constitución, señorías, do Foro do Litoral como máximo órgano colexiado. Tamén eses encontros sectoriais cos axentes económicos e sociais que traballan no litoral de Galicia. Tamén citou a aprobación, xa no 2024, da Estratexia de economía azul de Galicia con 40 medidas de apoio...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...ao crecemento sostible dos sectores produtivos vinculados. A dixitalización, o traballo que se fixo para dixitalizar e simplificar todos os procedementos. E tamén ese avance no traballo ou nas directrices de ordenación do litoral.

En definitiva, señorías, moitas cousas que van ser moi importantes para a nosa comunidade, que van ter moitísima repercusión sobre a cidadanía. Pero fixo sobre todo unha oferta moi importante de pacto de país, e eu creo que sería xusto e sería bo que os grupos parlamenta-



rios da esquerda —porque, por suposto, o noso grupo vai participar nese pacto de país— dixesen claramente se van querer participar ou non, e se van querer participar traballando co resto dos membros que participen e que formen parte dese pacto ou se van poñer condicións inasumibles para logo xustificar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...precisamente que non queren colaborar nin participar nese pacto de país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

¡Que complicado! Que complicado é tender a man e que nunca collan a man dos galegos e das galegas.

A verdade é que os vexo un pouco despistados, enrocados absolutamente no de sempre. Señor Bará, hai que traballar un pouco máis. É que vostede non pode vivir continuamente aquí co mesmo: os ricos, os amigos, as grandes eléctricas, Altri, Ence... É do que viven única e exclusivamente. (*Aplausos.*) E creo que hai que gañarse o soldo, hai que gañarse un pouco máis o soldo. (*Aplausos.*)

Primeiro, hai que ler a lei. Segundo, hai que ser consecuente co que se di e co que se fai. Primeiro, porque se vostede fose á xuntanza —que era aberta e á que foron convidados— o día 1 de xullo, alí escoitaría o redactor da lei catalá. E alí escoitaríalle dicir que Galicia é a primeira comunidade que ten a primeira Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, mar adentro e terra adentro; única e exclusivamente. (*Aplausos.*) Pero vostedes queren unha Galicia mísera, unha Galicia que poidan mangonear, na que digan aquí, neste lugar que debería ser sagrado, mentiras á esgalla. E digo mentiras á esgalla porque din que temos 4.000 edificacións que están ilegais. Pero, ¿quen dixo que había 4.000 edificacións ilegais? Hai 4.000 edificacións que estaban en perigo pola mente restritiva ideolóxica dun goberno do cal forman parte PSOE e BNG a partes iguais. (*Aplausos.*) ¡A partes iguais! (*Aplausos.*) Sen máis. (*Aplausos.*) E non digan que non, porque en realidade non escoitei eu que rompesen ou cortasen ese fío umbilical que os une e parece ser que os alimenta. Porque, sinceramente, se xa vostedes tiñan pouca credibilidade, coidado con ese gran capitán, porque vostedes si que teñen o gran capitán; ese capitán co que a tripulación está indo toda á deriva e que os vai levar tamén a vostedes cun fin, que é salvarse el mesmo.

Miren, aquí temos un presidente da Xunta de Galicia que loita por e para Galicia, que dende o primeiro momento instou a que isto fose consensuado, a rodearse dos mellores dende o punto de vista académico e científico, pero pensando tamén nos galegos de a pé; galegos de a pé que non son nin ignorantes, nin parvos, nin submisos. Porque cada vez que vén aquí,



señor Bará, parece que só vale a súa palabra, e que os demais, pobriños, comulgan co que vostede di dende aquí. Pois, mire, fíxese que iso non é así, iso non é así.

Señor Bará, deu vostede titulares durante estes tres anos, e ademais foron moitos os titulares que deu. Tanto é así que dixo que queríamos unha liorta, ¿non? Nós queríamos unha liorta e o Goberno central aí picou co anzol. Os que picaron foron vostedes e a verdade é que lles quedou ese anzol no padal e que, aínda que se lles infecte, non hai maneira de que dean un paso á fronte. (*Aplausos.*)

Eu voules pedir unha cousa: deixen vostedes de defenestrar a costa galega, deixen vostedes de poñer en dúbida os nosos produtos, deixen vostedes de poñer en dúbida a calidade das nosas augas e pelexen un pouquiño máis por Galicia. ¿Recordan os *pellets*? Cando dicían vostedes que eran tan contaminantes e que non se podía nin comer o peixe, fraco favor lle fixeron ao noso sector, aquel polo que din que se preocupan pero do que despois queren quitar absolutamente a todos da costa. Ben, pois non se lles escoitou absolutamente nada máis. Iso olvídoúselles, señor Bará. ¡Ence non, pero os *pellets* si que se lle olvidaron! ¿E por que se lle olvidou? Porque fíxese que é que non se lle pode tocar nin un pelo ao señor Sánchez. E débennos 2,5 millóns de euros, señor Bará. Dígollo porque iso forma parte da costa, e o Goberno galego vai recorrer nos tribunais para impugnar a decisión do Estado de non iniciar o procedemento de exixencia de responsabilidade ambiental. E aí deberían estar a carón dos galegos, pero fíxese que vostedes non van estar. Traslámanos por carta o pasado 4 de xullo á Vicepresidencia terceira, á ministra de Transición Ecolóxica, un requirimento previo á vía contenciosa administrativa ante a negativa de iniciar este proceso; un proceso que é de responsabilidade ambiental. Dígoo porque parece que están moi preocupados, pero despois a única preocupación era gañar unhas eleccións facendo, por certo, parece que miles de camisetas que deberon quedar aí ancoradas e xerando un gran residuo, porque non saíron á luz pública.

Dito isto, eu creo que é bo que tamén falen da calidade das nosas augas e do noso marisqueo. A ría de Pontevedra é un bo exemplo de como é compatible a calidade das augas coa realización tamén de actividades turísticas e de actividades industriais. E ollo, aí teñen a praia de Lourizán; aí ubícase o principal banco marisqueiro da ría de Pontevedra, xusto en fronte dunha biofábrica. ¡E a min impórtame nada a biofábrica; o que me importa é que cumpra estritamente coa lei! ¿Ou é que vostede non come ese marisco, señor Bará? (*Aplausos.*) ¿Non come ese marisco? Eu e o resto dos galegos si que o comemos. Polo tanto, deixen de enganar e deixen de burlarse dos galegos unha e mil veces.

Xunto con todo isto, hai cousas que non deixan de chamar a atención. E digo de chamar a atención porque, señores do PSOE, ¿lembran aquel momento onde o señor Valentín dixo que por suposto apoiaría a Lei de xestión e ordenación integrada do litoral, pero rapidamente — estaba de delegado o señor Besteiro — alguén o chamou a capítulo e o señor Besteiro dixo que non, e despois aquí o que fixeron foi absterse. ¡Que complicado o teñen neste momento para defenderse uns e os outros! Uns porque, ben, pois supoño que xa lles vai na súa carreira, e os outros por ser cómplices do mesmo.

Deron titulares ambos os dous. A señora Pontón dixo: «*Cree que la Ley de ordenación...*» Isto é un medio, ¡eh! Saíu o titular en castelán e léollelo en castelán, porque supoño que non



teñen sarpullido ante isto: «Pontón cree que la Ley de ordenación del litoral quedará en papel mojado, porque Galicia no tiene competencias». (Murmurios.) Ben, este foi un dos titulares. O segundo: «El BNG hará campaña para reclamar la cesión a Galicia de las competencias sobre el litoral». Parece ser que queren seguir en campaña. Iso si, ler non leron a lei en absoluto, porque parece que non lles interesa. Aínda están a tempo de facer algo polos galegos. O señor Bará, sobre a Lei do litoral, asegura que «la Xunta quería un conflicto y mordió el anzuelo». Mordeu o anzuelo, eu non sei quen con quen, os de aquí cos de Madrid. O señor Hugo Morán considera que a Lei do litoral é case unha declaración de independencia. Despois, un señor que xa non está (A señora conselleira, Vázquez Mejuto, diríxese á bancada socialista.) —os do BNG perduran aí durante moitos anos, están anquilosados; vostedes van cambiando moito e entón hai outros señores—, o señor Luis Álvarez: «El PSdeG retira su apoyo a la Ley del Litoral de la Xunta mes y medio después de anunciarlo». «Luis Álvarez advierte que o PSdeG non vai servir de coartada ao PP para empregar a Lei do litoral como elemento de confrontación». O PSdeG ante a Lei do litoral: «El PP apoya la Constitución por la mañana y por la tarde la incumple».

Ben, isto é unha tras outra. Polo tanto, eu creo que un pouco de seriedade e de ser consecuencias co que dicimos e tamén co que facemos. Lean a lei, fagan aportacións; seguímoslles tendendo a man. O que din aquí, por favor, sígano mantendo aquí, porque despois, cando van cos seus alcaldes, resulta que o retiran rapidamente.

¿Hai que seguir mellorando? Por suposto. Hai competencias que son da Xunta de Galicia e hai outras competencias que tivemos que recorrer porque incluso os plans de marisqueo os querían levar para Madrid. E fíxense que aí o BNG tampouco dixo nada e tivemos que gañalo nos tribunais. E tivemos que poñernos a carón dos concellos. Falo do Concello de Camariñas e podía falar doutro tipo de concellos, porque se dedicaron incluso a recorrer as licenzas da Xunta de goberno local. Por suposto tamén gañamos. Polo tanto, aquí non hai ideoloxía.

A partir de aí, fagan o indicible para que Galicia os crea, para que Galicia os crea un pouquiño. E díganlle que tamén ten competencias o Goberno central. E aí están as compensatorias, señor Bará, que xa lle gustaría a vostede que as tivesen neste momento, porque entón podería unir á causa algo máis, pero non, quedou polo camiño. ¿Sabe ben do que lle falo, verdade? Ou igual non, claro. É que fíxese que din que non sabía eu dos radioactivos, cando foi a Xunta de Galicia a primeira en mandarlle unha carta á ministra de Transición Ecolóxica para que nos informase dos traballos que se estaban realizando. Pero vostede agora non se dá conta do que lle estou falando e segue co Twitter a voltas. (Murmurios.) ¡Que fácil é gañar a nómina nalgunha bancada! Pero mire... (Aplausos.) (Murmurios.) ¡Que fácil é!

Os demais seguimos traballando. Faremos o indicible, un camiño que comezamos. Comezámolo por algo fundamental, que é para seguir loitando por e para Galicia, para seguir traballando para eses 86 concellos, para a poboación que vive neles, e por suposto, tamén para o noso sector. E, a partir de aí, os titulares, sen dúbida, van ser os de sempre. Pero xa o colmo dos colmos é dicir que esas 4.000 edificacións llas imos entregar aos nosos amigos. Teñan vostedes moito coidado cos amigos que teñen, sobre todo cos amigos que teñen en Madrid. Vaian cortando esa amizade. (Murmurios.)



As sendas do litoral, 1.313 quilómetros. E din: claro, é que xa o emprendemos nós. Emprendemos un camiño nun momento determinado e benvido sexa todo o traballo que se realice, señor Bará; pero queremos unha gran senda, que estea unida, porque non está unida, cunha soa sinalética, onde poñamos en valor tamén os núcleos que están preto, onde poñamos en valor a gastronomía, onde poñamos en valor a cultura marítima, e que se poida facer andando e incluso a pé. Esa é a intención da Xunta de Galicia, esta é a intención deste Goberno. Queremos facer, efectivamente, unha costa máis fermosa, que estea unida a un turismo sostenible, un turismo desestacionalizado, un turismo de calidade. Pero isto todo non ten sentido sen estar a carón do sector, e foi por ese sector polo que emprendemos este camiño e estaremos a carón dese sector.

Polo tanto, despois dun traballo inmenso, que non é sentar a ver tuits, senón que houbo que loitar nos xulgados e rodearse dos mellores, eu o único que lles pido a uns e aos outros, pero sobre todo aos señores do BNG, é que non insulten aos redactores da lei, que non intenten dicir que pobriños e que quen son eses. Pois son galegos e galegas que traballaron arreo e que non cren na ideoloxía. Pero créanme que, cada paso que van dando, cren moito menos en vostedes. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que tamén renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días de novo.

Señor Trenor, a nós indígnanos a corrupción sexa do partido que sexa, pero leccións da banda da caixa B, ningunha, por certo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Respecto á lacra da prostitución e da mercantilización dos corpos das mulleres, teñen unha oportunidade en setembro de convencer os seus compañeiros do Congreso dos Deputados para que voten a favor da Lei de ilegalización da prostitución. *(Aplausos.)* Aí teñen un momento e unha oportunidade para facelo, porque, se aquí nos andan reclamando cousas de Madrid, pois nós tamén reclamamos. *(Aplausos.)*

Dicía vostede que, ao final, o autogoberno conseguimos melloralo por unha competencia grazas ao grupo maioritario. Pero o grupo maioritario segue sendo o mesmo desde hai dezaseis anos. ¿Que pasa? ¿Os outros quince anos non se preocupou o grupo maioritario por ampliar o autogoberno de Galicia? Parece que non, porque é a primeira... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu non teño ningún problema en dialogar, pero a presidenta non nos deixa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, entón, pois sinxelamente, ¿que pasa? ¿Que cando o Goberno central era de Mariano Rajoy non se podían pedir competencias?, ¿cando é do Partido Popular non se piden competencias? ¿É que o Goberno de Galicia está condicionado á situación do Goberno central? Nós apoiamos a petición de competencias, sexa o Goberno central do Partido Popular, sexa o Goberno central do Partido Socialista, exactamente igual. Igual que levamos apoiando a petición de competencias que



agora, por fin, se acordaron, esperemos que sigan tamén con estas ganas de ampliar o autogoberno. Desde logo, aí terá o apoio do Partido Socialista.

As declaracións que acaban de dicir confirman o que dicimos. É dicir, nós apoiabamos a Lei do litoral; o que non apoiabamos era o procedemento. E o que pediamos era que se iniciase ese procedemento na Comisión Bilateral, aí era onde pediamos que se fixese esa xestión. Por certo, que así é como remataron as xestións; precisamente con ese acordo nesa Comisión Mixta de Traspaso das Competencias entre Galicia e o Estado central. Polo tanto, ao final déronnos a razón coa nosa posición.

Vostede fala dun pacto de país, claro, pero o maior responsable de que se teña un pacto era o Goberno maioritario, que é o que ten que facer o maior esforzo para que ese pacto sexa posible. E, lamentablemente, todas as proposicións que se traen a este Parlamento por parte da oposición —do Partido Socialista e do BNG— teñen o voto negativo por parte do Partido Popular. Non sei que nivel de pacto buscan. Di vostede que nós, os grupos da oposición, non damos a man aos galegos e ás galegas. ¡É que nós tamén somos representantes dos galegos e das galegas! Vostedes son os representantes maioritarios, pero non exclusivos dos galegos e as galegas. E, polo tanto, nós aquí estamos representando tamén os galegos e as galegas tan lexitimamente como vostedes. *(Aplausos.)*

Dime que eu dixen que hai 4.000 construcións ilegais. Ben, non eran ilegais; estaban fóra de norma, se lle vén ben esa cuestión. E, con esta norma galega, algunhas pasarán a estar dentro da norma. Algunhas, non todas, supoño que non todas. Pois entón, aquí o que pedimos é que nos diga cales van estar dentro da norma e cales non, porque aquelas que non teñan necesidade de estar pegadas ao mar non teñen por que estar nesa zona marítimo-terrestre. Polo tanto, iso é o que pedimos; iso é o que pedimos reiteradamente por parte da oposición. E vostede, que tanto pide que lle tendamos a man, ¿por que non tende a man cando os grupos da oposición traen proposicións non de lei razoables para buscar precisamente ese cofinanciamento?

E, home, é que eu tamén son representante de marisqueo. Fálame da situación do marisqueo e fálanos da ría de Pontevedra. ¿E a ría de Arousa? ¿Que problemas de saneamento ten a ría de Arousa, que perdeu case o 70 por cento da produción marisqueira? ¡O 70 por cento da produción marisqueira!, cunha desaparición practicamente total dunha especie como é o berberecho. ¿Aí non hai problemas de saneamento? Aí non hai unha biofactoría. ¿Que responsabilidade ten sobre iso a Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente a partir de agora? Porque non vale só falar dunhas cuestións, hai que falar de todas.

Claro, o grupo maioritario utilizou esta lei tamén para confrontar co Goberno central, porque non foi pola vía do acordo e do pacto a través desa comisión mixta. Polo tanto, eu aquí, soamente teño unha última petición. Falaba vostede de cogoberno e corresponsabilidade. Eu pídolle encarecidamente que incorpore os concellos tanto no Comité Técnico como no Foro do Litoral. Neste momento, digamos que a Comisión Interdepartamental, como é entre departamentos da Xunta de Galicia, pois non; pero no Comité Técnico e no Foro do Litoral deben estar representados os concellos, tanto desde o punto de vista da Fegamp como tamén de determinados concellos que sexan importantes desde ese punto. Polo tanto, incorpóreos xa nesa composición. Esa é a forma de conseguir a corresponsabilidade de todo o mundo.



Por último, fala vostede da senda do litoral, esta marabilla turística, de turismo sostible... Perfecto. E, ¿o respecto medioambiental das zonas pola que pasa esa senda? Porque esa senda vai pasar por zonas que necesitan estar protexidas medioambientalmente, por humedais...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: ...¿Que van facer con esa senda? Iso é importante, porque iso recorde que é o 70 por cento do espazo do litoral e, sen embargo, sobre iso non di nada. Di moito do turismo sostible, pero non do outro, que é o mantemento ambiental da nosa costa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: A ver se me quedou claro: vostedes critican a coherencia do BNG, que defende unha e outra vez as mesmas ideas. É dicir, é coherente porque defende os intereses do país e a maioría social, xuntamente, por exemplo, coas confrarías, fronte a vostedes que defenden os intereses particulares de Altri, (*Aplausos.*) de Ence, da megaminaría ou da eólica mariña en contra dos intereses dos sectores produtivos da nosa costa, que están co BNG, señora conselleira. ¿Que me está dicindo? Para dicir unha cousa e facer a contraria xa están vostedes, que cambian segundo vaia o vento por Madrid; segundo iso, cambian.

Me hablas de titulares clavando tu pupila en la mía. Ángeles, é que está vostede para falar de titulares. Mire, vostede dixo aquel famoso titular de que o eucalipto e unha árbore máis, unha árbore máis. Si, tamén Ayuso dicía que lle encantaban os bosques de eucaliptos de Galiza; a vostede tamén. Dixo vostede que a auga non se bebe directamente do río Ulla. Tamén frase brillante, a non ser que un estea nadando no encoro de Portodemouros e trague unha bocallada. E dixo hoxe aquí vostede: «sendas polas que se pode ir andando e incluso a pé». (*Risos.*) Unha perla, digamos. E dixo vostede: «Non é de recibo que teñamos que enterarnos pola prensa dun asunto tan sensible como a presenza de material potencialmente perigoso ante a nosa costa». 27 de xuño ás 16.33. Twitter, señora conselleira.

¡Gañar o soldo tamén é coñecer a historia deste país! (*Aplausos.*) ¡Coñecer o que pasou durante décadas na Foxa Atlántica; coñecer quen se enfrontou con iso, que foi, entre outros, o nacionalismo galego, mobilizándose en contra dos vertidos nucleares na Foxa Atlántica, como se mobilizou para que non houbese unha central nuclear en Galiza nos anos 70, señora conselleira! (*Aplausos.*) ¡Eses son os logros, as vitorias do nacionalismo, opoñéndose, mobilizándose, dicindo que non a todo aquilo que é negativo para o noso país, como Ence! (*Aplausos.*) Como Ence, señora conselleira, na ría de Pontevedra. Non o imos consentir, imos chegar a todas as instancias que haxa que chegar.

Que veña aquí vostede presumir da calidade das augas da ría de Pontevedra... ¿Pero que me está dicindo? Se a ría de Pontevedra está declarada zona sensible por incumprir a Directiva



marco da auga desde o ano 2001, señora conselleira, desde o ano 2001. Xunto con outras moitas, porque lle vou ler: a ría de Ferrol, desde o ano 2009; a foz do Miñor —Rede Natura—, desde o ano 2018; a enseada de San Simón, desde o ano 2023; as lagoas de Corrubedo, de Caldebarcos, de Baldaio, de Doniños, da Frouxeira... Espazos naturais únicos que están declarados zonas sensibles porque non cumpren os niveis da Directiva marco da auga en canto á contaminación.

Entre tanto, ¿saben vostedes o que fan coa súa incompetencia e coa súa incapacidade en materia de loita contra a contaminación, permitindo o estado en que están as rías e moitas outras zonas costeiras? Por exemplo, o que fan é ser incapaces de executar o Programa 542 a) de planificación e xestión hidrolóxica. No ano 2024, este programa tiña un orzamento inicial de 52,6 millóns de euros. ¿Sabe o que fixeron vostedes? ¡Cunha modificación de crédito, reducírono en 31,8 millóns de euros! O 60,4 por cento do orzamento reducido pola súa incompetencia. Porque, a pesar de todas as enormes demandas que hai no país de saneamento, de depuración e de abastecemento, son incapaces de executar o seu propio orzamento. Así que non lle boten a culpa a ninguén; a responsabilidade é súa e só súa.

Claro, vostede vén aquí tamén propoñendo pactos, coordinación e participación, e nós o que lles pedimos é que abandonen o seu sectarismo e o seu partidismo, porque o practican repartindo recursos públicos *a diestro*; non *a siniestro*, *a diestro*. E, ademais, fano habitualmente na súa actividade institucional, señora conselleira, porque hai algo que había que desterrar —iso tamén vai no soldo— da práctica política, que é a falta de respecto institucional; e vostede practícaa moito. Queren chamar os concellos a un acordo, pero o que fan é desprezalos continuamente. Vostede, xunto co seu correlixionario, o conselleiro de Cultura, visitou a illa de Cortegada e non tivo un momento para invitar a corporación municipal, pero si para invitar a representación do Partido Popular no Concello. E volveu outra vez —falándolle do litoral e da costa—, nunha visita á illa de Ons, recentemente, no mes de maio, tamén co seu compañeiro de Goberno, o señor conselleiro de Cultura, e non tivo a decencia de invitar a corporación municipal de Bueu pero si a levar no seu séquito unha concelleira do Partido Popular de Bueu. Isto non se pode permitir. Por isto, a corporación municipal de Bueu reprobouna a vostede, señora conselleira. E, ¿sabe o que votou o Partido Popular?, Abstívose. Por algo sería, por algo sería. (*Aplausos.*) Porque a Asociación Veciñal de Ons levaba catro catro anos esperando que vostede os recibise. Eliminen estas prácticas, por favor. (*Aplausos.*)

Polo tanto, repito o que dixen ao inicio. Queda moito por facer, queda moito por cambiar na política do litoral, pero aquí vai estar o BNG, para rexeitar, para opoñerse a todo aquilo que sexa lesivo para o noso mar e a nosa costa, para facer propostas en positivo, rigorosas, serias e transformadoras para gobernar de verdade nós o noso mar e a nosa costa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.



Non entendín moi ben iso que dixo vostede ao final, señor Bará. Moléstalle que os nosos concelleiros acompañen a conselleira nas visitas. ¿Sabe unha cousa? Non o entendín. Pero iso é como se a nós nos molestase que vostedes vistan como visita institucional a da presidenta do seu partido aos alcaldes de onde vostedes gobernan, coma se fose unha representación institucional da Administración galega. (Aplausos.) Pois é, polo menos, un pouco chocante.

Mire, señor Abalde, francamente, coa que está caendo, que fale vostede de corrupción e que pretenda dar algún tipo de lección ao Partido Popular, polo menos, é sorprendente. Vostedes difundiron bulos da UCO, vostedes dixeron que os gardas civís querían poñer unha bomba lapa ao seu presidente. Non digan que non. Vostedes atacaron a prensa dicindo que eran pseudomedios por publicar as corruptelas do seu partido. Vostedes atacaron os xuíces que se atreveron a investigar o tráfico de influencias, a malversación de fondos ou a prevaricación de membros do seu partido. ¡Vostedes teñen dous secretarios de organización —os dous últimos secretarios de organización— que están encausados por corrupción! Vostedes contrataron sobriñas nas administracións públicas, señores. E vostedes quixeron poñer un acusador á fronte do seu partido esta fin de semana. (Aplausos.) ¡Menudo balance, menudo balance, señor Abalde! E, ¿que fixeron vostedes? Aplaudir, ¡aplaudir! Aplaudir os ataques aos xuíces, aplaudir os ataques á prensa, aplaudir os ataques á UCO. ¿Que é o que din vostedes? *Quítate la culpa, quítate la culpa*, din os seus alcaldes ao seu secretario xeral. ¿Non o sabe? Pois escoite as gravacións: *quítate la culpa, quítate, quítate*. É que é de chiste. (Risos.) (Aplausos.)

E os da coherencia, señor Bará, claro que si. Vostedes son os da coherencia; os da coherencia co «non». Niso ninguén lle vai levar a contraria. «Non» a todo, «non» a todo o que crea riqueza e o que crea emprego para Galicia. Vostedes levan sendo así trinta e pico anos. «Non» absolutamente a calquera actividade económica que é capaz de crear emprego. «Non» ao turismo, porque, para vostedes, hai que demonizalo; «non» á industria; «non» á minaría; «non» á enerxía; «non» á xestión forestal; «non» á agricultura; «non» a calquera empresa que quere ampliar a súa actividade, ou que quere instalarse en Galicia. ¿Quere que fagamos un relatorio, unha por unha, de todas as empresas das que vostedes estiveron en contra? Non hai municipio onde se instalase unha industria, unha empresa, da que vostedes non estivesen en contra. ¡Pero é que ata das infraestruturas que leva a cabo a Xunta de Galicia ou o Goberno central vostedes están en contra! ¡Sempre, sempre en contra! Son os do «non» desde hai trinta anos. (Aplausos.) Mire, na miña cidade estiveron en contra da AP-9, do porto exterior, da ampliación do CHUAC... Non hai nada que se salve do «non» do Bloque Nacionalista, porque non saben facer outra cousa. Niso si que son moi coherentes dende hai trinta anos, dá igual. Incluso aqueles que botaron fóra defendían o mesmo; niso si que hai moita coherencia.

Pero, ¿por que están vostedes tan enfadados hoxe?, ¿que lles molesta desta lei?, ¿que lles molesta do que dixo a conselleira?, ¿que lles molesta? ¿Ese gran pacto polo litoral? Vostedes escoitan que se lles ofrece un pacto e, en vez de coller e dicir: ¡joia! Pois pode ser unha boa cousa; imos defender o litoral entre todos, imos participar, imos achegar algo á nosa terra... ¡Pois non! Vostedes, enfadados. Xa están aí, rabiosos; xa parece que lles molestou a oferta de pacto. ¡Un pacto para o litoral, e vostedes xa botados ao monte, vostedes aquí todos al-



porizados! Non se dan conta de que dende aquí se lles ve a todos aí alterados cada vez que falamos do pacto, señor Bará. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Que lles molestou? ¿Todo o que se fixo?, ¿todo o que se dixo?, ¿todo o que xa se fixo ata o de agora? ¿Iso molestoulles?, ou ¿molestoulles máis o que anunciou a conselleira que se ía facer grazas a esta lei e grazas ao traballo da Xunta? ¿Molestoulles que vaia haber un procedemento integrado para obter títulos no litoral?, ¿molestoulles que se vaia aprobar un decreto para facer a consulta pública previa?, ou ¿moléstalles o do Rexistro do litoral?, ou ¿o encontro coas comunidades autónomas? Parece que iso a vostedes tamén lles molesta. Ou a Rede de sendas no litoral. Parece que iso lle molesta tamén aos do PSOE.

A conselleira anunciou que, se non me equivoco, un 96 por cento do noso litoral vai ter unha figura de protección —entre o 70 por cento que vai estar protexido e outro 26 por cento que tamén ten algún valor que debe ser protexido—, e, a vostedes, en vez de ver como se pode enriquecer iso, parece que lles molesta. Tamén anunciou a Rede de establecementos do litoral, que vai permitir que moitos establecementos, moitas instalacións que están litoral, non acaben deterioradas e poidan ter outro uso que sexa máis compatible coa conservación dese patrimonio, e vostedes, en vez de intentar sumarse a ese éxito, a ese logro, parece que están en contra, parece que non queren revitalizar todo ese patrimonio do litoral. Non sei, señorías, a conselleira creo que ofreceu un pacto galego polo litoral. Van ser moitos, moitos, os que colaboren; moitos sectores, moitos alcaldes, moitas institucións. Vostedes se non queren colaborar, polo menos non molesten.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora conselleira na quenda de dúplica.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

As competencias en materia de saneamento e abastecemento son municipais, señores do PSOE. Tamén llelo digo aos do BNG. Dígoo por aquilo de que cando fai o esforzo a Xunta de Galicia, cos impostos de todos, cando ve que os concellos non son quen de facer esas depuradoras ou outras veces o abastecemento, atopámonos con exdeputados de certas ideoloxías, como pode ser un actual alcalde, o de Soutomaior, que non quere poñer nin o 10 por cento para que se constrúa unha nova depuradora. Miro para aquí, pero tamén miro para aquí. *(A señora Vázquez Mejuto mira primeiro para a bancada socialista e despois para a bancada do Bloque Nacionalista Galego.)* Dígollo ao das pupilas, porque podo mirar aos ollos porque non minto, esa é a realidade. *(Aplausos.)* De aí que, cando están aquí, reclaman unhas cousas, e cando van a outro lado e a Xunta de Galicia di que pon o 80 por cento do orzamento —ás veces, incluso, cun esforzo tremendo, ata o 90 por cento—, hai alcaldes que dan prioridade a outro tipo de cousas pero non dan prioridade a unha depuradora. É certo que noutros sitios primeiro non se lle daba prioridade, pero agora están facendo un grande esforzo, e entón eu teño que darlles os parabéns.



Por outro lado, é bo que se diga neste Parlamento cal é a situación das nosas augas. E a situación das nosas augas, eu teño que dicir que é excelente no 80 por cento das masas de auga onde ten competencias a Xunta de Galicia, e ese 80 por cento contrasta co 56 por cento a nivel estatal. É bo que vostedes, que gobernan ou cogobernan en Madrid, se poñan a traballar para chegar, ao menos, ao 80 por cento desa excelencia que teñen as masas galegas.

E, por outro lado, está o control; o control dos vertidos, dos puntos contaminantes na nosa costa. Fíxese que pasamos de ter detectado un 45,1 por cento no ano 2012 a un 9 por cento na actualidade. Algo están facendo ben os galegos e as galegas, algo está facendo ben este goberno.

Señor Bará, vostede, a quen lle segue gustando tanto falar de certas empresas, ¡coidado!, que xa tiveron que facer eleccións para ver quen manda, para ver como se organizan esas manifestacións de Altri, para ver se imos ao xulgado ou non. E fíxense que había dúas candidaturas. Pois gañou a máis cercana ao nacionalismo; que casualidade, señor Bará, que casualidade. Iso si, anuncian que xa van recorrer a autorización ambiental integrada e aínda non a lemos, ¡ollo! ¡Olé pola democracia do BNG! (Aplausos.) Aí estamos.

Falábame de Ons e Cortegada. Mire, ogallá poida ir unha e mil veces anunciar ou visualizar todo o que levamos feito. En Cortegada, unha capela fantástica e marabillosa na que, na semana seguinte, coas portas abertas, alí estiveron todos os veciños e as veciñas, porque en Medio Ambiente non só está a conselleira, senón que temos un equipo marabillosa, e alí estiveron todos os veciños, ¡Olé, creo eu, pola restauración desa capela! En Ons, ¡que ben que temos unha depuradora tamén fantástica! Pero non só iso, senón o acceso aos camiños. Pero non só iso, senón que estamos loitando para non ter que dar luz cun xerador. Debían de estar apoiándonos vostedes cando pedimos os 9.000 millóns de euros que nos corresponden a través dese Fondo social do clima., señores do BNG e señores do PSOE. Aí é onde hai que currar, aí é onde hai que traballar, aí é onde hai un proxecto para levar a cabo.

Pero xa me vou centrar no litoral, porque parece que a vostede, gustar, non lle gustou nada. E, é máis, é que me vou coa sensación de que lles encantaría que a lei fose inconstitucional, de que lles encantaría que non tivésemos as competencias e, polo tanto, que non as exercésemos. Que lles encantaría, ademais, poder sacar eses grandes titulares de amigos, grandes empresas; iso que lles mola e que lles vai a vostedes. Non sei onde pasarán as vacacións, pero, cando vaian a un chiringuito na praia —se queren, bautízano doutra maneira—, díganlles que se mofan deles, daqueles que están currando para dar os servizos e que son máis de catrocentos e, polo tanto, miles de postos de traballo. ¡Olé polos chiringuitos sostibles e sustentables en Galicia! (Aplausos.)

Señorías, Galicia está preparada para exercer as funcións e os seus servizos no litoral. Temos para iso experiencia, tamén temos coñecemento. Temos unha boa lei, unha lei innovadora, feita polos mellores, cunha depurada técnica normativa. É algo que non digo eu, senón que o dixo o maxistrado César Tolosa, que foi ademais ponente da sentenza do Tribunal Constitucional que avalou que a Lei de ordenación integrada do litoral era constitucional. El mesmo engadiu que a propiedade dun ben e a súa competencia para actuar sobre ese ben son cousas ben distintas, son cousas diferentes. Por iso, as comunidades podemos intervir se así está



recollido no noso Estatuto de autonomía. Recoñezo que botei de menos na tramitación desta lei e no proceso de traspaso máis colaboración; máis colaboración por parte do BNG, máis colaboración por parte do PSOE. Aínda están a tempo, se queren ser minimamente cribles. Dicia que estamos preparados porque temos unha magnífica lei; porque temos, ademais, un cronograma para xestionar e ordenar con accións dende o punto de vista, por suposto, do cogoberno. Non haberá ningún alcalde que diga que non o chamamos para as distintas reunións, que non lle tendemos a man para que fixese as súas aportacións. E, efectivamente, hoxe, a voz de Barbanza, por exemplo: «*El traspaso de Ley del litoral da una segunda vida a 89 bienes singulares*». E di o alcalde —creo que non é o do PP; igual cambiou e non me enterei, pero penso que non—: «É a fórmula para crear riqueza dun patrimonio en estado ruinoso».

Dito isto, no plano da gobernanza, aprobaremos en setembro o decreto do Foro do Litoral; celebraremos o cumio dos municipios; a finais de ano, convocaremos un encontro coas distintas comunidades autónomas —con todas; Galicia é singular e o resto tamén ten singularidade—; con respecto á dixitalización, aprobaremos a final de ano o procedemento integrado que simplificará e axilizará os trámites para obter os permisos, unificando todo nun único expediente; crearemos o Rexistro do litoral de Galicia, que dará conta das autorizacións e concesións outorgadas —ninguén vai poder dicir que hai algo escuro detrás de todo isto; ata o de agora, si que era escuro, porque fíxense que non había maneira de saber cantas, nin onde, nin cando—; faremos, da man de turismo de Galicia, a gran senda do litoral, con eses 1.332 quilómetros; creárase á Rede de establecementos turísticos do litoral, e traballaremos para dar unha segunda vida ás edificacións con especial interese histórico, arquitectónico e tamén cultural. Son medidas realistas, unha vez máis.

¿Lealdade institucional? Si que a temos, señor Bará, si que a temos esa lealdade institucional. Pacto de país, importante, un pacto de país. Pero queremos ir máis alá. O Goberno central non pode quedar inmóbil ante todo isto. A nosa lei ten que ser a chave que abra a porta a que a Lei de costas se adapte á realidade actual. Aspiramos a que a Loxilga poña a primeira pedra no camiño que leve a reformar, a reformular, a normativa estatal. Galicia vaino reclamar, e créanme que non imos estar sós nesta demanda que comparten outras autonomías, outras comunidades autónomas. É unha loita que estamos dispostos a liderar dende Galicia. Queremos seguir pola vía do diálogo e tamén do consenso, polo camiño da participación, como fixemos ata o de agora, e nunca esquecendo as particularidades e as singularidades da nosa querida Galicia, desta Galicia que é única. Non dubiden que a máxima deste Goberno galego é a de seguir sendo o gran protector e o coidador da nosa biodiversidade, da nosa Galicia verde e azul, que non é un slogan, senón que é unha realidade. Somos distintos, Galicia é distinta, Galicia é calidade.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematada a quenda da conselleira, suspendemos a sesión plenaria, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito a todos e todas.



Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar no punto 3 da moción o seguinte contido:

Onde di: «Para tal fin, a Cámara insta a Xunta a dirixirse ao Goberno español para lle reclamar o incremento da súa achega así como o pagamento da débeda histórica adquirida con Galiza desde a entrada en vigor da lei.»; debe dicir: «Para tal fin, a Cámara insta a Xunta de Galicia a detallar a débeda xerada co Servizo de Axuda no Fogar en Galicia, ata a fin do ano 2018 baixo o goberno de Mariano Rajoy, para dirixirse ao Goberno de España co fin de reclamala; así como o incremento da súa achega.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«No marco das negociacións abertas coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar apoiando economicamente os concellos galegos para facer fronte ao custo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que é un servizo de competencia municipal (segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia) e para seguir impulsando a mellora do seu financiamento.

2. Continuar reclamando ao Goberno Central o cumprimento da Lei de Dependencia que lle obriga a financiar o 50% do custe dos servizos, así como o pagamento da débeda con Galicia e cos galegos por ese incumprimento.»)



O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe, desde o BNG, defendemos nesta moción medidas e propostas para blindar o SAF e, sobre todo, para garantir máis financiamento para un servizo que é esencial na atención á dependencia en Galicia e que atende hoxe máis de 23.000 galegas e galegos. É unha proposta concreta e realista con dous obxectivos fundamentais. O primeiro é aliviar a enorme carga económica que están soportando os concellos galegos na actualidade. O segundo, garantir a viabilidade do servizo e o benestar das persoas usuarias do SAF e, sobre todo, garantir mellores condicións laborais e salariais para as traballadoras que o sosteñen. Con ese duplo obxectivo, propomos incrementar o financiamento que achega a Xunta de Galiza —tamén incluíndo as transferencias que fai o Estado— até os 20 euros por hora en dous anos. É dicir, como xa avanzamos na propia interpelación, no inmediato e con carácter retroactivo —é dicir, desde o 1 de xaneiro de 2025—, incrementar até os 17 euros por hora o financiamento da Xunta, e, a partir deste ano, incrementar progresivamente a contía até alcanzar os 20 euros por hora no ano 2027.

Esta proposta, que o Bloque Nacionalista Galego tamén transmitiu e trasladou no seo da Fegamp a través da nosa representación municipal, permitiría aos concellos, señorías, seguir prestando un servizo que —cómpre lembrar— corresponde á Xunta e ao Estado soste economicamente a partes iguais, non aos concellos, tal e como determina a Lei de dependencia desde o ano 2006. Por iso, entre as propostas que recolleemos na nosa moción, reclamamos tamén ao Estado que cumpra coas súas obrigas orzamentarias nas achegas de financiamento ao sistema da dependencia e que pague a Galiza o diñeiro adebedado ao longo destes anos desde a entrada en vigor da lei.

Actualmente, tanto o Goberno galego como o español, conxuntamente, están financiando o Servizo de Axuda no Fogar en Galiza con 12 euros por hora, cando o custo real da prestación do servizo, neste ano 2025, segundo os datos que ofrece a propia Fegamp, é de 23,6 euros. Doce euros é o financiamento que dan a Administración xeral do Estado e a Xunta para asumir un custo que, de media, para os concellos galegos se sitúa en 23,6 euros por hora.

Eu creo, señorías —así o cremos desde o BNG—, que se de verdade se cre no Estado do benestar, se de verdade se cre nos coidados como dereito, se se cre que o mellor é poder facer-nos vellos nas nosas casas contando cos apoios e cos servizos públicos necesarios para que poidamos envellecer no noso domicilio nas mellores condicións de vida posible, ningunha forza política hoxe nesta Cámara debера votar en contra desta proposta.

Pero tamén permítanme que dubide do compromiso do Partido Popular co Servizo de Axuda no Fogar. Primeiro, pola emenda que presentan, que baleira absolutamente de contido a proposta que hoxe formula aquí o Bloque Nacionalista Galego. Pero tamén porque as decisións que está adoptando, que leva adoptando nos últimos anos o Partido Popular desde a Xunta de Galiza, van en sentido absolutamente contrario ao fortalecemento do Servizo de



Axuda no Fogar, e, en conxunto, as iniciativas, as propostas e as medidas que defende o PP van en sentido contrario a ampliar os servizos públicos de atención ás persoas dependentes.

Teño que dicilo con toda claridade e tamén con toda a contundencia: o Partido Popular está desmantelando o Servizo Público da Dependencia, substituíndoo por políticas asistencialistas. E permítanme referirme a casos concretos que exemplifican perfectamente esa substitución do que debe ser unha política pública de coidados por puro asistencialismo que nos retrotrae a anos e anos atrás.

Máis do 80 por cento das prazas de residencias de maiores en Galiza —denunciámolo miles de veces desde o BNG nesta Cámara— están en mans privadas. Sen ir máis lonxe, todas as que construíu a Fundación Amancio Ortega —que non tivo que poñer un só euro a Xunta de Galiza para levantalas— foron privatizadas nada máis lles entregaron as chaves. Os cinco centros de crise para a atención de vítimas de violencia sexual 24 horas foron privatizados nada máis foron construídos. Vémolo cos centros que atenden persoas con discapacidade. En Galiza, hai 262 centros para persoas con discapacidade; só 23 son públicos, o 9 por cento. Todo o resto, ou están en mans privadas ou depende a súa xestión directamente de asociacións de familiares. Iso é a asistencialismo, e, sobre todo, facer recaer nas familias a prestación dun servizo público que garanta o benestar, a calidade de vida e a atención que se merecen as persoas con discapacidade, que é unha responsabilidade colectiva, e non das familias que teñan unha persoa nesta situación.

Vémolo tamén noutras políticas que o PP ademais defende, como a súa política estrela en materia de coidados, que é devolver a atención ás persoas dependentes aos fogares para que sexan as mulleres quen asuman sobre o seu lombo as tarefas de coidar, por catro pesos, persoas dependentes na súa casa. Fíxense, diciámolo na interpelación hai quince días, cando formulabamos a interpelación á conselleira: por primeira vez, desde que se aprobou a Lei de dependencia, desde o ano 2006, en Galiza hai máis persoas percibindo prestacións asistencialistas para que sexa un familiar ou un veciño quen os coide na súa casa, que persoas usuarias ten o Servizo de Axuda no Fogar; por primeira vez en dezanove anos. Ese transvase de usuarias e usuarios que se nos intenta vender como un exercicio de liberdade radica directamente no colapso no que se atopa o Servizo de Axuda no Fogar pola precariedade e o infrafinanciamento no que se atopa este servizo. Diciámolo nun exemplo concreto na cidade de Ferrol: hoxe, no concello de Ferrol, hai máis persoas agardando na lista de espera para ser atendidas, tendo dereito recoñecido por lei a horas do Servizo de Axuda no fogar, que realmente usuarias reais no Servizo de Axuda no Fogar. E traíamos o exemplo de Ferrol, pero podemos poñer calquera concello galego, porque se atopan ao bordo da quebra, nun absoluto estado de emerxencia que deriva fundamentalmente das condicións económicas nas que se presta este servizo.

¿E que fai diante desta situación o PP? Botarlles a man ao pescozo aos concellos, sancionalos. Como acontece no caso do Concello de Folgoso do Courel, porque ten persoas na lista de espera, horas de dependencia concedidas pola Xunta, pero non pode prestarlles realmente o servizo porque non ten nin sequera persoal para poder facelo. Bótalles as mans ao pescozo aos concellos, sanciónaos, e directamente agora ao que se dedica é a recortar o orzamento do Servizo de Axuda no Fogar.



Eu teño aquí —téñeno vostedes tamén, señorías; digo eu que abrirán os correos electrónicos que chegan a esta Cámara— as modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2025, onde hai un recortazo de 5 millóns de euros da Xunta de Galiza no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar, para pagar esas políticas asistencialistas e que sexa un veciño ou un familiar quen te atenda, quen te coide na túa casa, por 400 euros, que é menos da metade dun salario mínimo interprofesional. Catrocentos euros, que é menos do que percibe calquera persoa beneficiaria dunha risga. Aí é onde se ve o modelo de políticas de coidado, o modelo de benestar, o modelo de atención á dependencia que defende e, sobre todo, que practica o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza. E iso non é o que precisan, e, sobre todo, iso non é o que se merecen as galegas e os galegos. Ese non é, desde logo, o modelo que defendemos e polo que traballamos desde o BNG.

A xente dependente, a de hoxe e a de mañá —eu aspiro, coma todas vostedes, a facernos vellas nas nosas casas—, o que necesitamos e ao que temos dereito é a servizos públicos de calidade e non a axudas raquílicas que non garanten dereitos; que devolven o coidado, como se fose unha tarefa que deben asumir, sobre todo e principalmente ás mulleres na súa casa. No BNG temos claro que o benestar nin pode ser un negocio nin un privilexio, e, por iso, seguimos impulsando hoxe medidas coma estas para fortalecer un servizo esencial que lles garanta condicións de vellez digna e de vida digna ás galegas e os galegos nas súas casas. É nese modelo dun servizo de axuda no fogar non precario, nun servizo de axuda no fogar que se preste coa máxima calidade no que cremos no Bloque Nacionalista Galego. E hoxe imos ver con esta moción cal é o modelo que defende e que practica o Partido Popular.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

O pasado 26 de xuño reuniuse —como moitos de vostedes saben— a executiva da Fegamp, que preside o alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela, do Partido Socialista. Reuniase precisamente para falar deste tema, do financiamento do SAF, e de como este servizo —esencial, evidentemente, para toda a nosa poboación dependente, como xa se dixo aquí moitísimas veces— está afogando os concellos.

Entendo que vimos tratar hoxe basicamente o SAF. Evidentemente, hai outras cousas que se derivan de aquí. Pero, insisto, xa houbo, no pasado 26 de xuño, unha executiva na Fegamp para este tema, á que acudiron máis de douscentos alcaldes de todos os concellos de Galicia, de diferentes cores políticas, e todos chegaron alí a ese acordo por consenso de acadar a cifra de 17 euros por hora —evidentemente, escalar co paso do tempo progresivamente— e de que ían comezar as negociacións. E iso quero recalcalo, porque iso é estar na xestión, tal e como acabo de dicir, desde o 26 de xuño. Iso estase falando, falouse na Fegamp, e acordamos



que nestes días comecen as negociacións —non está aquí a conselleira, pero supoño que a señora Raquel nos informará— tanto coa Consellería como co Estado, evidentemente. Recalco isto porque isto está en marcha, está medida está en marcha; e dos 313 concellos galegos, que agardan isto, máis de 200 estiveron de acordo.

E a min vanme perdoar, pero, de momento, a Fegamp eu creo que non é sospeitosa de non querer acadar o mellor para os concellos; para empezar, para os concellos. Porque, desde logo, se hai un partido municipalista, é o Partido Socialista. Se hai unha organización que sabe que o crecemento do benestar das persoas comeza na política municipal, é o Partido Socialista. E, se hai un partido que cando goberna o fai para todos e todas as galegas e galegos, sexan da cor política que sexan, é o Partido Socialista. E lembro aquí o Goberno do presidente Emilio Pérez Touriño, co plan concertado para todos os concellos de Galicia, que ata aquel momento nunca se vira, e lembro tamén aquí a vixente lexislación e o vixente Goberno de Valentín González Formoso, na Deputación da Coruña, onde lexisla para todos os concellos da provincia da Coruña. (*Aplausos.*) Así que tampouco é sospeitoso o Partido Socialista de non gobernar para todos. (*Aplausos.*)

Así que eu creo que sería bo que se respectasen os inicios das negociacións, se realmente cremos que podemos acadar un resultado. Outra cousa é que non nos guste e, evidentemente, non esteamos de acordo cos deseños —se é que os hai— das políticas sociais que leva a cabo o PP. Pero, ¡concho!, acabamos de iniciar unha negociación. Entón, eu creo que é momento de sentar, de dar espazo a que esa negociación vaia polo bo camiño e de acadar un resultado. Porque o resultado é para os centos de mulleres que traballan no SAF directamente —case todas son mulleres, evidentemente, porque é un traballo feminizado— e, indirectamente, para todos aqueles que nas súas casas están agardando ter un servizo mellor, independentemente de que aquí non estamos para nada de acordo coa política do bono e do cheque, que, como xa se dixo, é unha forma de aforrar cartos clarisimamente, de sacarse unha responsabilidade de enriba e, evidentemente, de deixar ao albur o coidado de persoas que moitas veces non teñen outra cousa máis que o veciño máis cercano ou o familiar máis cercano, que, ademais, na maioría dos casos, xa están prestando eses servizos sen ningún tipo de informe social.

Eu insistiría en que esa negociación está aberta e en que nós esperamos que frutifique, porque —insisto— está á fronte o señor Alberto Varela, así que eu espero que academos un bo resultado tanto para as traballadoras do SAF como para os usuarios. Así que, por se alguén non o sabe, por se alguén nos escoita por *streaming*, esta negociación estase a levar a cabo, faise a través da Fegamp e estamos a esperar os resultados que se poidan acadar. Porque ninguén espera máis estes resultados que os concellos galegos, que están ata arriba de soportar o que non lles é propio e, evidentemente, de que non se cumpra esa Lei de dependencia.

Por certo, vou especificar aquí, para que quede constancia, as porcentaxes do pagamento do SAF. O Estado está aportando agora o 30,56 por cento do pagamento; os concellos, o 29,82 por cento; a Xunta, o 27,35 por cento —por debaixo do Estado—, e os usuarios, o 12,27 por cento restante. Iso está aceptado pola conselleira, está ratificado, está informado. E, volvo repetir: aínda que non chega ao 50 por cento, está pagando nestes momentos máis



o Estado que a propia Xunta de Galicia. E isto é bo que se saiba tamén. Porque, claro, imos incrementando as verdades non verdades, e acábanse convertendo en leis. Hoxe, estes son os datos que están publicados e que están ratificados e aceptados pola Consellería de Política Social.

Por suposto que nós aprobamos que se lle reclame ao Goberno; si, si. Claro que hai que reclamar ao Goberno as achegas que non nos igualan a outras comunidades e as achegas que non nos están chegando. Isto á marxe de que Galicia é a única comunidade que non ten plan estratéxico. Téñeno practicamente todas as comunidades de certa envergadura, pero Galicia non o ten, non sabemos por que. Levamos desde o ano 2009 sen plan estratéxico, nunca o houbo, cando outras comunidades van polo segundo plan estratéxico. E boa parte destes problemas —non nos cansaremos de repetir— son porque a conselleira ou os diferentes conselleiros que pasaron pola Xunta de Galicia do Partido Popular non queren liderar os servizos sociais, porque, se quixesen liderar os servizos sociais, terían feito este plan estratéxico, para que o que veña detrás saiba o camiño que hai que seguir e continúe o traballo que hai que seguir.

Como dicíamos, queremos reclamar esa débeda, pero tamén queremos que cuantifiquen. E, claro, de pronto sacamos aquí cifras máxicas de 2.500 millóns, que dentro de pouco serán 3.000, 4.000 ou o que nos dea a gana de dicir, e ninguén trouxo —e mira que o pedimos a esta Cámara— un informe que determine exactamente de que estamos a falar, que cuantifique ano por ano a débeda da que falan vostedes de 2.500 millóns. Sería bo que o soubésemos; que digan, desde o 2012 ao 2018 —casualmente os anos onde gobernou o seu compañeiro M. Rajoy— en canto estiman a débeda, tanto do que se nos deixou de ingresar a Galicia como daquelas horas que lles foron negadas aos dependentes galegos; moitos deles xa mortos hoxe en día. Así que hai dúas formas de cuantificar esa débeda: tanto o que non se nos deu como o que se nos quitou por servizo.

E digan, por favor, canto detraeron vostedes, señores do Partido Popular, cando chega aquí o plan de choque de Pedro Sánchez, cando aquí se comezaron xa a facer as achegas de máis de 1.800 millóns para a dependencia. Canto foi o que vostedes deixaron agochado nos orzamentos ou ben detraeron dese orzamento, facendo que non fosen os fondos que tiñan que ir para a dependencia.

Entón, evidentemente, pidamos todos respostas e pidamos todos o que temos que pedir ao Estado, que para iso nós, o Partido Socialista, fixemos unha lei de dependencia. Volvo recordalo aquí. Pidamos pois todo o que se nos debe, evidentemente. Pero, por favor, fagan vostedes, tal e como falamos na nosa emenda, o esforzo —xa sei que debe de ser grande, pero non por grande deberían de deixar de facelo— de traernos aquí o que lles acabamos de pedir: esa cuantificación, porque, hoxe, pregúntese onde se pregunte, non sabemos de onde saen os 2.500 millóns.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.



A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

Señoría Rodil, eu pensei que hoxe vostede ía felicitar o presidente; non polo seu cumpreanos, que tamén, senón polos datos que acabamos de coñecer referidos ás valoracións de dependencia. Pero non foi así, claro, porque, no BNG, canto mellor lle vaia aos galegos, pensan que peor lles vai ir a eles. E nunca, nunca, nunca se van alegrar de nada bo que lle pase a Galicia.

Mire, o que está pasando é que, segundo os datos da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais publicados onte mesmo, Galicia é a comunidade que máis reduciu a lista de agarda de dependencia no primeiro semestre deste ano 2025. *(Aplausos.)* Así, mentres a lista de agarda no conxunto do Estado se incrementou un 6 por cento, en Galicia reduciuse un 26 por cento, sendo a comunidade que máis mellora as súas cifras. E, ademais, é a segunda comunidade con mellores datos de atención daquelas persoas que están valoradas; é dicir, máis do 98 por cento das persoas que teñen unha valoración están desfrutando xa dun servizo. E, todo isto, señora Longueira, a pesar de que o Estado nos debe 2.500 millóns da Lei de dependencia.

Mentres ao País Vasco lle financian o 50 por cento establecido pola lei, a Galicia Sánchez recortounos —porque é así, recortounos— os cartos que nos poñía para a Lei de dependencia, pasando do 40 por cento no ano 2023 a menos do 35 por cento no ano 2024. Efectivamente, porque o que está a pasar e que aquí nunca nos vai pasar é que o Estado nos dea a Galicia o mesmo que lle dá a outras comunidades. Porque, dende Galicia, o Bloque Nacionalista o que fai é dicirlle «si» a todo o que pide Sánchez, e por iso Sánchez non ten que molestarse o máis mínimo en ofrecerlle ao Bloque Nacionalista Galego nada do que pide.

Efectivamente, entre todas as prestacións de dependencia, o Servizo de Axuda no Fogar é o que máis demandan os galegos e é tamén o máis valorado por todos os galegos. Por iso, a Xunta, en consonancia con esta demanda, incrementou ano por ano os orzamentos —para este ano, o 8 por cento— ata ter os 140 millóns de euros para o Servizo de Axuda no Fogar, no que temos xa 25.000 persoas atendidas, multiplicando por oito a cifra que tiñamos cando vostedes gobernaban.

Ademais, si, puxo en marcha o bono Coidado no Fogar, do que se benefician máis de 20.000 persoas; creou as casas do maior no rural, máis de 143, e multiplicou por seis o número de prazas de centros de día respecto a cando gobernaban Bloque e PSOE. Porque os galegos e as galegas queremos permanecer nas nosas casas o maior tempo posible, e a Xunta pon os medios para que así sexa. *(Aplausos.)*

Por certo, señora Rodil, cando vostedes gobernaron, fixeron unha lei que establece que o Servizo de Axuda no Fogar é de competencia municipal, aínda que agora dende a oposición diga que os concellos non teñen nada que ver. Pura hipocrisía, señora Rodil; a hipocrisía do Bloque Nacionalista Galego á que nos teñen tan acostumbrados.

Pero claro que a Xunta está comprometida cos concellos galegos, e xa o fixo no ano 2021, cando acordou coa Fegamp, co Bloque Nacionalista Galego e co Partido Socialista, poñer en



marcha unha axuda incrementando o prezo por hora, a axuda por hora, de pouco máis de 9 euros ata 12 euros. A Xunta cumpriu, porque a Xunta cumpre os seus compromisos —tamén os que fai co Bloque e co Partido Socialista—, e un ano antes do establecido nese acordo do ano 2021, a Xunta tiña aportado xa a todos os concellos 12 euros por hora para o Servizo de Axuda no Fogar.

O que non cumpriu con vostedes, señora Rodil, é o Goberno de Sánchez, porque, a pesar do que vostedes asinaron no ano 2020 e outra vez no ano 2023, segue sen darlles o 50 por cento da Lei de dependencia que nos corresponde a todas as galegas e galegos. Como dicía anteriormente, un compromiso que si acadou co Goberno vasco, claro que si. Porque, ao señor Sánchez, os dependentes, igual que os enfermos da ELA, as familias con fillos en escolas infantís ou as persoas que quedan durante horas e horas tirados no tren ou nos aeroportos, todo iso non lle importa nada. Ao señor Sánchez, e cada vez máis, o único que lle importa son os votos que o teñan polo menos un día máis na Moncloa, e sabe perfectamente que co Bloque Nacionalista Galego non ten que perder nin un só segundo en negociar nada, porque Sánchez sempre contará, como dixen anteriormente, co seu voto. E vostede mesma o dixo onte, señora Rodil: imos seguir apoiando o Goberno porque aínda non cumpriu os seus compromisos. Pois, miren, poden esperar sentados porque non os vai cumprir; e así, moito menos.

Por iso, señora Rodil, a pregunta do seu deputado si *bwana* en Madrid sobre o financiamento do 50 por cento da Lei de dependencia foi unha pantomima, unha pantomima de principio a fin. E a resposta do ministro Bustinduy exixíndose, absolutamente indignado, exixíndose que o Goberno cumpra dunha vez a Lei de dependencia —jé que se exixía a si mesmo!— foi unha resposta patética. Que o faga, señora Rodil. ¡Que non o diga, que o faga, que o pode facer!, que o Goberno de Sánchez non ten diñeiro para a dependencia, pero si o tiña para pagar favores sexuais con cartos públicos. Esa é a pura realidade.

Teñen a cara de vir aquí solicitando un incremento das aportacións da Xunta aos concellos, nun momento no que, como dixo a señora Longueira, se está en plenas negociacións coa Fegamp. Por certo, señora Longueira, non é que estea o PSOE en negociacións; estano todos os concellos galegos de todos os partidos representados na Fegamp coa Xunta de Galicia. Estase negociando nestes momentos.

E mire, señora Longueira, os datos: o Informe DEC di que a Xunta destaca entre todas as comunidades por ser das que máis aporta aos servizos sociais da comunidade, aportando un 80 por cento, mentres o conxunto das autonomías aportan en torno ao 74 por cento. Da mesma maneira, os concellos galegos, grazas a esa maior aportación que fai a Xunta, aportan menos que a media; aquí, o 20,8 por cento, e no conxunto do Estado, o 25,7 por cento.

Xa para rematar, señora Rodil, ¿como poden ter tanta cara de vir aquí falar de privatización dos servizos sociais? ¿Como poden ter a cara de seguir co mantra de *la derecha privatiza*? Pero, ¿quen privatiza máis que vostedes? O BNG de Mazaricos acaba de aprobar construír unha residencia privada nun edificio público, ceder o edificio público a unha empresa privada para construír unha residencia. (*Aplausos.*) Ou na Deputación de Lugo, que vostedes foron máis papistas que o Papa, e o señor presidente, o señor Tomé, non contou co apoio dalgúns dos



seus deputados e si contou co apoio de todos os deputados do Bloque para privatizar totalmente a residencia de Becerreá, igual que privatizan todas as residencias da Deputación de Lugo.

E, respecto do SAF, ¿sabe quen máis privatiza? O PSOE, no 72 por cento dos seus concellos. O BNG, despois, no 66,7 por cento. E, por último, o Partido Popular, co 64,7 por cento. ¿De verdade vostedes van seguir co mantra de *el PP privatiza*? ¿Quen privatiza, señora Rodil?, ¿quen privatiza aquí?

E respecto das listas de espera no SAF. Mire, Concello de Lugo: atendidas, 320 persoas; pendentes, 563; *ratio* de atención, 36 por cento. Concello da Coruña: *ratio* de atención, 33,60 por cento. Imos a un concello máis pequeno, pero co ilustre —síntoo, señora Longueira— presidente da Deputación de Lugo, (*Murmurios.*) pois no seu concello non chega ao 50 por cento das persoas atendidas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Se queren falamos doutro concello do Bloque Nacionalista Galego, como o de Pontevedra, que ten a triste marca de aparecer como un dos concellos de toda España que menos cartos adica a políticas sociais.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Señora Rodil, de verdade, comprométase e deixe de traer aquí propostas que non cumpre e nas que non cre en absoluto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo parlamentario autor da moción, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu, antes de máis, por posicionarme respecto das emendas, vou dicir que non imos apoiar ningunha das dúas; non imos aceptar ningunha das dúas. En primeiro lugar, no que é a reclamación da débeda do Estado, o BNG ten unha posición firme e coherente desde sempre. Dá igual quen governe en Madrid, PP ou PSOE, sempre defendemos os intereses das galegas e dos galegos e, por extensivo, do conxunto das persoas en situación de dependencia de calquera parte do Estado, que en todos os territorios teñen a mesma situación a respecto do infrafinanciamento e do non cumprimento das súas obrigas, que é o que di a Lei de dependencia desde o ano 2006 por parte da Administración xeral do Estado. Entón, nese sentido, mantémonos, porque así aparece.

E tampouco aceptamos a do Partido Popular, porque a reclamación de que o Goberno de España pague o que lle corresponde e pague o que lle debe a Galiza está perfectamente recollida no último apartado da moción que presenta e defende hoxe o Bloque Nacionalista Galego. E, despois, eu non vou aceptar —dicíao na miña primeira intervención— a primeira parte da



emenda do PP, que o único que pretende é non dicir nada e que non digamos nada os demais, porque nesta carreira por ver quen é máis ultra, se o Partido Popular ou outras forzas políticas no Estado, agora o PP, na deriva autoritaria que ten aquí, en Galiza, tamén decide de que podemos falar e de que non. *(Aplausos.)*

O BNG vai seguir defendendo aquí unha proposta que eu quero lembrar: a proposta de que en dous anos se faga un incremento a 20 euros por hora no Servizo de Axuda no Fogar; no financiamento, por parte da Xunta e do Estado, do Servizo de Axuda no Fogar. É unha proposta que está recollida no programa de goberno do Bloque Nacionalista Galego. Se a min non me falla a memoria, foi das primeiras —se non a primeira— iniciativas que trouxemos a debate nesta lexislatura en materia de servizos e dereitos sociais por parte do BNG, e agora volvemos, reiterámola e traerémola miles de veces.

Porque nós, máis alá do que fagan a Fegamp e os concellos no exercicio da súa autonomía local e como parte, digamos, da Fegamp, trasladámoslles e quixemos aliñar tamén as propostas e políticas que nós facemos, como BNG, coas distintas entidades locais, independentemente de que governe ou non o Bloque Nacionalista Galego. E non oín un só concello do PP dicir que non a esta proposta, tamén llo digo, señora Arias, porque a situación de colapso na que se atopa o SAF... Vostede poñía uns concellos e eu poñía outros. É que podemos coller todos, os 313 concellos que hai en Galiza, e vemos que están todos igual, que é do que lle intenta falar o Bloque Nacionalista Galego: de que hai un problema de base, de financiamento e de deseño dun modelo, dun servizo de atención no domicilio das persoas dependentes en Galiza, que se creou e deseñou no ano 2009, que multiplicou por 8 o número de persoas usuarias e que segue exactamente igual que o día que se deseñou. E Galiza cambia, os servizos van incrementando as súas necesidades e van incrementando tamén as necesidades económicas dos concellos, que teñen a competencia de xestionalo, pero non teñen a responsabilidade económica de sostelo, xa que lles corresponde ao 50 por cento, a partes iguais, á Administración xeral do Estado e ao Goberno da Xunta de Galiza.

Eu, por último, simplemente unha cuestión. Eu non sei se teño que felicitalo —non sabía que estaba de aniversario—. ¡Parabéns para o presidente da Xunta de Galiza!, pero eu non sei que quere que lle felicitemos, señora Arias. Estaba vendo agora os datos e hai 1.914 persoas esperando, case 2.000 galegas ou galegos esperando de media 361 días —o dobre do que di a lei— para que lles garantan os seus dereitos. ¿Sácolle os globos a esta xente? Eu creo que non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do grupo parlamentario autor da moción.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte resolutiva un novo punto 8 co seguinte texto:

«8.- Presentar no Parlamento un informe no que conste a xustificación das modificacións orzamentarias seguintes:

a) Transferencia de crédito de 19.799.938 euros para a asistencia sanitaria prestada con medios alleos:

- Expediente TR-12-80-008-25.

- Expediente TR-12-80-009-25.

b) Transferencia de crédito de produtividade factor fixo do persoal para produtividade factor variábel, programas especiais por valor de 30.000.000:

- Expediente TR-12-80-016-25.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Houbo que agardar a que xa empezase o verán, houbo que agardar ao 23 de xuño, para que o Partido Popular presentase o plan para garantir a atención sanitaria no verán. ¿E con que nos topamos? Con que o plan é repetir o mesmo. Todos vimos o que foi acontecendo estes veráns pasados. ¿E que fai o Partido Popular? Aplaudirse, autoaplaudirse coas orellas. E a xente quedou sen atención, non había citas, as urxencias estaban saturadas... Entón, imos repetir o mesmo, imos repetir o mesmo entusiasticamente. ¿Que fai o Partido Popular diante dunha situación onde hai 360.000 persoas en lista de espera? Decidir pechar 750 camas. Ese é o plan, e van ter baixo mínimos os quirófanos, van ter baixo mínimos as probas diagnósticas e as consultas externas dos hospitais.

Dixo o conselleiro na interpelación do pleno pasado que as camas non se levan a ningún lado, que quedan alí. Claro, como se foran taquillas. E os doentes chegan, os profesionais deciden que necesitan ingresar porque se encontran mal, e ábrese unha chaviña, métense alí na cama e xa está. Non se necesitan máis profesionais, non se necesitan enfermeiras, máis médicos, máis persoal de limpeza ou máis persoal de laboratorio. Non, non, as camas están aí. E queda tan pancho. Iso é o grave, que quedan tan tranquilos. Di que as camas que-



dan aí, como se, efectivamente, a xente foran vultos que se puidesen colocar nas camas. E, claro, as camas non teñen valor e están alí.

E datos reais, consecuencias reais: onte a Manuel, de 95 anos, deulle un infarto. Pasou dúas horas nunha padiola nos corredores de Urgencias do HULA agardando unha cama para ingresar. *(Aplausos.)* Claro, as camas non son necesarias. Onte no HULA, Mercedes: un ictus, arritmia. Pois non hai seguimento por cardiólogo, pero non pasa nada. O CHUAC ten falta de camas. ¿E que fan? Poñer tres por habitación no mesmo espazo onde hai dúas, cando non poden poñer nin sequera un sillón e non dan chegado case á terceira cama. Se hai unha urxencia, teñen que ir practicamente por encima dos outros dous doentes. ¡Pero as camas non importan!, ¡as camas non importan!, están alí, sen aumento de persoal. Triplican con tres camas as habitacións pero sen aumento de persoal.

No Cunqueiro, están citando doentes do 2023 para consulta do otorrino. Na Mariña están citando para consultas de cardioloxía doentes que están agardando desde o ano 2021. No Salnés, están derivando sinxelas ecografías para o Quirón. Se non aceptas, din directamente: ¡ah! Pois non sabemos cando te chamaremos. Iso é así.

Xosé, consulta de traumatoloxía en xaneiro do ano 2025. Ten unha doenza de ombreiro e está pendente do médico rehabilitador para que lle prescriba a consulta de fisioloxía. ¿Para cando? Para setembro. ¡Unha doenza nun ombreiro! É dicir, nove meses esperando para fisioterapia. ¡Fantástico!

¿Que fai a xente? O que pode vai pagar. As urxencias dos hospitais están saturadas permanentemente. ¿Que pasa? Teñen o cadro de persoal tan en mínimos, tan en mínimos, tanto en Urgencias como en Hospitalización, que en canto hai o máis pequeno percance petan os hospitais. Neste caso, petou o CHUAC. Houbo un brote de salmonela en Oza-Cesures por un concerto e petou o CHUAC. ¿Cal é a planificación que ten o Partido Popular? Baixo mínimos permanentemente, e, se hai a máis mínima incidencia, salta absolutamente todo. *(Aplausos.)*

A atención primaria. ¿Que fai o Partido Popular diante da chegada do verán na atención primaria? O mesmo. Entón, bolsa de voluntarios para cubrir gardas nos PAC, incluído o persoal do 061. Anunciou aquí o conselleiro que tiña xa non sei cantos voluntarios e voluntarias para facer este traballo; cuestión sen importancia. Un facultativo ou facultativa que fai unha garda nun PAC ao día seguinte non atende o seu cupo, evidentemente, e o mesmo pasa cos do 061; ou, se non —como están denunciando os profesionais—, traballan permanentemente, están exhaustos, e non poden dar a prestación en condicións. A oferta de mobilidade temporal: se nun centro de saúde consideran que quedan sen atención mil persoas, trasládanas para outro centro de saúde onde quedarían sen atención tres mil, e quedan absolutamente tan panchos. Ou aos MIR que non remataron din de facerlles un contrato. Teño que dicirlles que eses MIR xa estaban alí traballando; é dicir, que non son máis persoal. Están alí porque están facendo a súa formación e xa están facendo practicamente o mesmo, pero queda moi contento o Partido Popular dicindo que non sei cantos MIR aceptan un contrato normal. Van facer o mesmo, pero cobrando dúas veces máis do que xa estaban cobrando pola súa formación. Entón, ¿por que se van negar? Pregunta fantástica.



E ante isto, ¿que fai o Partido Popular? Reorganizar; «reorganizar» é palabra de orde. ¿A que lle chaman reorganizar? A que, por exemplo, no Centro de Saúde de Beiramar, en Vigo, decidan que do 30 de xuño ao 15 de xullo non haxa consulta pola tarde e que as urxencias que xurdan dos da mañá ou da tarde ou os domicilios vaian ao PAC de Vigo, e o PAC sen reforzar. ¡Claro!, todos para o PAC de Vigo.

Isto mesmo ocorre co Pintor Colmeiro, trece días en xullo, o mesmo: as urxencias que xurdan, os que quedan sen atender ou os domicilios, todos para o PAC. ¿Con reforzo? Non. Facemos o mesmo, o Partido Popular fai absolutamente o mesmo dos anos anteriores, cuns profesionais cubrindo absolutamente todo, sen ningún tipo de reforzo. E xa non digamos na costa, que non hai reforzo onde se multiplica a poboación. Pois absolutamente nada. Pecha o centro de saúde pola tarde, non cobren vacacións, non cobren baixas, non reforzan as zonas onde se multiplica a poboación... E os servizos de ambulancias, fundamentais para atender ante unha emerxencia, xa non é que se reforcen, senón que son os mesmos, seguen facendo o mesmo. A do Salnés trasládana para Sanxenxo e quedan tan anchos. Deixan a maioría da poboación sen a ambulancia medicalizada e quedan tan tranquilos. O helicóptero 061 non traballa oito horas ao día, catro en Santiago e catro en Ourense, porque lle permiten á empresa non traballar [...] e, polo tanto, queda desatendida a poboación. En Catoira, media xornada para atender a toda a poboación, sen pediatría. Na Coruña, unha cita para unha analítica para o 28 de xullo; Cristina leva tres anos sen médico asignado. En Cervo, cunha poboación no verán de arredor de 6.000 persoas, unha soa médica. Valdeorras sen atención pediátrica... Podía seguir aquí durante horas. Esa é a situación.

E, diante disto, ¿de que nos enteramos —e por iso fixemos unha autoemenda—? De que o Partido Popular o que fai é presentar uns orzamentos ficticios que non se corresponden coa realidade. E logo fai modificacións de crédito. ¿Para que? Para o que mellor sabe facer o Partido Popular: para sacar cartos da sanidade pública e destinalos á sanidade privada (*Aplausos*): 20 millóns de euros de xaneiro a maio da sanidade pública para a sanidade privada.

E logo voulle deixar aquí ao presidente, por se cren que mo estou inventando —son os datos da propia Xunta—... (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) ¿Con que nos topamos? Cunha transferencia de crédito de 30 millóns de euros. ¿E de onde a quitan? Da produtividade factor fixo do persoal. A produtividade factor fixo é o que cobra todo o mundo por traballar, e quitan 30 millóns de euros para factor variable; é dicir, para pagarlles a maiores se fan ampliacións de xornadas, se fan esas quendas marabillosas, se fan peonadas... No tramo máis alto, a produtividade fixa dun médico que leva vinte anos é sobre 480 euros. A pregunta é: se dividimos 30 millóns entre 480 euros por catro meses —porque isto é de abril a agosto— dá que é a produtividade fixa de 18.000 profesionais en catro meses. Pero, ¿como é posible que teñan orzado 30 millóns de euros en produtividade fixa que poidan eliminar? ¿Iso que pode significar? Que non hai os profesionais que din e que pintan o orzamento como lles dá a gana para logo facer o que lles apeteza con ese orzamento... ¿Que quere dicir? Que nos menten aos galegos e ás galegas constantemente, e logo usan o orzamento para o que consideran oportuno. (*Aplausos.*)

Polo tanto, o que pedimos —e remato, presidente— é que se nos presente aquí un informe de como é posible facer esas modificacións de crédito. ¿Cal é a xustificación?, ¿como poden



sacarse 30 millóns de euros da produtividade fixa para a variable? Queremos que se nos explique que pasa con isto. Igual que presentamos a moción pedindo que estea o acceso garantido á atención primaria; que se teñan abertos todos os dispositivos hospitalarios: as camas, os quirófanos, ás probas diagnósticas... para que non aumenten as listas de espera e se atenda a poboación...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que se reforce a ambulancia de soporte vital avanzado do Salnés; que se obrigue a ter as oito horas, que non atende, o helicóptero, e, polo tanto, que se poñan os recursos precisos para que os galegos e galegas teñan unha atención sanitaria digna durante os meses de verán, a cal, coas medidas do Partido Popular, evidentemente, non está garantida .

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

O día 20 de maio, o conselleiro de Sanidade compareceu neste pleno para falar de políticas de prevención de enfermidades e vacinación. Naquela ocasión, diciámoslle ao conselleiro que, se saíamos á rúa, ninguén nos ía trasladar un problema de saúde pública, que a xente estaba preocupada por ter cita nun centro de saúde, polos atrasos nunha intervención ou unha consulta médica. Se saímos hoxe á rúa, van estar moito máis preocupados ata que pase o verán, porque seguramente non teñen un médico ou unha médica que os poida atender.

Pero tamén lle dicíamos ao conselleiro que nos gustaría que puidese comparecer para falar doutros temas e, se nos fixamos na data, que —repito— foi o 20 de maio, ben puidera facer unha comparecencia máis útil para falar da atención sanitaria no verán, mais que unha comparecencia de autocompracencia como a que vivimos naquela época. Porque aquela data era adecuada e perfecta para que nos contase que programación ían levar a cabo, tendo en conta todos os potenciais enfermos e todo o persoal sanitario que podía verse afectado no verán. Pero por este tema o conselleiro non compareceu, e o noso grupo tamén o advertía hai tempo da necesidade dunha programación da atención sanitaria no verán.

Pasado o pleno, en resposta á interpelación do BNG, o conselleiro empezou vendéndonos unha lavadora sen motor. Falaba de que nunca houbo tantos recursos dedicados á sanidade,



pero non dixo que, ano tras ano, se ven obrigados a modificacións orzamentarias e que, ano tras ano, se desprazan gastos duns anos a outros. Por tanto, na súa primeira afirmación renuncia o conselleiro a contar a verdade, e a verdade pasa por un escaso orzamento para atender as necesidades sanitarias. E segue logo o conselleiro, con afirmacións que seguro que todos compartiríamos se fosen certas, pero non o son. Di que a Xunta se anticipa e planifica os recursos de maneira coordinada en todas as áreas sanitarias en función da demanda asistencial, das previsións de crecemento nas distintas etapas, do dereito ao descanso dos profesionais do sistema sanitario. Isto é perfecto, pero non se cumpre absolutamente nada de nada desas palabras que dixo o conselleiro. (*Aplausos.*)

Aínda que fose tarde, parecería lóxico que nos achegase, por exemplo, datos históricos das necesidades de atención das persoas durante o período estival. Sempre adoitamos dicir que no verán enfermamos menos, pero, ¿que impacto teñen as emerxencias no verán relacionadas con actividades ao aire libre?, ¿que supoñen os problemas de saúde vinculados á calor, alerxias, intoxicacións alimentarias ou problemas dermatolóxicos?, ¿e a poboación flotante?, por citar algo. ¿Existe unha compensación real cos problemas que acabo de citar, vinculados a outros que temos en épocas de inverno? Nada disto, que sería unha parte imprescindible para logo poder planificar as necesidades de persoal, nos transmitiu o conselleiro.

Díxonos que si, que o Sergas abre catro programas: as bolsas de voluntarios médicos de familia, que, como máximo, traballarán sete días ao mes; o programa de voluntarios do 061; a oferta de mobilidade, e a oferta a residentes de cuarto ano. E, señora Prado, si que dixo os datos. Voullos recordar, por se non os colleu. Os datos que nos dixo daquel momento eran: 140, máis 20, máis 95; en total, 255 persoas, aínda que logo, máis adiante, o conselleiro falou de 264. Pero, ¿a cantas persoas afectan as vacacións? Como o conselleiro non o fixo, nós imos facer un pequeno cálculo, e imos ser espléndidos, partindo de que unha mesma persoa permaneza nesa bolsa de voluntarios polo menos tres meses, para que esa persoa sexa equivalente a un posto de traballo. E, segundo, imos coller os datos oficiais do ano 2023, no que tiñamos 2.764 persoas en atención primaria e outros tamén dedicados á atención primaria, aínda que logo tamén hai unha cifra posterior de 2.604. Pero imos recoller o que máis favorece o Sergas. Vou coller as cifras máis altas que deu o señor conselleiro: 264 voluntarios e 2.604 persoas. Pois ben, os datos que nos ofrece o conselleiro, para o que alcanzarían, sería para cubrir o 10 por cento das vacacións do persoal. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, con datos recollidos do propio conselleiro.

Dixen números, pero agora ímolo plasmar nalgún exemplo concreto: «O centro Rosalía de Castro de Vigo deriva urxencias de nenos ao Álvaro Cunqueiro; dous dos catro pediatras do centro están ausentes». «O Sergas ordena derivar ao PAC de Vigo urxencias e a atención domiciliaria que corresponderían aos centros de saúde. Rueda di que son medidas puntuais, o conselleiro alega que é déficit absoluto de profesionais». ¿En que quedamos? O outro día chegaban os profesionais, e resulta que hoxe xa di que temos un déficit absoluto de profesionais. Por favor, o primeiro que debe facer o conselleiro é aclararse e dicir neste Parlamento a verdade, e non estar sempre con cambios e con trolas. (*Aplausos.*) Porque a realidade é que, a finais de marzo, había un déficit de cen prazas sen cubrir de médicos de familia, e menos se van cubrir agora cos facultativos que están de vacacións, ao cal teñen dereito. Quizais por este motivo, o conselleiro falounos sempre de calidade e seguridade, porque efectivamente



a seguridade e a calidade achéganas o persoal médico, pero non fala de accesibilidade, que é a responsabilidade da Xunta de Galicia.

Con respecto á situación hospitalaria, nada se poderá xulgar, porque os datos das listas de espera son semestrais e, como consecuencia, non imos poder medir nin valorar o incremento das mesmas, ao estar o persoal de vacacións e non ter substitutos, o que leva a non programar intervencións, consultas ou probas. Ímolo saber por datos feitos e xente que coñezamos, pero non o imos saber por datos que poidamos plasmar.

Estamos, pois, ante un plan que non queda outro remedio que cualificar de escurantista, porque non ofrece datos reais; un plan que non se axusta ás necesidades reais do verán. É moi fácil de demostrar, como fixemos agora cun só aspecto, pero podería facerse cos demais. Porque unha boa programación de sanidade no verán pasa por permitir as vacacións sen afectar a atención médica, e isto soamente ten unha solución, que é a contratación de persoal.

O que o señor conselleiro nos presentou foi unha farsa. Os do Partido Popular dirannos que no noso grupo somos uns alarmistas, ¿pero tamén son alarmistas os colectivos médicos que hoxe saen protestar por este tema? Só lle pido que, antes de cualificar o noso grupo, sexan capaces de desmentir os datos que eu aquí lle puxen sobre a mesa.

Apoiaremos esta moción. Moitos puntos da mesma non me deu tempo a tratalos, pero si é certo que foron obxecto de debate en comisión tanto polo noso grupo como polo grupo proponente, como pode ser a situación das ambulancias ou as necesidades de pediatras nos centros de saúde ou da empresa Allianz.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas.

Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, hai tan só un ano, vostedes anunciaban o caos, o caos do verán, como cada verán; un clásico de verán. E o caos ese nunca chegou. E, lonxe diso, o Plan de cobertura estival da Xunta de Galicia 2024 foi un rotundo éxito. Non só permitiu manter o número de consultas en atención primaria e tamén das probas diagnósticas, senón que tamén se posibilitou que se operase máis, e máis patoloxías prioritarias. Reforzar os servizos sanitarios durante o verán fixo posible que se puidesen realizar 1.400 cirurxías máis; máis de 500, cirurxías de prioridade 1, o que supón un 8 por cento máis que no verán de 2023. Incrementouse a atención en urxencias hospitalarias, tamén nos PAC, e os profesionais do 061 atenderon preto de 210.000 chamadas. Claro que a vostedes iso non lles parece importante.



A pesar de todo iso, señora Prado, repite cada verán o mesmo discurso apocalíptico e, evidentemente, o PSOE fai seguidismo. Vostedes ignoran deliberadamente a realidade. O investimento sanitario do Sergas alcanzou cifras históricas —5.458 millóns de euros—. Cada día a sanidade galega mellora, e hoxe temos na sanidade pública 43.000 profesionais e nunca, nunca antes se renovaron e melloraron tantas infraestruturas sanitarias. Pero, mentres que vostedes buscan titulares, o Goberno galego traballa, e traballa con rigor. Coa boa experiencia acadada o ano pasado, nesta ocasión, a Xunta de Galicia vai investir máis de 12 millóns de euros no reforzo dos servizos asistenciais no verán. Ano tras ano, señorías, a sanidade galega mellora. E xa basta de manipulacións, señorías. No pleno anterior, o conselleiro veu aquí dar conta do plan; un plan anticipado, un plan serio e con resultados constatados, como todos puidemos comprobar o verán pasado. Vostedes son os únicos que non recoñecen o traballo que está a facer o Sergas.

Imos coa moción. Mire, no primeiro punto, señora Prado —xa lle digo—, a accesibilidade aos centros de saúde de atención primaria está garantida. A planificación está feita nas sete áreas sanitarias, e incorpora reforzos nos PAC con máis afluencia turística, como se leva facendo cada verán con éxito. E, hoxe, grazas ás medidas adoptadas, cóntase con 264 profesionais voluntarios para reforzar estes dispositivos.

Eu quero recordarlles que no bipartito non se substituíu un só médico de atención primaria, e hoxe ofréceselles un contrato de substitución por vacacións. Estes voluntarios cobren baixas ou xubilacións, porque vostedes saben, son conscientes, de que o paro en profesionais sanitarios é de cero, e vostedes saben perfectamente onde está a culpa. ¿Ou teño que recordar que a culpa é que do Goberno central, que non permite formar máis profesionais de atención primaria? (*Aplausos.*) ¿Temos que recordalo cada vez que vimos aquí? Aí está... ¡Non hai médicos, señorías! O problema que temos é que non hai médicos, e as listas do paro son cero.

No segundo punto, falan de precariedade e falan de fidelización. Este mesmo ano, a Xunta aprobou unha nova oferta pública de emprego —xa o dixen pola mañá—: 3.460 prazas. Ampliouse a taxa de reposición para seguir reducindo a temporalidade. Estanse a desenvolver acordos retributivos con todos os sindicatos para mellorar as condicións laborais. Cóntase con programas activos para reter profesionais, como axudas á conciliación ou incentivos para as prazas de difícil cobertura. Pero, claro, señorías; cando, desde o Partido Popular, se propoñen solucións concretas, xa sabemos o que fan vostedes: votar en contra. Son os do partido do «non»: votaron que non aos incentivos para cubrir vacantes nos centros de saúde do rural e nos hospitais comarcais; votaron que non ás leis para dotar estas mesmas prazas de difícil cobertura. Hai 175 prazas adxudicadas: 106 na OPE do 2022 e 65 na do 2023, en 92 concellos no 2022 e en 32 máis no 2023.

E dos concertos, señora Prado... ¡Vostede obrígame a volver ao bipartito! Datos do Consello de Contas: no bipartito, a cifra de concertos aumentou un 48 por cento, ata superar o 6 por cento; nós estamos no 4,7 por cento.

Miren, recórdolles que tamén na lexislatura pasada tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista votaron que non —aquí, nesta mesma Cámara— a manter o control sobre o gasto do Sergas en actividade concertada con medios alleos. Tamén votaron que non



ás propostas de fidelización. Iso, señora Prado, é precarizar, porque dicir sempre «non» tamén ten consecuencias. Teñen que dicírllelo vostedes aos veciños de Verín, de Sarria, de Ribeira, de Burela e de Viveiro, que forman parte deses 124 concellos que se beneficiaron e que hoxe teñen un médico grazas á lei da que vostedes votaron en contra. ¡E iso tamén teñen que contárllelo, señorías! Cando van por aí, polos centros de saúde, facer turismo, contar mentiras e alporizar a xente, tamén lles deberían de contar iso.

Vostedes falan de contratos e piden que se respecte a causalidade e a duración. ¡Pois iso é exactamente o que se fai no Sergas! Toda a contratación do Sergas —¡toda!— cumpre cos principios de legalidade, e, grazas aos avances na estabilización de prazas, reduciuse xa de maneira significativa a taxa de temporalidade. Por iso lanzamos esa OPE masiva; porque queremos seguir mellorando a estabilidade laboral do persoal sanitario.

Tamén pide o de sempre: non pechar camas ou non reducir cirurxías no verán. ¡As camas non se pechan, señora Prado! Vostede quere ter todas as camas abertas alí con todo o persoal por se acaso chega un brote de salmonela e —¡claro!— ter camas para todos, ¿non? (*Murmurios.*) Todas as camas están dispoñibles; estarán operativas case o 92 por cento das camas durante o verán, unha porcentaxe superior á do ano pasado. Se fan falta máis, pois ábrense máis camas, como sempre ocorre cada verán todos os anos. ¡Non é de agora, señorías! O que se fai é unha planificación eficiente porque no verán baixa a demanda de atención hospitalaria. Esta organización o que fai é garantir a calidade asistencial e a eficiencia na xestión dos recursos. Dicir que se pechan as camas sen máis é non entender absolutamente nada de como funciona o sistema sanitario. Aquí, eu pregúntolle, señora Prado: ¿ignorancia ou mala fe? Vostede dirame, porque ou vostedes non saben de que falan ou queren enganar a xente, que niso, desde logo, son expertos —iso hai que recoñecérllelo—.

Tamén piden unha nova ambulancia medicalizada no Salnés, pero —¡que casualidade!— nunca os vemos apoiando nada cando se fala dese centro hospitalario; nunca están ao lado dos profesionais cando hai algo bo que recoñecer. O hospital do Salnés acaba de conseguir algo histórico: é o primeiro hospital comarcal de toda España, de todo o país, que recibe o selo de calidade da Sociedade Española de Urxencias. A primeira atención médica neste servizo tarda só 33 minutos, realizan 135 atencións diarias e é unha das 20 unidades de urxencias con maior actividade científica de España. Iso tamén é sanidade pública, señora Prado; iso tamén é Galicia.

Sobre o sexto punto, o helicóptero do 061 está operativo de orto a ocaso, como sempre, señorías. ¡Como sempre, e vostedes sábeno!

Os pediatras non podían faltar... Pois miren, señorías, estase a garantir tamén no verán a cobertura de pediatría en todos os centros, con todas as dificultades derivadas do déficit de profesionais que hai a nivel estatal; non é un problema exclusivo de Galicia. A Xunta garante a atención aos máis cativos; todos os médicos e todos os pediatras teñen espazos na súa axenda, día a día, para atender as urxencias. A atención está garantida sempre, nos tempos que require a situación de cada paciente, aínda que vostedes se dediquen a facer turismo polos pueblos sementando a alarma na poboación. Pero esa poboación xa non os cre, señorías.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Miren —remato xa—, falan de colapsos cando a realidade é que nunca houbo colapso na sanidade galega. Cada verán vostedes anuncian unha catástrofe. (A señora Amigo Díaz amosa un documento.) Aquí traio a do verán pasado, do 2024: a señora Prado dicía que «el BNG culpa al Sergas de arriesgar vidas con su plan veraniego». Vostedes, coma sempre, cambian de discurso sen pedir desculpas e sen alarmar a xente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: En lugar de colaborar, critican.

Remato xa, e quero rematar tamén con isto que traio aquí, señora Prado. (A señora Amigo Díaz amosa unha noticia dun xornal.) Vostede «tacha de “panda de psicópatas” a los responsables sanitarios». ¡Que vil utilizar a saúde mental coma un insulto! Remato xa. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: O que lle digo é que todos eses que vostede insulta están facendo un esforzo sen precedentes para que todos os galegos teñamos a sanidade garantida no verán.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Mala fe e ignorancia son as da deputada do Partido Popular, que mente —sabendo que mente— e repíteo continuamente en cuestións tan constatables como dicir que os helicópteros traballan de orto a ocaso, ¡cando sabe que é mentira, que é mentira e que é mentira! (Aplausos.) ¡Hai que ter moita cara dura para vir aquí dicir esas cuestións! É evidente que non se pode gastar case nin segundos en contestar esta sarta de mentiras permanentes cando é máis que constatable cal é a situación da sanidade pública.

A min, desde logo, averméllame escoitar a representante do Partido Popular dicindo cousas como que é «un éxito rotundo» a situación da sanidade pública e que nós insultamos os profesionais. Non, quen insultan os profesionais son vostedes dicindo aquí que todo está perfecto cando están ao límite. Onte mesmo, diante da situación destas derivacións en Vigo aos PAC sen reforzar, saíron dicir que isto era insoportable e que estaba aguantando o sistema grazas ao seu sobreesforzo, sen que houbera ningunha consideración por parte da Xunta de Galiza. ¡Iso é o que din os profesionais! Saian á rúa, saian do seu poleiro, e pregúntenlles.

Eu, en todo caso, o que teño que dicir aquí é que a situación da sanidade pública do noso país está moi lonxe de ser un éxito rotundo, e está moi pero que moi lonxe de parecerse a



algo normal. Dígolle isto porque non é nada normal que Manuel, de 95 anos e cun infarto, teña que estar dúas horas nunha padiola nos corredores de Urgencias do HULA. Non é normal que se poñan tres camas nunha habitación que xa é de por si pequena cando están pechadas plantas enteiras do hospital, coas súas camas inoperativas. Non ten nada de normal que un doente como Xosé teña que agardar desde xaneiro ata setembro para ter cita coa rehabilitadora para que logo lle diga cantos meses ten que agardar para esa atención de fisioterapia. Non ten nada de normal que haxa doentes que estean chamando para unhas consultas e que leven agardando desde o ano 2023. Non ten nada de normal que se pechen consultas pola tarde, se deixen baixo mínimos os centros de saúde e se derive toda a poboación aos PAC sen reforzar os mesmos. Non ten nada de normal que haxa que agardar un mes para facer unha analítica en calquera centro de saúde. Non ten nada de normal que miles de galegos e de galegas non teñan médico asignado e miles de nenos e nenas tampouco.

Mentres isto ocorre, ¿que fai o Partido Popular? Negar a realidade, sacar cartos da sanidade pública para a sanidade privada insistentemente —non lles chegaba cos 245 millóns de euros no orzamento, senón que, a maiores, xa levan 20 millóns máis para a sanidade privada— e constatar que o orzamento é un «pintar como querer»: din que hai non sei cantos profesionais, e logo, coas modificacións de crédito, verifícase que non hai eses profesionais, porque, se non, non lle poderían quitar a produtividade fixa para a variable. Non poderían facelo se estivesen os orzamentos conforme os profesionais reais.

Polo tanto, non ten nada de normal que siga habendo un nivel de temporalidade brutal nos profesionais. De feito, este ano poden convocar moitas máis prazas porque están por encima da temporalidade media —¡por iso poden convocar máis prazas!—, pero sigan mentindo, que é o seu deporte favorito. Non ten nada de normal que non haxa médicos. ¿Como é posible que non contraten TCAE?, ¿como é posible que non contraten celadores?, ¿como é posible que non contraten fisioterapeutas? (*Murmurios.*) ¿Para que? ¡Para atender os pacientes nos hospitais, señora Amigo! (*Aplausos.*) Os TCAE fan moito traballo, señora Amigo; os celadores fan moito traballo, e os fisioterapeutas fan moito traballo nas Urgencias e en hospitalización. Mire por onde, ¡vostede si que se está burlando desas profesionais que deixan o lombo aí traballando! E resulta que chega o verán...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e nin sequera contratan as que van de vacacións, cando hai nas listas de espera de sobra. Así é como tratan vostedes os profesionais.

Polo tanto, non agardaba menos do Partido Popular, instalado na política máis ultra e máis fascista (*Murmurios.*) de negar a realidade, de crear un relato fraudulento e de logo repetilo convenientemente —incluídos os medios de comunicación afíns e os medios públicos— para intentar convencer a poboación dunha realidade que todos os días os galegos e as galegas ven que nada se parece ao que vostedes din.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

«4. Aprobar de maneira inmediata o Decreto polo que se regula o establecemento dos requisitos e medios de acreditación da condición de familias monoparentais e a organización e xestión do rexistro de familias monoparentais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

«Será un proceso complexo, pero tenemos derecho a sobrevivir como pueblo». Estas maravillosas —escalofrantes— palabras díxoas Rocío de Meer, portavoz de Vox, en referencia a deportar oito millóns de inmigrantes e os seus fillos. A señora de Meer, que é a portavoz de Emerxencia Demográfica e Servizos Sociais da formación da ultradereita, quere deportar oito millóns de persoas de orixe estranxeira e tamén os seus fillos, que son de segunda xeración; é dicir, que naceron aquí, en España.

Por se alguén que non estea no Parlamento nos escoita, ademais da ignominia e da crueldade destas declaracións, aínda que non se desen conta, é bo que saiban que o Partido Popular ten socios de Goberno que están dispostos a botar fóra do noso país as mulleres que lavan e coidan os nosos vellos e os nosos fillos, as mulleres que limpan as nosas casas, as mulleres que traballan nas actividades penosas deste país, os albaneis que constrúen as casas, os que nos axudan a subir os mobles e a carrexar os pesos cos que non podemos, os camareiros e os cociñeiros que nos atenden nos bares... Tamén están dispostos a botar os fillos destas persoas que están rematando as enxeñarías, as carreiras de Medicina, de Enfermería, de avogacía... Fano porque o mellor é que non nos mesturemos demasiado con ese material humano. *(Aplausos.)* Quen hoxe senta aquí nesta Cámara son socios, polo tanto, desa versión de andar por casa do que se chama «o gran reemplazo». Gobernan xuntos en cen concellos deste país e, ata o de agora, gobernaron en seis autonomías —agora soamente gobernan xuntos en Baleares—.

Comezo así esta intervención porque Galicia ten máis de 177.000 persoas de nacionalidade estranxeira, o cal representa o 6,5 por cento da nosa poboación, que son máis de 2.700.000 persoas. Entre xaneiro e abril deste ano, asentáronse 4.639 estranxeiros, que vén ser unha



media de 17 persoas ao día. Estas van ter as horas contadas se algunha vez temos a desgraza de que este goberno chegue ata o Goberno do país...

Esta poboación, estes 8 millóns —neste caso, en Galicia, estes 177.000— está paliando, nun eixo determinado, a emerxencia demográfica que asola Galicia, o territorio que aquí nos compete. No último ano, Galicia gañou 10.772 persoas: sumamos máis de 25.000 estranxeiros e restamos 14.549 galegos e galegas por un descenso continuado da poboación, ben por falecemento ou ben porque —como xa dixemos na interpelación que deu lugar a esta moción— os xoves abandonan Galicia despois da súa formación e cústannos 209 millóns ao ano.

Este dato de que imos mantendo un fluxo migratorio que nos fai dicir que non decrecemos en poboación non debe ser suficiente, evidentemente, para ocultar esa ausencia de resultados que vemos na política de emerxencia demográfica que ten Galicia. É unha situación complexa e que sucede no país en xeral e noutros lugares, e, como situación complexa, require de solucións complexas. Non é simplemente unha cuestión de que teñamos que abrir as portas para frear ese decrecemento demográfico. Dicía que Galicia crece en poboación —moi timidamente, pero crece—, pero o resultado final é que o territorio se desertiza, e isto é o que fundamenta toda a chamada emerxencia demográfica. Basicamente, a poboación aglutínase nas cidades e, no mellor dos casos, nas cabeceiras de comarca.

Imos por partes. Polo interior oriental, Galicia queda máis baleirada. Os montes e as serras de Lugo e Ourense concentran moitas das áreas máis despoboadas de Galicia, con moitos núcleos como o de Negueira de Muñiz, que ten menos de dous habitantes por quilómetro cadrado. Logo, tamén están lugares na montaña lucense, como Cervantes ou Navia de Suarna. Nos Ancares, no Courel, en Folgoso do Courel, en Pedrafita do Cebreiro... hai moitos núcleos con menos de dez habitantes. A Raia Seca ourensá —A Gudiña, Vilariño de Conso, A Mezquita...— ten concellos cun envellecemento alto e cunha emigración constante. As zonas de interior de Lugo, como é a Terra de Lemos, que abrangue Quiroga e Ribas de Sil, ten un despoboamento acelerado; as do interior da Coruña, como Ordes e a comarca do Xallas, que son o corazón do rural coruñés, teñen unhas perdas sostidas, aínda que non son tan extremas como en Ourense. ¿Por que? Pola orografía complexa —evidentemente—, a escaseza de servizos básicos, a emigración histórica, a poboación envellecida, así como unha baixa taxa de natalidade, a pesar dos esforzos para que isto non suceda.

Por outro lado, as zonas con máis risco de despoboamento futuro —do que aínda estamos a tempo de planificar e de traballar—, segundo o Instituto Galego de Estatística, son: toda a provincia ourensá excepto a cidade, que pode quedar con menos da metade da poboación en trinta anos; o oriente lucense e boa parte da montaña, e moitos dos concellos rurais da Coruña e de Pontevedra, que resisten moito mellor pola proximidade das áreas urbanas, pero están en franca regresión.

Así que imos ver cales foron as propostas do Partido Popular no que se refire a programas e incentivos para a fixación da poboación. Resumo aquí:

A estratexia Galicia Retorna, ese programa do que algún día teremos que falar —abordáremolo—, porque hai unha certa formación que non cumpre nin dá os obxectivos esperados



para a poboación. Contempla axudas económicas para o retorno, como os gastos da viaxe e da primeira instalación ou o apoio á vivenda e os incentivos aos emprendedores que retornan, pero nunca vimos nin un só dato de como se constata que ese suposto investimento ten os seus resultados.

¿O Plan de dinamización demográfica no horizonte 2030? Aquí hai unha estratexia transversal que fala, por exemplo, da mellora da conectividade, da fibra e da Internet rural. Ben, pois infórmoos de que o Ministerio de Transformación Dixital ten un programa co que calquera pueble de Galicia pode pedir —calquera persoa que viva ata no último pueble de Galicia— o acceso á rede, a Internet rural, porque é un programa que ten o Ministerio.

En canto ao fomento da natalidade, temos cheques bebé e descontos nas escolas infantís. Supostamente xa son gratuítas, pero vostedes póneno así nese programa. Non dá resultado.

O apoio á vivenda no rural baséase na bonificación e nas axudas á rehabilitación. Isto é un *mare magnum*, un pozo onde nunca sabemos se as axudas van directamente a aquelas persoas que van establecer a súa vida no rural ou a aquelas outras que, por mor da economía, poden acceder á súa segunda vivenda e van atopando esas axudas.

En relación co emprendemento, están os fondos LEADER. Hai unha malísima información e un deficitario coñecemento por moitos dos que poden ser usuarios, pero exhíbense, como unha *rara avis*, aqueles proxectos, moi individuais e moi illados, que deron froitos nese eido rural.

Por último, están, ademais, os incentivos fiscais.

Pero todo isto non deu resultado, porque —volto repetir— unha situación complexa require de solucións complexas. ¿Que sucede en realidade? O que sucede é que hai trinta mil aldeas censadas e abandonadas —evidentemente, non está no horizonte do Partido Socialista volveras revitalizar, porque é de todo imposible— que nos avisan de que ese despoboamento, esa fuxida do eido rural, ese abandono de aldeas vai continuar. O que hai que facer —non o dicimos nós, dino expertos, como o profesor Ferrás— é ordenar, xerarquizar e priorizar, sempre en función do ben común; non hai que enfrontar o rural co urbano, senón facelo complementario.

Castigan vostedes cabeceiras de comarcas, como xa o dixemos na nosa interpelación. Puxemos o caso de Betanzos ou Miño, por exemplo, que teñen un incremento de poboación e vostedes comezan a castigalos, deixándoos sen asistencia sanitaria, sen pediatría, sen centros de día, sen residencias públicas e mesmo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...sen colexios, que están ateigados de nenos que chegan por mor desa emigración ou do crecemento da poboación.

Por tanto, voltamos aquí repetir que pedimos unha avaliación de todos eses programas que fan, porque non dan o resultado esperado. Estamos ao albur dunha situación absolutamente



insostible para Galicia, onde máis do 60 por cento do territorio está desertizado e sen ningún tipo de axuda para que iso non suceda.

Seguimos despois, na réplica.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Ao fío do debate que se deu hai quince días ao redor da interpelación que presentou o Partido Socialista, que xiraba moito arredor da Lei de impulso demográfico, nós, no BNG, non votamos a favor nin apoiamos esa lei fundamentalmente por dous obxectivos: o primeiro é que era unha lei de familia ampliada —dicíamos— e insiste e teima en políticas natalistas que nada teñen que ver co que se necesita en materia demográfica; e a segunda é que era unha sucesión, un compendio de vaguidades: «*se hará...*», «*se apoyará...*», «*se incentivará...*». Só había unha pequena concreción — desde o BNG pelexamos moito na ponencia para que se concretase —, e foi a de crear en seis meses desde a entrada en vigor desa Lei de impulso demográfico, aprobada en xaneiro de 2021, a creación do Rexistro de Familias Monoparentais. É o que incorporamos como emenda de engádegas á proposta de resolución que formula a moción do Partido Socialista, e basicamente é —insisto— que se cumpra o que di a Lei de impulso demográfico da que se falaba na interpelación, no artigo 40, apartado segundo.

Se me permiten, imos facer unha pequena viaxe, unha pequena retrospectiva no tempo, porque esta suposta aprobación dun rexistro de familias monoparentais e de medidas de apoio, que son as que teñen que garantir vidas dignas para todas as persoas, independentemente do modelo familiar no que se atopen, é un exemplo palmario desas mentiras e propagandas que inzan a política e o discurso do Partido Popular e que pasan os anos e pasan os anos e nunca se cumpren. Acompañenme, por favor, señorías, nunha viaxe no tempo a hai quince anos, ao 19 de maio do ano 2010, a primeira vez que o Partido Popular anunciaba aquí en sede parlamentaria (*A señora Rodil Fernández amosa un documento.*) que ía crear un rexistro de familias monoparentais — ¡maio de 2010! —.

Pasaron oito anos polo medio até a seguinte vez que volvemos escoitar falar daquel asunto. Xa non era conselleira Beatriz Mato. Logo lembrarana. Foi de Medio Ambiente, logo acabou en Greenalia... *La historia es larga*. En xuño de 2018, cando xa era —tamén o recordarán; hoxe é alcalde de Ferrol— Rey Varela conselleiro de Política Social, dixo aquí, en sede parlamentaria, «que as familias monoparentais teñen cada vez maior peso na sociedade», polo que adiantaba o compromiso do Goberno do Partido Popular na Xunta para elaborar un rexistro de familias monoparentais. Xuño de 2018.



Non fixeran nada, pero o Bloque Nacionalista Galego, que traballa e traballa ben, presentou nesta Cámara no mes de setembro de 2018 unha proposición de lei de recoñecemento e de apoio das familias monoparentais. Defendía naquela sesión de setembro —o 25 de setembro de 2018— esa Proposición de lei de apoio específico ás familias monoparentais a miña compañeira Noa Presas. Imos facer isto un pouco dinámico, porque hai sempre un apuntador por aí na bancada do Partido Popular: ¿que votou o PP naquela proposición de lei do Bloque? *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* Non. *(Aplausos.)*

Tres anos máis tarde, o Partido Popular apoia esa Lei de impulso demográfico da que se falaba nesa interpelación e da que se falaba nesta moción do Partido Socialista hoxe. En xaneiro de 2021: «*Galicia creará en 2021 el Registro de Familias Monoparentales*». Lembremos que o incluían en xaneiro de 2021 na Lei de impulso demográfico que impulsaba o Partido Popular —¡despois de prometer once anos antes que o farían!— e fixaban, como lembraba eu agora na intervención, un prazo de seis meses desde a entrada en vigor desa lei para facelo. Xaneiro de 2021. ¿E fixérono? ¡Había un apuntador esta mañá que estaba activo, pero agora non está tan activo na bancada do Partido Popular! Non fixeron nada.

Un ano máis tarde —insisto en que a Lei fixaba un prazo máximo de seis meses para crear ese rexistro que xa prometeran en maio de 2010—, *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* en febreiro de 2022: «*El decreto que regulará las familias monoparentales en Galicia saldrá a consulta pública el mes de febrero. Fabiola García avanza en el Parlamento que permitirá crear un registro de casos y desarrollar un plan de apoyo adaptado a sus necesidades*». Era un anuncio que ela facía nunha interpelación que lle formulaba tamén o Bloque Nacionalista Galego sobre igualdade e loita contra a violencia machista. ¿Aprobárono? Non.

Tiveron que pasar tres anos máis. ¡Por favor, viaxemos un pouquiño máis no tempo, até este ano 2025! O 18 de maio, coincidindo co Día Internacional das Familias, había que anunciar algo, e ¿que se lle ocorreu anunciar ao Goberno do Partido Popular? *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* «A Xunta presenta este luns o primeiro rexistro galego de familias monoparentais». Isto é unha nota de prensa da Xunta de Galiza, catorce anos despois de anunciálo, catro anos despois de ter a obriga legal de facelo. É dicir, ¿fixérono? *(Pronúnciase «non» desde a bancada.)* ¡Non, tampouco! *(Aplausos.)*

O Rexistro non existe e aquel pomposo anuncio do Día Internacional das Familias era realmente a apertura no Portal de transparencia da Xunta de Galiza doutro prazo de participación pública para que a xente enviase suxestións a un proxecto de orde, ¡de orde! Xa non hai tal decreto, xa nin sequera se vai facer un decreto no que nin sequera se fala de nada nin de ningún rexistro de familias monoparentais. O único que se crea é un procedemento de solicitude do certificado de familia monoparental de Galiza na sede electrónica da Xunta. Esta orde, por certo, aínda non foi aprobada nin publicada no Diario Oficial de Galicia; segue no caixote de «*cosas pendientes de publicar en el DOG*».

Quince anos máis tarde, ¡quince anos!, de que vostedes anunciasen por primeira vez que se crearía ese Rexistro de Familias Monoparentais e que se habilitarían e se arbitrarían medidas específicas para loitar contra a pobreza en familias que están encabezadas en exclusividade por mulleres en máis do 80 por cento dos casos e teñen unhas taxas de pobreza que superan



o 54 por cento —¡tremenda é a taxa de pobreza que soportan as mulleres que encabezan, en moitísimos casos por decisión propia, por libre decisión, as familias monoparentais!—, aí segue durmindo o sono dos xustos, un mes máis tarde do pomposo anuncio de habilitar un prazo na web de transparencia para facer suxestións a un proxecto de orde. Iso si, faino entre as críticas das entidades e das asociacións que representan as familias monoparentais galegas, porque esa orde, que —insisto— nin sequera tiveron a ben publicar no *DOG*, non atende as súas necesidades e non garante os seus dereitos, que é o máis lamentable de todo isto. É o máis lamentable de todo isto: que, entre as mentiras e a propaganda do Partido Popular, o que está no solo son os dereitos de miles de familias galegas. Iso si que é loitar polos dereitos e polo impulso demográfico neste país: garantir vidas dignas e servizos públicos de calidade, de proximidade e accesibles, e non vir aquí trufar, unha e outra vez, de mentiras e de propaganda, de propaganda e de mentiras, que é o único que saben facer, o discurso público e as iniciativas políticas.

Díxenllelo xa hai un tempo e volvo repetírllelo agora: se tivesen o máis mínimo sentido da decencia, o máis mínimo sentido da vergonza, subirían aquí arriba e o primeiro que farían sería agachar a cabeza e pedirlle perdón á xente deste país por levar quince anos ríndose das familias monoparentais galegas na súa cara. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

É a quenda do grupo Parlamentario Mixto. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

Grazas.

Do Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde a todos.

Grazas, presidente.

Señora Rodil, quen ten que baixar a cabeza nestes momentos son vostedes, que foron os que fixeron presidente o señor Sánchez e os que seguen nestes momentos, (*Aplausos.*) despois de todo o que está pasando —os defensores das mulleres—, sen dicirle aínda que marche e sen levantar a voz, señora Rodil. Vostedes son os que teñen que baixar a cabeza.

Señora Longueira, eu tiña claro que o Partido Socialista perdera a decencia. Non tiña nestes momentos ningunha dúbida vendo os acontecementos que levamos visto nestes últimos días, xa non polo feito de roubar —eu creo que aínda nos imos enterar de algo máis—, senón por esa forma. A min o que máis me doe é esa forma do Partido Socialista, que di defender as mulleres, de tratalas como mercancía desde o seu goberno. Hoxe quedoume claro que perderon definitivamente o norte.

¿Que socios —os socios de quen— van botar as mulleres que lavan os nosos maiores, señora Longueira? E ¿«seguramente o fan para que non nos mesturemos con ese material hu-



mano»)? Non teñen nin límites nin respecto nin polas persoas nin pola verdade (*Aplausos.*) ¡Son unha vergoña! Cando non teñen argumentos tiran de intoxicación e de medo, señora Longueira. Non merecen —de verdade llo digo— ter un escano nin no Parlamento estatal nin no Parlamento de Galicia.

Eu viña con toda a intención de agradecerlle hoxe, de empezar agradecéndolle, porque o outro día tivo vostede —e hoxe volveuno ter— un momento, creo, de lucidez ou de sinceridade. Aínda que fose así case de pasada ou como quen non quere a cousa, recoñeceu que imos mantendo a poboación en Galicia. Isto non é máis que a realidade galega, pero claro, dito desde a bancada socialista adquire un valor de acontecemento, sobre todo porque, día tras día, o que fan cando soben a este estrado é dicir que Galicia se baleira a un ritmo apocalíptico. Iso anuncian un día si e outro tamén. Polo tanto, que recoñeza que estamos aí, mantendo a poboación, eu creo que case é un acto de disidencia interna e non quero ser eu a que afonde nesa disidencia que teñen agora os socialistas en España.

Agora ben, dito isto, vostede volveu facer o habitual: negar que nesa mellora están detrás os efectos das políticas da Xunta de Galicia. Vostede, despois do que dixo o outro día e do que dixo hoxe, pretende convencer os galegos ou calquera cidadán de que a xente que queda ou que regresa a Galicia o fai por arte de maxia ou por inspiración divina, supoño. Se a Xunta de Galicia non ten ningunha responsabilidade nin nada que ver niso, eu creo que pensan que se volven aquí, a Galicia, é por inspiración divina. Xa lle digo que non. Fano porque aquí temos políticas activas, hai rigor institucional, hai oportunidades e porque en Galicia nestes momentos ofrécese estabilidade, ofrécense servizos e ofrécese futuro. Iso, mal que lles pese, é froito da acción dun goberno que dirixe o presidente Alfonso Rueda. Nós si temos aquí en Galicia, señorías, un presidente que goberna, e esa é a realidade, por moito que lles moleste. (*Aplausos.*)

O máis desconcertante ou revelador, señorías, deste momento e de como están así de desnortados, foi a súa reflexión sobre o saldo vexetativo, acusando o Goberno galego das consecuencias do envellecemento da poboación. Eu non sei que suxire o Partido Socialista. Non sei se é unha campaña institucional para animar a xente a que non morra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que máis quixeríamos todos que non morrer! Non sei se suxire que limitemos por lei a esperanza de vida ou, ao mellor, que obriguemos as mulleres galegas a ter fillos por decreto —deses que tanto lles gustan ao Partido Socialista—. Dígollo porque no pasado pleno vostede pediu actuacións e medidas máis natalistas. (*A señora Pérez López amosa un documento.*) Colla a acta das sesións: «Despois de cinco anos da aprobación da lei, seguimos cunha baixa natalidade», dixo vostede, señora Longueira. Pero, hai catro anos, o PSdeG non apoiou a Lei de impulso demográfico de Galicia —esa que tanto denosta a señora Rodil, que tampouco a apoiou, por certo—, e non o fixo, precisamente, porque —cito textualmente— (*A señora Pérez López levanta un documento e le.*): «Reducía a súa visión ao ámbito natalista». A mesma lei, sen cambiar unha coma, daquela era demasiado natalista e agora resulta que non é o suficientemente natalista. Coherencia, Partido Socialista de Galicia.

A deriva do seu discurso, tanto a nivel estatal como local, lévaos a absurdos, a constantes cambios de opinión e a defender hoxe unha cousa e mañá a contraria. Iso, señores deputados, —permítanme que llelo diga— non é servizo público, é oportunismo parlamentario. Iso é o



que está a facer o Partido Socialista nestes momentos. Menos mal que a xente xa non traga e ve que detrás desas contradicións do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil, só hai unha intención, que é neste caso desacreditar esta lei, unha lei que foi pioneira —fomos os primeiros en tomar medidas; *al César, lo que es del César*—, que está a funcionar, da que copiaron medidas noutras comunidades —tamén comunidades socialistas— e que vostedes non quixeron apoiar por unha única razón: que a facía un goberno do Partido Popular. Ese é o único motivo, igual que fan con outras medidas e con outras moitas leis nesta Cámara.

Nesa política de zigzag de «non porque si» e de «si porque non», non hai maneira de poder ter un debate serio con vostedes. Intentouno a conselleira no pasado pleno, pero non houbo forma, porque cando non teñen argumentos utilizan sempre a mesma fórmula: primeiro, critican; e segundo, manipulan os datos e os informes ou, directamente, sácanos de contexto. Fíxoo vostede co informe do Consello Económico e Social o outro día, afirmando que consideraba a lei vaga. Esqueceu —é normal que esquezan o que non lles convén— que o 83 por cento das suxestións feitas polo CES a ese anteproxecto foron incorporadas á Lei galega de impulso demográfico.

Esa é a diferenza do Goberno galego cos seus gobernos, a diferenza entre un goberno que escoita e unha oposición que nin tan sequera se molesta en ler. Cando despois xa se lles desmonta o discurso e xa non lles quedan argumentos, piden máis informes, máis plans e máis cronogramas, como veñen pedir hoxe, pero non para coñecer a realidade. A realidade non queren coñecela, senón manter viva a sospeita. Esa é a súa forma de operar, para poder seguir sobrevivindo. É o mesmo *modus operandi* que está utilizando nestes momentos o Partido Socialista a nivel estatal co señor Pedro Sánchez.

Eu, se de verdade lles interesa a realidade, convídoos a facer algo moi sinxelo: collan a Lei de impulso demográfico de Galicia e consulten o *Diario Oficial de Galicia*. Aí é onde fala o Goberno galego, no *Diario Oficial de Galicia*. Claro, para iso hai que traballar, pero aí están publicadas, con luz e taquígrafos, todas as accións reais para loitar contra o reto demográfico, para fixar poboación no rural, para impulsar o emprego, para facilitar a conciliación etcétera. Son un montón de programas, señora Longueira, que eu non lle vou agora degrañar. Vostede fala de estratexias, pero afonde nesas estratexias, lean. Non llelos vou degrañar porque non teño tempo, pero hai programas para atraer e reter a mocidade, para o emprendemento e o retorno. Hai axudas á natalidade —por suposto que si—, á conciliación e á corresponsabilidade. Máis de 32.000 familias galegas estanse beneficiando, nestes momentos, da gratuidade das escolas infantís con fondos propios da Xunta de Galicia, pagadas pola Xunta de Galicia, porque o señor Sánchez prometeu hai seis anos a universalidade da educación de cero a tres anos, pero despois de seis anos está nun caixón, porque estaban a outras cousas, e agora, nestes momentos, ofrece unha cantidade ridícula para poder facer fronte a esa situación. Hai medidas para o acceso á vivenda e moitas máis medidas. Eu poderíalle seguir dicindo decenas de medidas transversais, concretas, en execución, e con orzamento e con feitos; non con anuncios.

Pero, xa que nos piden un informe, o que quero é rematar facéndolle un informe real do que realmente contribúe a desertizar —como di vostede— Galicia e o rural e a frear o desenvol-



vemento de moitas comarcas galegas, e de medidas que para nada axudan a combater o reto demográfico. Pódolle falar nese informe do desmantelamento do transporte público, que depende do Goberno estatal; da eliminación de frecuencias de tren na Gudiña; da supresión ou do mal funcionamento dos servizos rexionais e de media distancia, e de que os galegos pagamos os billetes do FEVE, que son gratuítos para os asturianos e os cántabros, señora Longueira. Pareceume escoitalle hai un momento, no debate do SAF, que os gobernos socialistas gobernaban para todos, e xa se ve que non. Nós pagamos os billetes do FEVE, cando os cántabros e os asturianos, non. O novo mapa de concesións de liñas de autobús estatais elimina 24 paradas en Galicia. Señora Longueira, son competencias do Partido Socialista...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...competencias do señor Sánchez. E vostedes están calados e o Bloque, cómplice do sanchismo, está calado tamén.

Moitas zonas rurais de Galicia —vostede falou da banda ancha— seguen, no día de hoxe, sen un acceso adecuado a Internet. Estas son competencias estatais, pero vostedes están calados e o Bloque segue calado. Xa o dixo a señora Pontón o outro día. *Cuando le toca escurrir el bulto, cuando la pillan con el carrito del helado, (A señora Pérez López amosa un documento cunha fotografía e unhas inscricións.)* «que fale a cidadanía». ¡Ela non fala! Ela non fala... *(Aplausos.)* «Que fale a cidadanía», pero o Bloque que siga calando ante os atropelos do Goberno estatal con Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Un apuntamento máis, señor presidente, e xa remato.

A falta de médicos de familia non é unha cuestión de vontade nin de planificación, como dixo o seu líder esta mañá. Os médicos non medran nas macetas, polo tanto, é a responsabilidade do sanchismo, que leva anos suspendendo a planificación sanitaria. Nós imos seguir traballando nas políticas que temos en marcha neste momento para frear o reto demográfico. Só lle pedimos que non nos poñan trabas no camiño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo autor da moción, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Voulo repetir: «*Será un proceso complejo, pero tenemos derecho a sobrevivir como pueblo*», din os seus socios de Vox. Si, xa sei que non lle gusta. Se eu tivese un socio que dixese iso, tam-pouco me ía gustar. *(Aplausos.)*

Xa lle dixen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Grazas, señora Arias, sempre tan oportuna. Recordos do señor Tomé, por certo. Xa lle dixen a algunha compañeira súa *(Mur-*



murios.) —¡si, muller!— que a min non me ensinaron na miña casa a insultar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu teño bastante lucidez, aínda que non llo pareza, pero non teño a desfachatez de vir aquí insultar ninguén. Dígoo porque —non vou pedir o artigo ese que hai que pedir por insultos e demais— eu non acostumo insultar a xente, e menos se non a coñezo, coma vostede. En privado, ao mellor, ata teño unha graza, pero non adoito insultar a xente. Sería bo que non me voltase insultar. (*Murmurios.*)

Dito isto, ¿rigor? ¡Claro! Nós pedimos rigor porque Galicia está desertizada, señora Pérez. O 97 por cento da poboación de Galicia vive no 34 por cento da superficie total. Hai un 3 por cento que vive no resto. É máis do 60 por cento o que estamos deixando morrer. (*Escóitanse risos.*) Entón, non hai nin unha organización, nin unha xerarquización, nin unha planificación —si, poden dar cheques e poden dar medidas—; e, despois, está o censo migratorio, que está salvando o país. Non a nosa comunidade autónoma; o país enteiro e parte dos estados europeos. Pero iso é unha cousa que xa vén de seu e, afortunadamente, axúdaselles. Pois moi ben axudados están, pero esa non é a solución.

Voulle poñer un exemplo de cuestións que teñen que ver co medio rural e que, por falta de planificación ou por non querer entender como vai a vida, adoitan vostedes facer. Na zona de Entrimo destinaron vostedes, no ano 2022, máis ou menos 280.000 euros a lanzar serraduras desde os avións para paliar os incendios. Con eses mesmos cartos, ¡contrataban vostedes cinco brigadas! Estas estarían limpando todo o ano e estarían atentas, porque rexeneran o bosque, están no eido rural e saben como hai que manter as cousas; pero non, o que preferimos é lanzar palla desde o ceo. Pois son formas de entender a xestión do ámbito rural, son formas de entender a xestión dos montes e son formas de entender como se leva un país. Non somos capaces de ter un rigor e de vir aquí informar do que pasa con estes programas, que non fai falta que vostede enumere, pois xa llelos enumerei eu ao inicio. O único que queremos saber é se todos eses miles de euros que din que gastamos niso teñen os resultados que teñen que ter.

Si, o censo migratorio —eses 177.000 migrantes que os seus socios de Vox pensan deportar se chegan ao Goberno con vostedes— é o que está salvando a situación da natalidade, pero non a da desertización de Galicia, non a de deixar morrer o campo —o rural— e que este non teña unha interacción e unha complementariedade co eido urbano. A iso vimos aquí: a pedir que iso se faga, porque a súa lei é vaga.

Por certo, volvemos outra vez. Eu xa sei que ser orixinal é boísimo —na arte contemporánea sobre todo—, pero esta é a realidade vital. Esta lei da que vostedes falan, de impulso demográfico, tiña outro nome: no ano 2007 xa foi a *Ley 45/2007, de 13 de diciembre, para el desarrollo sostenible del medio rural*. Isto xa existía. Despois aquí poñémolles outro nome e, en vez de chamarte María, chámaste Teresa, pero é o mesmo. Agora ben, o seu xefe de filas nese momento decidiu que iso non era para nós. Ben, pois el decidiu. Despois, veñen aquí e din que son pioneiros. Paréceme fantástico o de ser pioneiros, pero o que estamos pedindo é xerarquizar e ordenar o territorio, porque non podemos ter pediatras en todos os sitios, pero teremos que ter uns medios de transporte que nos leven os pediatras ás cabeceiras de comarca. (*Murmurios.*) Xa lle puxen aquí o caso de Irixoa. ¡Leva anos sen unha liña que poida enlazar con Betanzos! Os cinco nenos que ten o pueblo...



O señor PRESIDENTE: Grazas

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...van ao pediatra cando poden.

Entón, non vimos pedir nada máis que iso. E, volvo repetirle: por favor, non me volva insultar. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. E, ¿a emenda?, ¿acepta a emenda?

(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)

Si.

Votacións das mocións

O señor PRESIDENTE: Ben, pois rematado o debate das mocións, procedemos á votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista e Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa da señora Prado Cores.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa da señora Longueira.

Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que foi aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións e continuamos co punto quinto da orde do día, as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Primeiro de todo, quero facer unha lembranza de José Antonio Redondo, conselleiro maior do Consello de Contas, que nos deixou hai unha semana e que ademais, foi un dos impulsores da modificación, no 2015, da Lei reguladora do Consello de Contas, que dota o organismo fiscalizador desa nova competencia de prevención da corrupción e, sobre todo, dota o sector público e autonómico de mecanismos de prevención da corrupción e de instrumentos de integridade institucional. A nosa lembranza. (*Aplausos.*)

Señorías, non todos os partidos políticos somos iguais fronte á corrupción. Mentres uns cortan de raíz as mazás podres e asumen as responsabilidades, colaboran coa xustiza e adoptan medidas de integridade institucional, outros partidos coma o PP amparan, tapan e abrazan os que corrompen as institucións ou son denunciados por agresións sexuais. Señorías, vouno



dicir alto e claro: condena absoluta da corrupción, da prostitución e do acoso, veña do partido político que veña. (*Aplausos.*)

Moitos e moitas adicámonos á política por vocación de servizo público e con decencia política. E non, non queremos entrar na lameira e no xogo do «e ti máis» do PP, porque crea máis desafección na cidadanía, pero a hipocrisía do PP non ten límites.

Señorías, as reaccións e a forma de actuar son moi diferentes. Hai dous modelos claramente diferenciados. O PSOE foi contundente co triángulo da vergoña e podémonos situar na pel dos galegos e das galegas para saber como se senten: cabreados, consternados e decepcionados porque cren na política decente. Tamén temos que dicir ben alto que estamos orgullosos e orgullosas dos exemplos tanxibles que nestes sete anos do Goberno progresista se lograron para mellorar a vida da xente—sobre todo dos traballadores e das traballadoras—e do fortalecemento do Estado do benestar, propio da socialdemocracia dende hai máis de 140 anos. Son exemplos tanxibles, que se tocan: a subida do salario mínimo interprofesional nun 61 por cento, máis de 1.184 euros hoxe; o incremento do ingreso mínimo vital, beneficiando sobre todo mulleres e familias monoparentais; a reforma laboral, que supuxo o máximo histórico de persoas traballando no noso país —22 millóns— e que, sobre todo, reduciu a brecha das mulleres no mercado laboral en preto dun 17 por cento; o incremento das becas do estudantado; o incremento das pensións dos nosos maiores en máis de 270 euros, e a subida do 0,5 dos empregados públicos. ¿Son un éxito das políticas progresistas, señorías? Sen dúbida, si. (*Aplausos.*)

Por todos estes exemplos de éxito, hai que seguir coa cabeza ben alta. Eu sei por que estou aquí, dedicándome á política con decencia. Fronte á corrupción, vemos que hoxe, 8 de xullo de 2025, nas filas do PP manteñen 48 imputados en causas penais. Son 30 causas penais pendentes de imputados. Eu pregúntome, señorías da bancada do PP: ¿foron expulsados do Partido Popular estes imputados? Non. ¿Houbo algún tipo de investigación interna no Partido Popular? Tampouco. ¿Asumiron algún tipo de responsabilidade política? Cero, señorías; polo que, recibir leccións do PP, xamais. ¡Xamais! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Hai medidas de *compliance* e rexeneración democrática na ponencia política —¡que lin!— fronte á corrupción? Cero. ¡Cero!

Así que, coa cabeza ben alta, hoxe traemos ao debate unha iniciativa que consideramos urxente e necesaria para o presente e para o futuro da democracia aquí, en Galicia —estamos aquí—. Traemos a adopción de medidas reais, efectivas e verificables en materia de prevención da corrupción; de regulación dos conflitos de intereses; de transparencia; de relación cos *lobbies* e cos grupos de intereses como Altri, Greenalia e Greenfiber —esas portas xiratorias—, e de fortalecemento institucional da integridade en Galicia.

Temos exemplos de malas prácticas —moitos exemplos de malas prácticas— e de irregularidades no Goberno galego. Poñamos exemplos.

Contratación pública opaca e con favoritismo. Preto do 40 por cento da contratación pública de Galicia realízase sen procedementos, sen concorrancia e sen publicidade.



Abuso dos contratos a dedo, nos que, curiosamente, hai coincidencias con vínculos familiares e persoais do expresidente da Xunta de Galicia e de altos cargos do PP. ¿Son coincidencias? Nós cremos que non.

Infraestruturas sanitarias mal planificadas e con sobrecustos, como o paradigmático caso do Hospital Álvaro Cunqueiro, no que pasamos dun proxecto público do Bipartito, presidido por Emilio Pérez Touriño, a un hospital de modelo concesional privado, de menor tamaño e preto de 470 millóns de euros máis caro.

Falta de seguimento das recomendacións, ano tras ano, do Consello de Contas, ao que non lle fan nin caso. Non seguen unha porcentaxe moi alta desas recomendacións.

Rehabilitación política de cargos imputados ou condenados. Temos o caso do señor Uzal, o director xeral da Administración local, ou a recuperación de concelleiros condenados por violencia de xénero, señorías.

Opacidade nas sociedades público-privadas que manexan fondos públicos, como a sociedade Impulsa e a sociedade Recursos de Galicia que, dixo o Consello de Contas que, si ou si, teñen que render contas e transparentar a súa actividade. Temos o exemplo do memorando do pacto secreto do presidente da sociedade Impulsa naquel momento, o señor Conde, con Altri. ¿Sabemos algo dese memorando? Non. ¿Hai conflito de intereses? ¿Deixou de ser a tempo parcial conselleiro de Economía e Industria e puxo a gorra de presidente da sociedade Impulsa? Pedimos un pouquiño de seriedade e, por favor, transparenten a actividade desas dúas sociedades. (*Aplausos.*)

Señorías, non se trata de eludir responsabilidades mirando cara a Madrid, senón de exercer responsabilidades aquí, en Galicia. O Goberno galego do PP non pode funcionar como unha rede de favores. Por iso, propoñemos medidas claras e asumibles, como son a aprobación dunha lei galega de integridade pública e de rexeneración democrática, a regulación efectiva dos *lobbies* e dos grupos de intereses con rexistros obrigatorios, a trazabilidade das decisións políticas —que se saiba o que pasou con ese memorando de pacto secreto entre Altri e o presidente de Impulsa, o señor Conde—, a redución drástica do uso de contratos menores e o control público reforzado das sociedades públicas.

Señorías, estas non son propostas ideolóxicas; son propostas de calidade e de integridade institucional. A democracia non só consiste en votar cada catro anos —é verdade que sempre sacan peito aquí, neste hemicycle—; consiste en garantir que os recursos públicos se xestionen con rigor, que o poder se exerza con responsabilidade e que os cidadáns poidan confiar nas institucións que os representan. Esa confianza, señorías, só se gaña co exemplo. Por iso, dende o PSdG dicimos alto, claro e coa cabeza ben alta que Galicia merece un goberno limpo, un goberno transparente, comprometido co ben común, un goberno que respecte as regras e que renda contas, e non un goberno de amiguetes, nin de abrazos vergoñentos, nin de pactos secretos, nin de abuso de contratos a dedo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Despois dunha fin de semana de brutal bipartidismo na súa máxima expresión, de imaxes de euforia desmedidas e de odas á *Rianxeira* —por certo, son «ondiñas», e non «oliñas»; «ondiñas veñen e van», porque, aínda que teñan vostedes maioría absoluta, non se pode cambiar o cancionero galego así como así—, (*Aplausos.*) despois de imaxes de división... (*O señor Lorenzo Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) Está nervioso. (*Murmurios.*) ¿Que quere? ¿Que sigamos no mes de xuño tamén, cando saen as enquisas onde vostede é o peor valorado en Carballo? É dicir, estamos no mes da marmota. Tranquilícese, señor Lorenzo. Despois de imaxes de división de opinións e de coiteladas, de discursos repetitivos e baleiros que son pouco cribles realmente para a cidadanía e nin convencen, pois volvemos á realidade, á crúa realidade do noso cometido, que, como parlamentarios, está en tratar de chegar a acordos para mellorar a vida e o benestar dos cidadáns, xestionando os recursos públicos que eles aportan, da forma máis eficiente e eficaz posible.

No último barómetro do CIS do mes de xuño, a corrupción e o fraude aparecían na novena posición, cando se lle pregunta á xente por cal é o problema que considera o maior problema no Estado; na novena posición. Por certo, os nacionalismos nese barómetro aparecían na trixésimo sexta posición. Dígoo porque, lendo a ponencia política desta fin de semana do Partido Popular, parece que estaba arriba de todo. Dígoo, basicamente, porque parece que seguen sen captar cales son os problemas reais da xente; aquí tardaron uns cantos anos en saber que era a vivenda, Pero ben, o que dicía; a corrupción e a fraude sitúanse no noveno posto. No barómetro de xaneiro estaba na décima, e o ano pasado estaba na décimo quinta. É normal co que está pasando na corte madrileña que a xente sinta preocupación pola xestión que se fai dos seus impostos nas administracións.

Esta PNL que trae aquí hoxe o PSOE, a pesar de rexistrarse hai máis dun ano e de facer referencia a un informe de hai dous, pois segue a ter plena vixencia, e, dende logo, si que ten interese, pois é certo que é necesario adoptar as recomendacións feitas no seu día polo Consello de Contas que aínda non se levaron a cabo. Porque iso realmente é o que esperan os cidadáns de nós: que tratemos de poñer en marcha medidas e estratexias que sexan útiles e sirvan para aumentar a confianza nos representantes públicos, nos políticos, cando nos toca xestionar, segundo o seu mandato, o erario nas institucións administrativas a todos os niveis.



Desde o BNG, desde logo, pensamos que o Parlamento está para algo máis que para ser un «rende titulares»; é dicir, para unha grella de radio perfectamente programada para conseguir ese minuto de ouro no *prime time*. Na nosa concepción, vai máis alá do debate político, que si cremos que hai que telo, por suposto, aínda que non como se presenta algunhas veces por parte do Partido Popular, nunha lameira de barro no que algúns —todo hai que dicilo— se senten moi a gusto, aínda que saibamos que en toda a bancada da dereita non todos pensan así, menos mal. Decía que o Parlamento debe ir máis alá lexislando; non só aprobando declaracións de intencións, senón aprobando normas que sexan útiles. E, neste caso, falamos de medidas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática.

O informe ao que se fai referencia na PNL era o informe do Consello de Contas que avaliaba os sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Administración xeral, facendo referencia a unha análise do eixo quinto do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030. Destacaba de forma especial polo seu alcance integral. A meta fixada era estender os plans de prevención de riscos de xestión a toda a organización e que abarcase toda a xestión realizada, con independencia do financiamento. Todos sabemos que isto se pode implantar xa desde que se aprobou a Lei de transparencia e bo goberno no 2016, pero bueno. Dician vostedes que foron os primeiros, porque, claro, a Unión Europea tamén obrigaba a ter eses programas de integridade institucional se queriamos ter eses fondos, ou incluso as ordes ministeriais falaban de telos se querían acceder aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Ben, a estratexia específica da Xunta para afianzar a súa política institucional materializouse nese Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e, así, aprobouse o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta. Aínda que a intención era boa, porque así se recoñece no propio informe do Consello de Contas, e o Goberno foi cumprindo parcialmente varias recomendacións que viña facendo o Consello, cabe destacar que o propio Consello informa da baixa participación do persoal na elaboración do Plan e no proceso de identificación e de avaliación de riscos. Só o 26 por cento do persoal directivo enquisado participou na elaboración do plan de medidas antifraude, e un 30 por cento dese persoal manifestaba non coñecer nada ese plan na súa unidade. Iso quere dicir que, ás veces, se fan os plans simplemente para que estean no papel. Outra debilidade da que falaba ao Consello de Contas é que só o 32 por cento dos directivos manifestaban ter un bo coñecemento do Código ético institucional, e só un 21 por cento do persoal afirmaba ter realizado algunha actividade formativa sobre ética.

Sobre a xestión de conflitos de intereses, a Lei de transparencia e bo goberno si que prestou unha adecuada atención á xestión dos conflitos de intereses, segundo di o Consello de Contas, mais, na enquisa que se realiza nese informe, hai persoal directivo que dubida sobre como actuar diante dun conflito de intereses, e o Consello de Contas manifesta tamén que na información que se facilitou non aparecía ningún conflito de intereses, o que podería ser indicativo, desde logo, da necesidade de mellorar este tipo de ferramentas.

Tamén dicía o informe que a ausencia de previsión de regulación estatal e autonómica destes grupos de interese ou *lobbies* non permitiu constatar ningún mecanismo de control sobre a



actividade destes grupos. É difícil de resumir no tempo que temos todas as cuestións que abordou realmente este informe, pero serviron para que este órgano fixese novas recomendacións, á parte das que o Goberno foi cumprindo: mellorar o coñecemento e a percepción do persoal sobre o marco ético e a cultura ética, crear un órgano de supervisión centralizado e completar o marco xurídico da regulación de conflitos de intereses. Por certo, hai comunidades autónomas, como pode ser Asturias ou como pode ser a Comunidade Valenciana que xa regulan os grupos de interese: os rexistros mesmos, os seus códigos de conduta, a pegada que deixan na elaboración dunha normativa ou na actuación pública. O Goberno do Estado tamén tiña un proxecto de lei de transparencia e integridade das actividades dos grupos de interese, aínda que está no fondo do Congreso. Non obstante, sería para aplicar na Administración xeral do Estado e no sector público institucional. Desde logo, nós pensamos que chega tarde.

Tamén había outras recomendacións: incrementar plans de prevención de medidas anti-fraude, revisar a metodoloxía para avaliar os riscos etcétera. En realidade, dicía o Consello de Contas que hai que deseñar unha estratexia para que isto funcione, non soamente para que estea no papel. Desde logo, a vontade política é fundamental para conseguir cumprir non só os mandatos imperativos da lei e dos regulamentos europeos, senón os desexos dos cidadáns, que, cos seus votos, confían inicialmente no bo facer dos seus representantes. E esa vontade pois tamén se ve reflectida nos programas electorais. Por iso, sempre dicimos que non son todos iguais. Namentres no programa do Partido Popular do ano 2024 soamente había unha medida falando da páxina de transparencia, e no do PSOE, outra falando dos *lobbies*, no do BNG si que somos máis contundentes, porque nos tomamos en serio esta materia, e por iso podemos ter o orgullo de ter cero condenados por corrupción.

Ben, respecto ás propostas que nos trae hoxe aquí o PSOE con esta PNL, esta non deixa de ser unha declaración de intencións que non ten maior problema para ser aprobada; ademais inclúe un acordo xenérico para seguir afondando e aumentando a regulación normativa na que incide e que reclama o Consello de Contas e que, como xa dixen, existe noutras comunidades, polo que tampouco vexo que poida recibir ningún tipo de voto en contra. Non obstante, desde logo, se o PSOE puxese máis ímpeto en lexislar alí onde goberna sobre estes aspectos, igual hoxe as noticias serían outras ben distintas.

Nós esperamos que os grupos políticos estean á altura do debate, porque...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor INSUA LEMA: ...— si, remato — adoptar medidas de prevención sempre é bo, é positivo e, se se centra en como podemos mellorar as administracións públicas, que é o que queren e esperan os galegos e as galegas, moito mellor. Eu espero que sexan orixinais, máis alá de vir hoxe aquí cos argumentarios a cumprir as ordes castrenses dos xefes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.



A señora SANZ ARIAS: Ben, moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Teño que confesar que, cando recibín a orde do día deste pleno e tiveron a oportunidade de comprobar as iniciativas formuladas por cada grupo, foi difícil crer que fose o Partido Socialista —precisamente o PSOE, coa que está caendo— o que se atrevese a vir a esta Cámara a pedir un avance en políticas de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática. Pero que sabio é o refraneiro cando di iso de «dime de que presumes e direiche de que careces». Sinceramente, dado o contexto actual, pensei que vostedes retirarían esta iniciativa; descoñezo o motivo que os impulsou a mantela. Fraco favor está facendo ao seu partido, salvo que precisamente preténdese iso: deixar en evidencia as carencias do socialismo sanchista.

En todo caso, señora Iglesias, non atopou nada de *compliance* na ponencia política do Partido Popular —alégrome de que a lese— posto que non é algo novo para nós e, se lle interesa, pode consultar a nosa páxina web ou pásolla eu tras o pleno.

Señor Insua, respecto ao informe do Consello de Contas, como é habitual, escollen frases sesgadas, as que lles interesan, e olvidan outras frases tan importantes como a que di o propio informe de que Galicia avanzou e se conformou como unha administración moderna que responde aos máximos estándares de calidade. E outra cousa; sinceramente, se mo permite, veu tan preocupado pola transparencia que pensei que nos ía aclarar algúns contratos menores dun despacho que vostede coñecía ben antes de entrar neste Parlamento. (*Aplausos.*)

Voltando xa á iniciativa, señora Iglesias, penso que vostede cometeu un dobre erro formulando este debate. Por unha banda, un erro de oportunidade, polo momento que está atravesando o Partido Socialista, tanto a nivel de entorno persoal de Sánchez, como da propia estrutura do partido ou do Goberno, cos escándalos que día tras día temos que soportar todos os españois. E, por certo, deu tantos datos... Xa que está preocupada, pois voulle dar eu outro dato: non sei se sabe que Sánchez mantén nos seus cargos 27 altos cargos imputados. Revise. Sánchez, socialista; revise. Teño unha cousa ben clara: se hai alguén que mereza un curso avanzado de políticas de integridade institucional, de prevención da corrupción e de rexeneración democrática, ese é precisamente o PSOE, cuxos dous últimos secretarios de organización non puideron participar na recente executiva porque un está no cárcere e outro sabe Dios onde acaba.

O segundo erro que cometeu na súa iniciativa foi de capacidade de xuízo, porque parece esquecer que Galicia sempre foi referente en rexeneración democrática e integridade institucional. Xa no ano 2015, o Goberno Popular puxo en marcha un programa pioneiro, un plan de impulso democrático que culminou coa aprobación de cinco leis de mellora da calidade democrática deste país; cinco leis.

Falando de medidas de carácter lexislativo, un avance moi importante foi a incorporación de competencias de control da corrupción nesa entidade que tanto lle preocupa, que é o Consello de Contas. Repito, foi o Partido Popular quen impulsou que o Consello de Contas se



convertese no órgano de control externo en materia de prevención da corrupción no eido da Administración autonómica. Tamén no marco dese plan de impulso democrático, aprobamos unha lei de financiamento de partidos políticos e das súas fundacións; por certo, sen o apoio do BNG. Aprobamos tamén a Lei de transparencia e bo goberno, un texto moito máis ambicioso e amplo que a propia normativa estatal, con medidas como o maior control das incompatibilidades, a regulación dos gobernos en funcións ou novas exixencias para os altos cargos. Reformamos o portal web de Transparencia da Xunta de Galicia, superando o anterior modelo máis disperso, unificando e homologando toda a información dispoñible e fortalecendo, en definitiva, a participación cidadá e o dereito ao acceso a información pública. Tomamos medidas de impulso do Código ético e institucional, que engloba aspectos tan importantes como contratación pública, procesos selectivos, viaxes oficiais ao exterior ou transparencia parlamentaria. Impulsamos mecanismos de control da legalidade no eido das distintas consellerías; e aquí, quero poñer en valor o traballo dos interventores, dos letrados e de todos os funcionarios de carreira que velan pola integridade dos procesos. Ou actualizamos o regulamento deste Parlamento, coa introdución de medidas das que estamos facendo uso continuamente, como, por exemplo, a posibilidade de que os grupos da oposición propoñan comisións de investigación, como a que celebramos no pasado mes de decembro, que é unha prerrogativa única en toda España; todo grazas ás normas impulsadas polo Partido Popular.

Pero é máis, Galicia non quedou só nesa ambición do plan do ano 2015, senón que o Goberno galego, que considera que esa mellora debe ser continua e adaptarse aos tempos, seguiu dando pasos nas materias que hoxe estamos tratando. Non teño tempo a enumerar todas, mais quero só poñer algún exemplo.

No ano 2018, firmou o Protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia e o Consello de Contas, para a implantación e seguimento dos plans de prevención de riscos. Logo da pandemia, aprobou o Programa marco de integridade institucional. Neste punto gustárame poñer en valor que con este programa se preveu a aprobación por parte dos distintos departamentos dos plans de prevención de riscos, moito antes incluso de que o Goberno de España os impulsase debido ás exixencias de xestión dos fondos europeos. Galicia unha vez máis, anticipouse, marcou o camiño e non esperou a que viñesen de fóra obrigarnos a adoptar medidas de control. Nese mesmo ano, o Consello da Xunta aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia. Tras a súa aprobación, este plan foise completando con plans e medidas específicas en todas as consellerías, ata o punto de que, hoxe, 110 centros directivos autonómicos e entidades do sector público teñen publicados os seus plans con medidas —insisto— antifraude; 110 plans de medidas antifraude.

E, respecto dos *lobbies*, dos que tamén fala na súa iniciativa, o que agardamos é que vostedes, que gobernan en España, fagan os seus deberes, porque, para desenvolver a normativa autonómica, temos que esperar a que se aproben dúas normativas nacionais que están en tramitación.

Xa non teño tempo, pero claro que ao señor Sánchez, tan dado a aprobar reais decretos pola vía de urxencia, estas normas non lle interesan nada, á xuízo do que estamos a ver nos informes da Garda Civil de Estremadura ou no *lobby* cátedra da súa señora esposa.



Non sigo porque non teño tempo, pero, de verdade, ¿vostedes non son capaces de recoñecer o importante e abundante traballo feito en materia de rexeneración democrática en Galicia desde o ano 2015 especialmente? ¿Non son capaces de recoñecer que somos un exemplo?

Señora Iglesias, cando vostede fala na súa iniciativa de dar un paso adiante e decidido nas políticas de integridade e transparencia, emprega deliberadamente un termo moi pouco preciso e amplo, porque, á luz da extensa batería de medidas en vigor en Galicia, non atopará ningún deber que poñer ao Goberno de Rueda neste ámbito. E iso traduciuse tamén en que, afortunadamente, Galicia fose impermeable a estas cuestións que si afectan outros gobernos, empezando polo que vostedes presiden. Fronte a unha Xunta transparente que non elude o control, atopamos o Goberno de Sánchez, que fai todo o contrario. Todos os mecanismos e salvagardas están a ser fagocitados, poñendo persoas afíns, como foi no caso da Fiscalía Xeral do Estado, do Tribunal de Contas ou do Tribunal Constitucional, onde estamos vendo que están situando determinados perfís que actúan —se me permiten a expresión— como marionetas.

En todo caso, señora Iglesias, o Goberno sempre segue comprometido a mellorar a calidade institucional e, con ese obxectivo, se fai propostas máis concretas que a que contén esta iniciativa, nós estamos dispostas a estudalas.

Remato xa. Señora Iglesias, compartimos con vostede que todo é mellorable, pero —perdoe que insista— o partido que vostede representa é o que peor exemplifica como dar a batalla contra a corrupción. (*Aplausos.*) En Galicia, temos unha Administración exemplar e referente en medidas de impulso democrático, cun plan específico de cinco leis, 50 medidas, para a mellora na rendición de contas das administracións públicas e para o control dos cidadáns sobre elas. Se hai unha cousa clara é que Galicia goza dunha excelente saúde democrática, a anos luz do que fan vostedes en Ferraz e na Moncloa, e co apoio cómplice e incondicional do BNG da señora Pontón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para autora da proposición non de lei, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Moitas grazas, presidenta, de novo.

Señora Sanz, díxenllo na primeira intervención: a cabeza ben alta sempre por parte do Partido Socialista de Galicia, e non somos todos iguais. (*Murmurios.*)

Eu supoño, señores da bancada do PP, que, ao mellor, os señores do Greco, que saben que é ese grupo en Europa encargado de examinar a política de prevención da corrupción, lles van dar a medalla ao partido máis íntegro; cando o PP é o único partido da historia da democracia condenado por sentenza penal firme por financiamento ilegal durante vinte anos, vinte anos. (*Aplausos.*) M. Rajoy, señorías do PP, aparece nos papeis de Bárcenas e foi proba de cargo, proba de cargo na condena ao PP. Non foron só indicios e non só foron informes da UCO; foron proba de cargo e condena penal firme.



Non, non somos todos iguais. A diferenza, como dicía, está en como se reacciona ante a corrupción e ante unha sospeita seria. No PSOE, hai dimisións, ceses e asunción de responsabilidades; no PP, hai ascensos, silencios, abrazos e homenaxes, señorías.

E, ¿queren falar de rigor? Falemos con memoria e rigor. Teñen 30 causas penais pendentes: Púnica, Lezo, Kitchen, Policía Patriótica; a xestión da DINA en Valencia, a peor traxedia no noso país, con máis de 238 mortos nas espaldas, señorías. Ata unha das encargadas de organizar o Congreso do PP, ese conclave ao que viñeron esa fin de semana —cantando oliñas, non ondiñas van—, que foi homóloga da señora Candia na Asemblea de Madrid, está imputada por catro delitos de corrupción. A número 3 de Ayuso, a organizadora do Congreso do PP en Madrid, catro delitos de corrupción.

¿Lembrades como Feijóo chegou a Madrid? Foi porque Pablo Casado denunciou que o irmán de Ayuso levara comisións millonarias nas contratacións da pandemia, señorías, nas contratacións da pandemia. (*Murmurios.*) E, aínda así, veñen hoxe dar leccións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A min caeríame a cara de vergoña. Dígo de verdade, menudo nivelón hai na bancada do PP. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señora Sanz, nin a corrupción, nin a prostitución, nin os acosos son un problema de esquerdas, de dereitas ou de nacionalismos. Moitos casos de corrupción neste país están vinculados coa prostitución e teñen que ver co machismo e co sistema patriarcal estrutural que hai no poder. E todas as mulleres que estamos aquí sentadas —nacionalistas, de esquerdas e de dereitas— sabémolo ben. E a respecto de como se actúa, como digo, hai modelos diferentes.

Falaba tamén de que se adoptaron todas as medidas do Informe de prevención da corrupción do 2023. Non se adoptaron, señora Sanz. Están todas esas recomendacións aínda sen adoptar. E falamos de feitos e irregularidades...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...de abusos de contratos a dedo, do tema do sobrecusto de 470 millóns do Álvaro Cunqueiro, do tema das incompatibilidades. ¿Como se pode explicar que unha exdirectora de GAIN fichase por unha empresa á que se lle acababa de adxudicar unha semana antes un contrato millonario do 23 millóns de euros? Falamos de conflitos de intereses, do memorando do pacto secreto da Sociedade Impulsa con Altri. ¿Eses non son conflitos de intereses mal xestionados? Evidentemente non están implementados na práctica, no día a día da Administración, os plans de prevención; son papel mollado.

Rexenerar a democracia, señorías, non é opcional; é unha obriga, e quen non o entenda non debería de estar ao lado, porque non están á altura.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Sigan pelexando dende a bancada do PP por ser máis extremistas e subirse á hipérbole.



Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do propio grupo parlamentario.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Autoemenda de adición.

Débese engadir dous parágrafos novos na parte resolutiva, que quedarán redactados co seguinte texto:

« - Apoiar a declaración por parte do Goberno do Estado do Pazo de Meirás e a Illa de San Simón coma Lugares de Memoria e contribuír co mesmo neste recoñecemento e preservación, colaborando e impulsando actividades que permitan preservar na memoria colectiva os desastres da guerra e da ditadura.

- Impulsar unha campaña anual de memoria LGTBI en centros educativos, culturais e medios públicos galegos cada mes de xuño, coincidindo coas celebracións do Orgullo. Porque lembrar é tamén educar e previr.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

Van xa dous anos e nove meses dende que foi aprobada en outubro de 2022 a Lei de memoria democrática en España; unha lei que, ao fin e ao cabo, ao que veu foi a cumprir unha recomendación do Consello de Europa e que constitúe un vehículo fundamental para fomentar o coñecemento das etapas da democracia e da historia de España e a de Galicia e manter a memoria das vítimas do golpe militar, da guerra e da ditadura franquista; unha lei da que lamentablemente Galicia permanece á marxe.

Dende o Goberno galego, durante todo este tempo, non cumpriron ningunha das recomendacións que esta lei impón ás administracións autonómicas. ¿E a xustificación cal foi? Díxéronnos nalgunha ocasión que non lles gusta a lei, que queremos revivir ou sacar a pasear a Franco e que dende Galicia xa se está a colaborar; estase a colaborar co proxecto de localización e exhumación de fosas do Goberno do Estado, entendendo que isto xa era suficiente.



Pois ben, a pesar da pasividade da Xunta, nós queremos seguir insistindo, porque cremos que a lei proporciona moitos instrumentos chave para promover a defensa dos dereitos humanos e da democracia, creando condicións de pedagogía social que constitúen garantías de non repetición, a través de iniciativas como a retirada de símbolos, a creación dun censo de vítimas ou a singularización e protección de determinados lugares baixo a denominación de lugares de memoria democrática.

E, ante a negativa desta protección dalgúns lugares en Galicia por parte do Goberno da Xunta, foi o Estado español, e vai ser o Estado español, por petición das asociacións memorialistas, o que inicie este verán o expediente e o que outorgue esta categoría á illa de San Simón e ao Pazo de Meirás, porque son lugares ambos —espero que non o volvan vostedes cuestionar— que cumpren sobradamente os requisitos para este recoñecemento; lugares que non poden seguir sendo usados para unha festa pirata, (*A señora Castro Rey amosa un cartel promocional.*) para bailar bachata na illa de San Simón, porque é unha falta total de respecto á memoria do que alí aconteceu. (*Aplausos.*)

Sinceramente, señorías do Partido Popular, a min pónseme un nó no estómago cando vexo isto. Paréceme un sacrilexio e unha profanación da nosa historia, unha ofensa... (*Murmurios.*) ¿A vostede parécelle normal que se vaia bailar bachata na illa de San Simón? ¿Non lle parece unha falta de respecto ás vítimas, a todos os familiares das vítimas desa represión franquista? (*Murmurios.*) Non lle parece, non. ¿Foi vostede, señor Pazos, bailar bachata á illa de San Simón, que lle queda cerca? Queremos que isto non volva acontecer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire en Facebook o que estaban a facer, vestidos de pirata na illa de San Simón bailando bachata. (*Murmurios.*) Pois iso nós non queremos que se volva repetir, non queremos que volva acontecer, autorizado, por certo, pola Consellería de Cultura e o Museo do Mar de Galicia. Non queremos que o Goberno galego volva autorizar o recoñecemento de actividades que non permitan preservar a memoria colectiva do desastre e das situacións que se sufriron alí.

Por iso, hoxe pedimos á Xunta que siga o exemplo doutras comunidades autónomas e dalgúns concellos de Galicia —algún do Partido Popular incluso— e que constitúa, de forma consensuada cos grupos políticos con representación parlamentaria, o Consello da Memoria Democrática de Galicia; un órgano colexiado permanente de participación, con carácter técnico e consultivo, con representación plural da Comunidade Autónoma e adscrito á consellería que leve a memoria democrática, que debería ser Presidencia, pero, como aquí ninguén a leva, pois non o sei.

Un órgano ¿para que? Para ese asesoramento, información, debate e estudo de propostas en defensa da promoción dos dereitos humanos, para, ao redor da recuperación da memoria, contribuír á súa difusión e ao recoñecemento institucional e social. Un órgano que garanta esa participación plural dos diferentes axentes sociais na formulación das políticas de recuperación da memoria; que impulse a coordinación e cooperación con outras administracións públicas e con entidades privadas na consecución destes obxectivos; que propoña medidas de axuda e apoio ás entidades ou asociacións implicadas; que dirixa declaracións de lugares de memoria; que informe sobre solicitudes para a localización e exhumación de vítimas da Guerra Civil e da ditadura, ou que se encargue da conservación e preservación de determi-



nados documentos históricos, así como da retirada de elementos ou símbolos contrarios á memoria democrática. Un órgano que se encargue tamén de cousas tan importantes e tan relevantes como do impulso de programas de divulgación que inclúan temas tan esquecidos como a situación da muller durante estes anos ou a das vítimas do exilio, pero tamén que aborde o recoñecemento e a persecución que sufriu o colectivo LGTBI, que, durante a ditadura franquista, tamén en Galicia, sufriu unha represión sistemática silenciada durante décadas, que afectou milleiros de persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero. A Lei de vagos e maleantes, ou a seguinte Lei de perigosidade e rehabilitación social tamén foron ferramentas de criminalización, humillación e violencia institucional. E moitas destas persoas tamén eran galegas; homes e mulleres detidos, internados, marcados pola vergoña pública e obrigados ao silencio e á invisibilidade durante anos. Polo tanto, é necesario que tamén se recoñeza isto.

Para iso, aquí realmente o único que estamos a pedir é que se cree este Consello, para poder levar a cabo e dirixir as políticas de memoria do noso país, que son ausentes. O Goberno galego non se pode conformar con permitir que o Estado desenvolva na nosa comunidade ese programa de localización e exhumación de fosas, senón que ten que ter unha posición activa. E unha posición activa pasa por iso, por un desenvolvemento desas campañas, pola colaboración con todas as asociacións memorialísticas de Galicia, que están a traballar duramente e que foron as que conseguiron os avances neste país, como ese procedemento xudicial para poder subtraer aos Franco todo o Pazo de Meirás, que foi subtraído durante a época da ditadura.

Polo tanto, necesitamos que existe un Consello da Memoria, para que poida regularizar todas estas medidas que impón esa Lei de memoria democrática aprobada polo Goberno de Pedro Sánchez. Porque, señorías do Partido Popular, para que a historia non se volva repetir, a historia hai que coñecela e recoñecela, e é o que non está a facer o Goberno galego. Nós, como repito, non pedimos máis que o cumprimento da Lei de memoria democrática. Polo tanto, pedimos o apoio do resto dos grupos.

Por agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Entón, ten a palabra o señor Bará, polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Esta iniciativa sobre a proposta de creación do Consello da Memoria Democrática xa a tratamos nun debate na Comisión 1ª. Neste caso, está ampliada con outras propostas sobre lugares de memoria e sobre a memoria tamén do colectivo LGTBI. Son todas elas propostas —podemos dicir— parciais para desenvolver unha política pública da memoria histórica ou da memoria democrática, que en Galiza non existe. E aínda é peor que que non exista, é moito peor, porque temos un Goberno na Xunta absolutamente ultra que milita na antime-



moria, que insulta, despreza e aldraxa as vítimas da represión franquista e as súas familias, como vemos acotío na illa de San Simón. E, ademais, asume un papel que nos preocupa moito, porque vostedes actúan como os herdeiros biolóxicos, ideolóxicos e políticos do franquismo cando protexen ou vetan que se fale e que se trate a represión franquista. Un PP, ademais, que desobedece de maneira consciente as resolucións das Nacións Unidas e do Consello de Europa.

Porque este non é un debate, como pretenden facer vostedes, só de ámbito estatal ou de ámbito nacional galego sobre a historia, sobre o que pasou aquí. É un debate que ten que ver co dereito internacional, coa xustiza universal e con dereitos humanos fundamentais, como o dereito á verdade, a xustiza e a reparación, que están consagrados en resolucións das Nacións Unidas que foron tamén apoiadas e avaladas polo Estado español.

Nestes anos pasados, falábase de que Galiza, con Murcia e Madrid, eran as únicas comunidades do Estado que non tiñan ningún tipo de organismo nin de política pública da memoria. Agora —sabémolo— son moitas máis por esa deriva reaccionaria do Partido Popular e os seus pactos coa extrema dereita, porque vostedes, señorías do Partido Popular, pactaron, pactan, e pactarán coa extrema dereita. E, ¿saben por que pactan coa extrema dereita? Porque vostedes son a extrema dereita. (*Aplausos.*) Vostedes son a extrema dereita, son esencialmente a mesma cousa; a mesma cousa ultra, españolista, centralista, racista e reaccionaria. Non se diferencian en nada, cada vez se parecen máis.

E agora, causa sorpresa que o Partido Popular e Vox eliminen departamentos xerais de memoria, máis en Galicia isto non é nada novo, porque vostedes xa o fixeron; foron uns adiantados, uns pioneiros, como din vostedes. Foron pioneiros en dismantelar, en eliminar, en aniquilar as políticas públicas de memoria cando tomaron o goberno no ano 2009, porque aquí houbera unha política pública da memoria por parte do Goberno bipartito e máis concretamente por parte da Consellería de Cultura, que desenvolvía o BNG. Naquel momento, desenvolvéronse as políticas de memoria máis avanzadas do Estado. Aquí desenvolveuse un proxecto, Nomes e Voces, por exemplo, que hoxe é unha referencia no Estado, e ese equipo foi agora contratado para facer o censo estatal das vítimas. Aquí creouse un Consello da Memoria xa daquela no que estaban personalidades como Avelino Pouse Antelo, como Isaac Díaz Pardo, como Mariví Villaverde ou como Amalia Bóveda. E aquí declarouse a illa de San Simón «Illa da Memoria».

Pero, claro, chegou o Goberno de Feijóo e de Rueda e mandou parar. Eliminou absolutamente todas estas medidas impulsadas polo Goberno, e non só isto, foi máis lonxe. Porque, mentres na época da austeridade pasaba todo isto, vostedes a única política da memoria que fixeron foi subvencionar a familia Franco, mentres eliminaban Nomes e Voces, con 44.200 euros. E, ¿saben para que foi esta subvención? ¡Para abrir o Pazo de Meirás, que tiña que abrir a familia Franco de maneira obrigatoria por ser declarado BIC! E vostedes financiaron os Franco con 44.200 euros. (*Aplausos.*) Deberíalles de caer a cara de vergoña. É unha auténtica infamia que fixesen isto.

Dende logo, o BNG demostrouno sobradamente: defende e practica as políticas públicas da memoria. Temos propostas de máximos, como esa Lei de memoria histórica galega que pre-



sentamos neste Parlamento no ano 2018 e cuxa admisión a trámite vetou o Partido Popular, e temos tamén propostas de mínimos. Nós pensamos —presentamos moitas iniciativas sobre isto— que, cando menos, habería que crear unha estrutura institucional básica para desenvolver este tipo de medidas. Hai que garantir unha liña de actuación de coñecemento da verdade a través da continuidade dese proxecto, Nomes e Voces, e da creación dun arquivo e un centro da memoria; hai que desenvolver políticas tamén da eliminación da simboloxía franquista; hai que crear a Rede dos lugares da memoria, partindo deses dous lugares simbólicos principais que son tanto San Simón como o Pazo de Meirás —por certo, aquí apelamos tamén á responsabilidade do Goberno central para dar contido e uso ao Pazo de Meirás, que está pechado a cal e canto—, e, por último, tamén hai que ter en conta o papel do ensino e dos medios de comunicación públicos para a divulgación sobre a represión franquista e a loita antifranquista, porque aquí tamén hai moito que ten que ver coa pedagogía e a defensa dos valores democráticos.

Agora fálase moito de corrupción. A corrupción non naceu no franquismo, mais foi parte esencial da cultura franquista, das persoas e das empresas que se forraron no franquismo e que legalizaron as súas fortunas na Transición, empezando pola familia Franco e seguindo pola monarquía borbónica corrupta, que o que fixeron foi utilizar a Transición para facer un lavado de toda a fortuna que foron acumulando no franquismo, igual que as construtoras, que agora están tamén nos papeis, que foron quen protexeron e blindaron o Borbón. Esta é a inmoral Transición que vostedes veneran; daqueles pos, esta lameira.

Para rematar, quero facer referencia ao Ano Castelao, porque, aínda que por parte da Xunta non practican moito, estamos no ano Castelao, e hai que lembrar que Castelao foi unha vítima principal e directa da represión franquista, e foino por ser demócrata, por ser republicano e por ser nacionalista galego. Castelao dedicou a súa vida despois de 1936 a loitar contra a ditadura, pola República e por Galiza. E unha das prioridades de Castelao foi precisamente a defensa disto que agora se chama a memoria histórica, a reivindicación da memoria das persoas que foron perseguidas. Por iso, Castelao impulsou no ano 1941 a declaración do 17 de agosto, a data na que mataron o seu grande amigo e compañeiro Alexandre Bóveda, como o Día dos Mártires Galegos. Polo tanto, se vostedes respectan minimamente a Castelao, o primeiro que deberían facer é respectar a súa memoria e oficializar o Día da Galiza Mártir. Xa sabemos, porque o pedimos moitas veces e votaron en contra, que non o van facer, porque vostedes queren un Castelao mutilado, domesticado e usado a medida dos seus intereses. Mais Castelao é demasiado grande, fala claro por si mesmo e nunca van poder silencialo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.



Antes de nada, quero comezar recoñecendo algo que creo que non admite matices. A defensa dos dereitos humanos, a dignidade das vítimas e a consolidación dunha cultura de paz, liberdade e tolerancia son piares fundamentais de calquera sistema democrático. *(Aplausos.)* Galicia, como parte deste sistema e como pobo con memoria e conciencia, compartiu e comparte esa responsabilidade. O recoñecemento das vítimas da Guerra Civil, da ditadura e de calquera vulneración dos dereitos fundamentais forma parte dese compromiso. Por tanto, non estamos a debater se Galicia debe ou non apostar pola memoria democrática; esa cuestión está superada e fóra de toda dúbida. O que realmente se pon sobre a mesa é outra cousa: como canalizamos esa memoria, con que instrumentos, con que obxectivos e, sobre todo, con que resultados efectivos.

A proposta que traen hoxe non é nova: un Consello da Memoria Democrática de Galicia que viría duplicar estruturas xa existentes e xa asumidas tanto dende a Xunta de Galicia como dende o Goberno de España. En Galicia, a memoria democrática non está abandonada nin desatendida. A Xunta colabora cos organismos estatais na execución dos plans de exhumación, recoñecemento e divulgación histórica. Existen convenios activos coas universidades galegas, como o grupo Histagra da Universidade de Santiago de Compostela, que desenvolve un labor de documentación e investigación que permite, con rigor e con solvencia académica, reconstruír o pasado sen caer na tentación da simplificación ou da manipulación. Ademais, Galicia está integrada nos mecanismos estatais previstos pola Lei de memoria democrática, como o Consello Territorial de Memoria Democrática, onde se articulan as políticas comúns e se garante a coordinación entre administracións. Nese espazo, xa se debaten, consensúan e programan accións.

A paixón pola xustiza, pola liberdade e pola reparación é sempre lexítima, pero debe ir acompañada de responsabilidade, de capacidade para deseñar instrumentos útiles, reais e eficientes. Este Consello, tal e como se nos presenta, non o é. Cómpre lembrar que Galicia xa conta con mecanismos de coordinación, cunha rede de investigadores, cunha tradición de memoria activa e con instrumentos para aplicar a normativa estatal. Xa hai vontade de mellorar a política de memoria, traballemos sobre o que xa existe, dotemos de máis medios os arquivos, incrementemos a colaboración cos colectivos, melloremos a coordinación interadministrativa. Esa é a liña útil. A memoria democrática debe estar protexida da utilización ideolóxica, debe ser plural e non converterse nun instrumento de parte. A historia de Galicia, a memoria das vítimas, non pertence a ningún partido nin a ningunha forza política; é un patrimonio común que debe ser tratado con responsabilidade. *(Aplausos.)*

Nós queremos que a memoria sirva para construír, non para dividir. Sabemos que esta posición pode ser incomprendida por quen reduce o debate da memoria a unha adhesión á crítica a determinadas fórmulas, pero o noso compromiso é cunha memoria útil, plural, integradora, que recoñeza as vítimas, dignifique o pasado e mire ao futuro. Por iso, rexeitamos esta proposición. Facémolo, por suposto, con respecto ás señorías que a promoven, pero tamén desde a responsabilidade que temos como representantes públicos. Non estamos aquí para acumular organismos, senón para garantir políticas que funcionen; non estamos aquí para repetir discursos, senón para promover accións; non estamos aquí para simbolizar, senón para servir. Debemos traballar conxuntamente na construción dunha memoria democrática que sexa patrimonio de todos e non trincheira de ninguén. Galicia merece unha



política de memoria á altura da súa historia e do seu pobo. Traballoremos por ela con seriedade, con compromiso e con humildade institucional.

Como ven, señorías, non queremos contribuír á división, senón á mellora real das políticas públicas neste ámbito tan sensible. Seguimos ao servizo de Galicia tamén no que atinxe á súa memoria e a súa dignidade colectiva. *(Aplausos.)* Desde o Grupo Popular, entendemos que as actuacións de memoria democrática son unha competencia estatal. Concordamos nos obxectivos principais que se derivan das normas da memoria democrática, no sentido de que se debe garantir que os crimes do pasado non se repitan e que se recoñeza a verdade sobre a historia de España no seu conxunto para construír un futuro baseado no respecto dos dereitos humanos.

Como ben dixen —recordaba vostede, señora Castro—, é unha lei que non nos gusta, porque actuaron como principais redactores dela grupos que nos gustaría que non nos estivesen acompañando. A pesar diso, a pesar de que non nos guste, a Xunta de Galicia cumpre con esta lei e está participando de forma activa en todas as reunións convocadas pola Secretaría de Memoria do Goberno do Estado. Estase executando o orzamento asignado en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Respecto da autoemenda que presentan, quero dicirlles que o Goberno galego está volcado nas actividades institucionais en apoio ao colectivo LGTBI. O compromiso do Partido Popular é servir construíndo unha sociedade onde a convivencia e o respecto sexan valores fundamentais.

Respecto do Pazo de Meirás, o que nos gustaría saber é por que non se están a cumprir os condicionantes mínimos de horarios e visitas. É un incumprimento do que vostedes non din nada na súa emenda, e non nos corresponde a nós precisamente.

En relación coa illa de San Simón, creo que tamén se equivocan de porta. Se queren declarar a illa como lugar de memoria, teñen que impulsar esa medida, e debe ser o seu propietario, que, polo de agora, non é a Xunta de Galicia, senón vostedes. Limitáronse a facer un anuncio que non se traduciu en ningún feito concreto. A illa claro que acolle moitas actividades, pero son actividades que cumpren estritamente cos usos previstos para estas instalacións —por certo, uns usos moito máis restritivos dos que organizaban vostedes—.

Asegúrolles que o Partido Popular e o Goberno galego seguirán traballando para cumprir os principios de verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición, pero facémolo con seriedade, con avaliación e con responsabilidade institucional, sen caer en impulsos partidistas nin en construcións artificiais que buscan máis o titular que a transformación real.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O peche é para a autora da proposición non de lei, a señora Castro.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor Ferro, as verbas son moi bonitas, pero téñense que acompañar de accións. Vostede di que as políticas de memoria que estamos a plantexar aquí son cuestións que xa están superadas en Galicia, e que hai estruturas que xa superan o Consello da Memoria Democrática. ¡Pois xa me dirá vostede despois cales! Eu o único que vexo é que, dende o ano 2009, no que vostedes chegaron á Xunta, aniquilaron todas as políticas de memoria que existían na época de Touriño. O primeiro ano aínda mantiveron algo de orzamento un pouco por decoro, pero logo aniquilárono totalmente, e a partida orzamentaria dende o ano 2012 ata o de agora en materia de políticas de memoria en Galicia, jé de cero euros! Cada vez que plantexamos emendas aos orzamentos para poder desenvolver en Galicia políticas de memoria, rexéitanas de forma reiterada. ¡Polo tanto, dígame cales son esas estruturas que desenvolve a Xunta, e que é o que fai a Xunta!

Vostede falaba dos labores de investigación do grupo Histagra ou dos programas de localización e exhumación de fosas, pero son programas do Goberno do Estado. Ata que Pedro Sánchez chegou ao Estado e comezou a levar a cabo políticas para a recuperación da memoria de España, non se fixo nada en Galicia, foi un tempo de silencio. A Xunta o que practica é o homicidio por omisión en relación coas políticas de memoria; ¡deixa morrer por inacción!

Dicía vostede que o Partido Popular non ía aceptar un órgano como o Consello da Memoria porque non era plural. Mire, nós plantexamos —aparece na iniciativa na parte propositiva e repetino eu na miña primeira quenda— un Consello de Memoria, que é un órgano colexiado con participación de carácter técnico, representación plural da Comunidade Autónoma e adscrito á Consellería de Presidencia. ¿Onde ve aquí a falta de pluralidade? ¡É un órgano totalmente plural, adscrito a unha consellería do Partido Popular! Nós o que queremos é avanzar, cumprir a lei —ademais da Lei de memoria democrática— e utilizar estas políticas como un instrumento que se fundamente nos principios de verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición, acuñados ademais —como dicía antes— polos organismos internacionais dos dereitos humanos e baseados na concordia, na convivencia e no pluralismo político. Nós non vemos isto como algo vingativo, senón restaurativo; vémolos como unha débeda pendente coa historia, unha débeda por ter agochado durante moitos anos o relato real, a historia tal e como aconteceu.

Son unhas medidas urxentes e necesarias, tendo en conta o avance da ultradereita en todo o territorio do Estado. Porque a ultradereita, señor Ferro, impón a súa moral e non respecta o diferente. Xa o estamos a ver con esas últimas medidas, impostas por Vox, de poder deportar todos os inmigrantes e as súas familias. Vostedes non se aclaran: que se van gobernar con eles; que se se teñen que gobernar con eles, repiten eleccións; que se van poñer un cordón sanitario a Vox; que se non van poñer un cordón —como dicía o outro día Feijóo— e só llo van poñer a Bildu. Non saben vostedes... O que vai pasar, señorías do PP, é como o conto da leiteira, o mesmo que lles pasou en xullo do ano 2023, así que teñen aínda máis tempo para pensar o que van facer.

Pero, mentres tanto, co avance de Vox —como din as enquisas, que están a darlle un incremento a Vox—, os partidos demócratas temos que unirnos, porque a ultradereita arrasa ao seu paso con todos os avances acadados en democracia, e a historia hai que coñecela para...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Castro.

A señora CASTRO REY: ...volver evitala.

Señorías do PP, pídolles dende aquí que miren a memoria de fronte.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Borja Vereá Fraiz, e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei, rexistrouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Diseñar un mapa territorial por toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos e cando menos a todas as comarcas galegas.

b) Facer unha distribución equitativa e igualitaria das actuacións de maior impacto por todo o territorio.

c) Que o acceso aos distintos eventos sexa en igualdade de condicións.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a iniciativa, ten a palabra o señor Vereá.

O señor VEREÁ FRAIZ: Grazas, presidenta.

Temos por diante un lustro Xacobeo 2027-2032, ou, dito doutro xeito, unha oportunidade única que debería ser aproveitada —vai ser aproveitada polo Goberno da Xunta de Galicia, pero tamén debería selo polo Goberno de Madrid— como a mellor marca España. ¿Por que?



Porque o Xacobeo ten unha capacidade xenuína e irrepetible para unir cultura e espiritualidade e para xerar dinamismo económico e proxección internacional.

Dicimos «debería» porque os feitos demostran, ou están demostrando, que está facendo todo o contrario. Non somos capaces de entender a que se debe o absoluto desleixo desde o Goberno de España co Xacobeo. A este grupo parlamentario gustaríalle ter algunha resposta, e diríxome directamente ao Partido Socialista, loxicamente. O que esperamos hoxe aquí é unha resposta; o tempo da paciencia ou da impaciencia xa quedou atrás. ¿Ten o Goberno de Pedro Sánchez algún problema co Xacobeo? Porque se non existe algún problema ou algunha cuestión que se nos estea escapando aos demais, a única resposta que queda —e non queremos pensar que sexa así— é que o Goberno de Pedro Sánchez está asfixiando o Xacobeo como represalia política por estar gobernada Galicia polo Partido Popular. Se fose así, sería inxustificable e dramático.

Como dicíamos, o Camiño ten que ser e debe ser outro completamente diferente: hai que sumarse —sumarnos todos— a unha oportunidade de prestixio recoñecido e facela propia a través da marca España. Temos, como dicía, un lustro Xacobeo 2027–2032 que está plenamente integrado na estratexia da marca España; é un elemento vertebrador de cohesión territorial e proxección exterior, un símbolo de turismo sostible, cultural e de calidade, unha ferramenta para a revalorización e rexeneración do patrimonio cultural e natural e un referente internacional que reforza a imaxe de Galicia e de España como destino único. O lustro Xacobeo 2027–2032 é o mellor exemplo da marca España.

Nós non nos imos cansar de insistir: ¿por que un asunto que ten xa varias unanimidades neste Parlamento e noutras instancias segue sen resolverse? Queremos, e creo que merecemos, saber que é o que está pasando e cal é a explicación —esperamos esa resposta— para que no día de hoxe aínda non estean activas as bonificacións.

Estamos falando, como dicía, dun consenso total en que o Xacobeo 2027 sexa declarado evento de excepcional interese público e, sen embargo, no día de hoxe non o é. Como xa falamos e debatemos noutras intervencións, non é válida a desculpa de que o problema é a falla ou a inexistencia de orzamentos. Esta declaración pode poñerse en marcha a través doutro instrumento legal, doutra lei, ou incluso dunha lei independente. Polo tanto, ¡hai solucións!; as solucións están aí e, habendo unidade política, non entendemos por que non se poñen en marcha. Parece indicar que o que está faltando é unha vontade política por parte do Partido Socialista.

É importante lembrarmos por que é importante esta declaración: porque permite poñer en marcha os incentivos fiscais de apoio ao Xacobeo e, polo tanto, abre a porta a facilitar a colaboración público-privada. Se poñemos de exemplo o último Xacobeo, estamos falando de case 30 millóns de euros que se puxeron á disposición de todos os galegos. Concretamente foron 28 millóns de euros cos que corenta empresas —corenta operadores económicos— axudaron a que o Xacobeo fose un éxito; 28 millóns que o sector privado puxo a disposición de todos os galegos grazas a esta declaración. *(Aplausos.)*

Está sendo unha inmensa irresponsabilidade non facer esta declaración con carácter urxentísimo. Pedimos, primeiro, respostas. Cando suba aquí o voceiro ou voceira do Partido So-



cialista, terá que explicarnos e dar unha resposta; jé o único que ten que dicir hoxe aquí! ¿Por que isto non está aínda activo? Estamos todos esperando, expectantes, por esa resposta. Podemos dicilo doutro xeito: o atraso na declaración como evento de excepcional interese público do Xacobeo 2027 está tendo xa consecuencias negativas para Galicia.

Falabamos, ao comezo da intervención, deste lustro 2027-2032. Se xa o atraso en circunstancias normais é inxustificable, diante desta oportunidade é unha auténtica neglixencia política. É urxentísimo deseñar programación, é urxentísimo axustar orzamentos, é urxentísimo concretar necesidades, é urxentísimo perfilar loxísticas. Cada día que pasa é unha perda irreparable de tempo e de medios económicos para cumprir o obxectivo común —o que entendo que é o obxectivo común—: que o lustro Xacobeo 2027-2032 sexa o mellor da historia.

Remato xa. Como dicía, queremos respostas. Espero que aumente a expectativa deste Pleno por esa resposta do Partido Socialista, porque no día de hoxe non sabemos que é o que está pasando. Queremos, sobre todo, esa declaración para que o Goberno galego poida traballar con todos os instrumentos. Pedímoslles que non tarden máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Méndez López.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Hoxe vimos aquí, novamente, debater unha iniciativa que trae o Partido Popular e que xa debatemos en pleno e xa debatemos en dúas comisións. Hoxe —é certo— danlle outra volta e fana como proposta: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que apoie a solicitude unánime do Parlamento de Galicia de conceder canto antes ao Xacobeo do 2027 a declaración como evento excepcional de interese público, que conta xa coa aprobación da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e co visto e prace do Ministerio de Cultura. Na mesma liña, instase o Goberno central para un maior e firme apoio económico ante o próximo lustro Xacobeo 2027-2032 co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva, como os xacobeos anteriores, para o reforzo turístico da marca España e da marca Galicia».

Ben, isto que vostede hoxe vén aquí presentarnos é exactamente igual á resolución décimo quinta do documento de resolucións do debate de Autonomía, aprobado o 23 de abril, que tamén se aprobou por unanimidade. Polo tanto, aprobaremos por quinta vez esta proposta e os seus derivados. Se querían que nós actuásemos como portavoces do Ministerio, ese non é un cometido noso; pero se o puxesen na proposta, ata nos afanariamos un pouco para facerlles esa xestión, tanto ao Parlamento como á Xunta de Galicia. Iso é o que ten que facer a Xunta de Galicia se quere, realmente, que vaia para adiante, cando ademais, xa hai por



parte do Goberno de España esa intención de aprobar e de facer este evento excepcional de interese público.

Á parte, na proposta de resolucións, esta era a primeira que poñía o Grupo Popular. A primeira, de corenta que había, era esta proposta. Polo tanto, eu xa empezo a sospeitar de se é que teñen algún empresario amigo que necesite moito esa dedución fiscal, máis que, realmente, (*Aplausos.*) o interese por eses concertos, ese mecenado ou esa colaboración público-privada, porque é a quinta vez que a imos aprobar por unanimidade —dou por feito que tamén o Bloque Nacionalista a aprobará, como fixo en ocasións anteriores—. Seguindo coa coherencia do noso partido, ímola aprobar por quinta vez.

O que tamén nos chama poderosamente a atención é que en cada proposta desas —tanto no pleno, como nas comisións, como na propia resolución—, presentabamos unha emenda, que ademais aceptaban e aprobaban. Podo entender que nalgún pleno ou nalgunha comisión non a inclúisen porque rescataren a anterior, pero é que aquí se molestaron, novamente, este mesmo mes, en rexistrala para ampliála e darlle cabida a esa resolución, e non incluíron esa emenda que presentou o Partido Socialista e que se aprobou ata en tres ocasións por unanimidade.

Dígolle, señor Vereá, que xa non é só unha falla de respecto ao Partido Socialista, que o é tamén, senón que é unha falla de respecto a este Parlamento e a esas comisións onde se aproba algo por unanimidade e despois non o teñen en conta. Pero claro, isto de deseñar un mapa territorial para que, cando menos, todas as comarcas galegas alberguen algún concerto, ou que haxa unha distribución equitativa e igualitaria da actuación, que isto teña o mesmo impacto en todo o territorio e que os eventos sexan en igualdade de condicións, ao mellor, non lles gusta tanto. Por iso, se cadra, queren que volvamos nós insistir en traer esta emenda. Xa lle anuncio que cando volva traela —non sei se lle tocará en pleno ou en comisión—, na sexta vez que debatamos esta cuestión, se non mete vostede esta emenda, ímola meter nós e espero que nesta ocasión tamén se aprobe por unanimidade.

De verdade, a aposta do Partido Popular polos temas de turismo baséase só no Xacobeo, señor Vereá. Nós temos dito en moitísimas ocasións que é un instrumento fundamental e un pilar básico do turismo galego, pero non é o único. As iniciativas que traen só son e só versan sobre o Xacobeo e sobre o Camiño de Santiago, pero —iso si— investir máis, ampliar máis ou abrir novas rutas esquécelles. Xa o Camiño case se traduce como a política da Xunta de Galicia e se reduce a unha cuestión de fe: apostémolo todo ao Camiño de Santiago, que malo será, e Deus dirá se seguimos tendo estas cifras turísticas tan boas, xa que só apostamos polo Camiño.

Incluso dentro do propio Camiño poderían ter tamén máis ambición, señor Vereá; pero, claro, detrás das ambicións vai aparelado o ter que dispoñer de máis recursos económicos. Poderían tamén apostar por esa Vía König que, por certo, é excepcional porque é a primeira guía de peregrinos da historia documentada. Esa guía da Vía König, do século XV, está documentada xa daquela data por ese monxe alemán que fixo o percorrido e que ademais se molestou en facer ese traballo. Por certo, dos seis concellos polos que pasa, tres son do Partido Popular, dous do Partido Socialista e ata hai un independente. Polo tanto, podería ser



unha cuestión de atender os intereses tamén dos seus alcaldes, que a demandan e con moita ansia, porque sabemos da importancia de seguir vertebrando tamén o territorio a través do Camiño.

Como dicía, non son capaces, nin sequera, de ampliar o Camiño de Santiago e de potencialo, porque non é o seu obxectivo. Realmente, o interese da Xunta en materia de política de turismo xa o ten amosado. Amosouno en cuestións que xa temos debatido, nalgún caso coa proposta do Partido Popular —iso tamén é certo—, pero empezando por non dimensionar o novo marco lexislativo. Estamos a falar dunha Lei 7/2011 que, por certo, do 2008 ao 2011 era imprescindible cambiar. En tres anos, había que cambiala de maneira inmediata porque evolucionara moito o turismo, pero do 2011 ao 2025 non é necesario... A pesar xa do último lustro e de toda a época coincidente coa época poscovid na que cambiaron os patróns, os hábitos e a forma de concibir o turismo, pois non é necesario... Non queren modificar esa lei. Tampouco teñen máis ambición en accións de cohesión e de destino ou nos plans de sustentabilidade turística. Naquelas iniciativas que levamos, tampouco amosaron ese interese nin tampouco as dinamizan desde a Xunta de Galicia. Non sei se é porque están financiadas, na inmensa maioría, polos fondos Next Generation e non vaia ser que se vexa que a Xunta aí participa pouco. Hai unha falta de posta en valor do patrimonio e amais, cando o fan, fano cun uso partidista: para o Pazo de Lourizán si que hai 17 millóns de euros, pero para o Museo da Romanización, só medio millón, e iso grazas á pelexa do Partido Socialista e da aceptación dunha emenda. Está a falta de relevo xeracional ou o peche dos establecementos —como temos debatido— a pesar dos esforzos que se fan en formación.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: É dicir —remato, presidenta—, hai unha retahíla de cuestións que xa fomos presentando e xa fomos debatendo que, ademais, impulsarían —moito— e vertebrarían o turismo, desestacionalizándoo e espallándoo por todo o territorio. Pero como xa lle digo, aprobaremos por quinta vez esta proposta e os seus derivados. Poderían vostedes tamén aprobar os orzamentos do Estado, porque queren máis cartos, queren máis recursos e queren que se...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...destinen a esta iniciativa, pero realmente estalle dicindo «non, non, non e non» sempre a ese instrumento importante. Ou sexa, o turismo de Galicia, señor Vereas, vai moito máis aló do Camiño de Santiago, malia ser este importantísimo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Efectivamente, como tamén xa se dixo, esta cuestión ten vido varias veces ás comisións e ao pleno e, loxicamente, apoiáremola outra vez.



Unha vez máis, aproveitarei tamén, como xa dixen noutras ocasións, para recordar que o Camiño de Santiago é moito máis que o Camiño Francés —o camiño que segue a dirección leste-oeste do Camiño de Santiago, o famoso debuxo da Vía Láctea no ceo— e que tivo lugar, incluso, antes de que se cristianizase ese hábito de viaxar cara ao oeste que foi capitalizado polo tema de Santiago. Mesmo moitos escritores e moitos investigadores traballan coa hipótese de que esa viaxe e ese percorrido cara ás costas galegas ten unha antigüidade moi superior á do descubrimento da tumba de Santiago, como todos vostedes saben.

Pero ben, non é soamente o Camiño Francés, senón que o caso que máis me preocupa a min é o pouco apoio e a pouca visibilidade que ten o camiño chamado da Vía da Prata, que une as zonas do sur de España con Galicia. Ese é un camiño que é bastante pouco coñecido e precísanse campañas por parte da Xunta de Galicia. Eu, loxicamente, vou apoiar ese tirón de orellas que lle está dando o Partido Popular ao Goberno central, pero tamén lle quero recordar á Xunta de Galicia que debe promocionar a Vía da Prata porque está infrausada alá, en potenciais lugares de orixe do sur de España, e mesmo en moitas zonas de Portugal.

Quero recordar que a Vía da Prata foi promocionada por un visionario, Elixio Rivas Quintas, que promocionou o Camiño de Santiago moito antes de que, a principios dos anos 90, fose promocionado, de xeito institucional, cun grande aparato propagandístico e con gran financiamento público, alá polo 1993, con Portomeñe, con Varela e con todos aqueles. Moito antes diso, o señor Elixio Rivas Quintas, cun par de amigos, xa percorría os camiños pintando cunha brocha e cun bote de pintura amarela esas famosas frechas que despois se popularizaron —esas saetas coas que se sinala o Camiño—. Quérolles recordar que Elixio Rivas Quintas, á parte de ser un gran filólogo e un grande estudoso da toponimia, era un sacerdote paúl que, loxicamente, priorizaba a compoñente relixiosa desa peregrinación. Xa lles digo, foi un pouco un pioneiro no momento de valorizar o Camiño que, como xa se dixo moitas veces, vertebrou Europa, tal e como nos explica moi ben o *Codex Calixtinus*. Eu, sinxelamente, quería recordar ao Goberno da Xunta de Galicia que a Vía da Prata é unha ruta con moito potencial turístico e percorre zonas de importantísimo valor patrimonial, paisaxístico, artístico etcétera.

Quero aproveitar a intervención, dentro da redundancia que supón tratar unha e outra vez este mesmo tema —non sei se co mero fin político de, digamos, ter algo que botarlle en cara ao Goberno do Estado—, para facer patria da cuestión ourensá, pois a Vía da Prata atravesa gran parte do territorio ourensán. Eu falo moitas veces con persoas que teñen albergues ou pequenas tendas de *souvenirs* en determinadas zonas da provincia e, efectivamente, corrobóranme que é unha zona moi pouco transitada polos peregrinos. É moi fácil seguir as rutas en coche, en bicicleta ou andando e ver que os peregrinos aparecen moi raramente. Penso que a Xunta de Galicia ten que promocionar este camiño en orixe —en Estremadura, en Andalucía, en León, e en certas zonas de Portugal— porque o que non se coñece non se ama, como dicía algún.

Eses son os deberes que tamén lle poño eu á Xunta de Galicia e que, volvo repetir, son redundantes e xa o dixen nalgunha outra ocasión.

Nada máis e moitas grazas.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ojea.

Pola quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Entre o novidoso da cuestión e as horas que son, isto creo que non o levantamos nin con bachata, señor Vereza, pero imos intentalo.

Estamos aquí outra vez —é verdade— e máis outra vez solicitando por enésima vez que o Goberno do Estado declare o Xacobeo 2027 como acontecemento de especial interese. Esta é unha declaración que, desde logo, ten unha finalidade práctica, que non é outra que que aquelas empresas que queiran patrocinar o Xacobeo se poidan acoller aos beneficios fiscais que, en forma de achegas ou desgravacións, contempla a Lei 49/2002 de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro e incentivo ao mecenado.

E, máis unha vez, o Bloque Nacionalista Galego —adiántollo xa— votará favorablemente esta iniciativa sobre turismo —e tome nota, señor Trenor, que o vexo moi apagado—, que fala de Xacobeo, de patrocinios e colaboración público-privada, je de beneficios fiscais para empresas! Por quinta ou sexta vez volven traela...

E eu cando estaba intentando preparar —bueno, «preparar»..., na quinta vez xa non hai moito que preparar— o que iamos dicir aquí, dixer eu: ¿que podemos facer con esta iniciativa, da que xa é a quinta vez que imos votar a favor e é a quinta vez que se trae? Pois intentar sacar algunha conclusión en limpo. Unha delas é que o reiterado voto favorable do noso grupo a esta iniciativa bota por terra a burda estratexia do Partido Popular de querer amosarnos como «os do non ao turismo». ¡Así!, lanzado así, en xeral, sen explicar moito esa afirmación. É unha estratexia que, ademais, eu creo que ten un escaso alcance máis alá da dialéctica parlamentaria de corte para as redes e para os medios afíns ao Partido Popular; é unha estratexia que consiste en que se se repite unha mensaxe falsa, simple e curta mil veces, converterase en verdade; é unha estratexia comunicativa que xa vén de lonxe, do ministro de propaganda nazi, Joseph Goebbels, que a ultradereita española manexa con moita soltura e pola que o Partido Popular leva xa un tempo apostando sen rubor e, desde logo, con moitos cartos, atendendo ao algoritmo do Instagram e aos *reels* do PP de Galicia. Pero xa non os cre ninguén a vostedes; neste Parlamento os que votan sistematicamente en contra de tanta proposta en positivo se fai en materia de turismo son vostedes, o Partido Popular.

O grave xa non é que voten en contra das nosas propostas, senón que o Partido Popular en materia de turismo empregou este Parlamento, esta tribuna e as comisións, única e exclusivamente, para pedir do Estado algo que, en efecto, é da súa competencia, que é a declaración do Xacobeo como acontecemento de especial interese. Se non fose por esta iniciativa e polas comparecencias de autobombo e polas «incomodísimas» preguntas que o Partido Popular en comisión lle formula ao director xeral de Turismo, poderíamos dicir que, para o Grupo Parlamentario do Partido Popular, o turismo non merece máis atención; tan só loor e gloria para o actuar do Goberno galego e da Axencia de Turismo de Galicia nesta materia. Non hai nin un atisbo de crítica construtiva nin tampouco de labor propositivo por parte do Partido Popular neste Parlamento.



Hoxe, señor Vereza, presenta vostede esta iniciativa —a mesma— por quinta vez. De feito, é a única iniciativa que o Partido Popular trouxo a esta Cámara en materia de turismo en toda a lexislatura. Poderíamos ter falado hoxe doutras cuestións, e seguramente bastante máis rendibles para o sector, como da necesidade de adaptar e preparar o modelo turístico para o cambio de paradigma que se está a dar por mor do cambio climático. É innegable que nos últimos anos asistimos a unha transformación no xeito de entender o turismo; é innegable a constatación de que as condicións climáticas afectan a demanda turística. ¿E non sería bo debater neste Parlamento dun xeito honesto sobre estes temas? Eu creo que si. Porque ese cambio de paradigma pode constituír unha oportunidade para a industria turística galega, mais tamén pode agudizar —e ademais faíno— externalidades negativas do actual modelo. Algunhas externalidades negativas que non lle gusta escoitar, pero que existen no noso país, son: a masificación das zonas costeiras, os problemas asociados ao acceso á vivenda residencial, a xentrificación ou o sobrecusto que deben soportar os concellos que chegan a triplicar ou cuadruplicar a súa poboación nos meses de verán —sobre todo en servizos municipais como a limpeza viaria, o lixo, a auga ou a seguridade a nivel local—.

Pero diso ao Partido Popular non lle interesa falar aquí. Só lle interesa votar en contra dos que traemos propostas a este Parlamento sobre estes temas, como cando hai case un ano votaron en contra de axilizar e activar o Observatorio Turístico da Galiza, dotalo con orzamentos suficientes e potenciarlo en colaboración coas universidades, co propio clúster do turismo, as escolas de turismo e calquera outra entidade fornecedora de datos. Pois un ano despois aínda estamos esperando esa ferramenta indispensable para monitorizar o ecosistema turístico galego.

Tamén votaron en contra en comisión da necesidade de adaptar o marco lexislativo actual para afrontar a nova realidade do sector, establecer un marco regulador claro e equilibrar os intereses e necesidades dos visitantes e das comunidades receptoras locais; unha nova Lei de turismo que mellore e actualice a norma do ano 2011, cuxo principio reitor sexa a sustentabilidade real e que proporcione seguridade, competitividade, estabilidade e futuro ao propio sector. Nada disto lle interesa ao Grupo Parlamentario do Partido Popular.

Por non traer, non traen nin sequera iniciativas sobre o Camiño de Santiago. Aquí —¡claro!— pareime a pensar: ¿por que será? ¿Por que non traen iniciativas sobre o Camiño de Santiago? Pois haberá que concluír —xa que antes si que o facían— que é porque, de traelas, se evidenciaría a enorme contradición que existe entre vender como reclamo a espiritualidade á que facía vostede referencia e o valor natural e patrimonial do Camiño, ao tempo que se quere converter en icónica unha cheminea industrial de 75 metros de altura, (*Aplausos.*) buscando —iso si— a súa integración «paisaxística», (*O señor Pérez López ri.*) pintándoa de marrón ou de verde. Eu podo imaxinarme perfectamente a campaña promocional do Goberno galego, do Partido Popular: «Peregrino, peregrina, pecha os ollos e abraza a cheminea de Altri...» —pintada, iso si, de verde— «...como se fose unha árbore». Imaxínome que, ademais, sería unha sequoia xigante. «Abrázate a ela e conéctate con este elemento icónico». Esa sería a campaña do Partido Popular.

A verdade é que a vostedes impórtalles ben pouco o valor sociocultural e a esencia mesma do Camiño de Santiago, por moito que digan o contrario; apoiar a instalación dunha macrocelulosa na Ulloa supón poñer en perigo a declaración do Camiño francés —entre outras



moitas cousas — como patrimonio da humanidade. Perder esa catalogación tería un efecto devastador na promoción turística do noso país e un claro impacto socioeconómico nun sector que cada vez ten máis peso na Galiza —tamén en Santiago de Compostela, señor Vereá—. ¿Asume vostede esa contradición? ¿Apoia vostede ese proxecto aínda que poida afectar social e economicamente o destino final do Camiño, Santiago de Compostela?

Poderíamos falar de todas estas cousas e, de feito, nós intentámolo a través de diferentes iniciativas, que vostedes rexeitan de forma sistemática sen moita máis argumentación que que somos «os do non ao turismo». Nin debaten sequera, nin propoñen. Son vostedes, señoras e señores do Partido Popular, os que se negan a afrontar a realidade actual, a planificar e aplicar políticas públicas que, en colaboración co sector privado, permitan afrontar os múltiples desafíos e corrixir os problemas que existen no modelo actual que vostedes levan promocionando nos últimos dezaseis anos. Néganse a proporcionar un marco regulador actualizado; néganse a promover un turismo realmente sustentable, responsable e respectuoso; néganse vostedes a protexer e a buscar un equilibrio entre os dereitos dos que nos visitan e os dereitos das comunidades receptoras.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Son vostedes —e remato, presidenta— «os do non» ao futuro sostible da actividade turística.

Poderíamos falar hoxe de moitas cousas, está claro, pero mañá nos medios sairá que o Parlamento pide, de xeito unánime, a declaración do Xacobeo como acontecemento de especial interese... Pois amén. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A quenda de peche para o autor da proposición, o señor Vereá.

O señor VEEA FRAIZ: Grazas, presidenta.

Non respondeu á pregunta. Eu pódolle asegurar que non tiña pensado nesta intervención falar da cuestión do Partido Socialista, porque non quería mesturar o Xacobeo, que está por riba de todas estas cuestións, coa situación do Partido Socialista, ¡pero hai que ter cara e mala educación —co bochorno nacional que hai aí— e hai que ser inconsciente para traer a este debate a palabra «empresa amiga»! ¡Hai que ter moita cara! (*Aplausos.*)

Dixo vostede: «cando volva por sexta vez». Bueno, xa tirou a toalla completamente e xa dá por feito que esta cuestión vai volver por sexta vez. ¡E non respondeu a pregunta! Estabamos todos, os setenta e cinco, ou os que están presentes, esperando a resposta. ¿Por que non está a declaración feita? (*Murmurios.*) Estivo aquí falando de todo menos de responder a única pregunta que lle fixen —que lle fixo este grupo parlamentario—. ¡Queremos saber que é o que está pasando! Creo que merecemos coñecer esa resposta. E pedímoslles que fagan vostedes as xestións cos seus compañeiros dos ministerios —xestións políticas e legais— para que saia adiante esta declaración. Por tanto, ¡reaccionen!



En canto ao BNG, son moitas as sesións en pleno e en comisión falando de turismo, do Camiño e do Xacobeo; eu estou moi contento do traballo realizado. Enténdase a metáfora: é un éxito de traballo colectivo, de evanxelización, de proselitismo, que o BNG estea xa defendendo con esa ansia o Camiño de Santiago e o Xacobeo; un paso adiante realmente importante. *(Aplausos.)* Pero teñan coidado, porque está a outra cara da moeda: a fe do converso. ¡En calquera momento vemos as fotos dos vinte e cinco deputados do BNG facendo o Camiño de Santiago, entrando na praza do Obradoiro e ilusionando esa paixón xacobeá! *(Aplausos.)* Están a punto de facelo.

En definitiva..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* como digo, é un éxito colectivo: a política é iso, convencer e traer os demais ao espazo común e creo que, nese sentido, esas comisións, eses plenos de Turismo do Camiño e do Xacobeo cumpriron o seu obxectivo.

Pedimos, por favor, ao Partido Socialista que traballen cos seus compañeiros e que consigan esa declaración, porque agora mesmo é unha auténtica situación de negligencia política non ter a declaración feita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿A emenda, señor Vereá?

O señor VERA FRAIZ: Aceptámola. *(Aplausos.)*


A señora PRESIDENTA (Candia López): Acepta a emenda.

Pois, debatido o último punto da orde do día desta tarde, suspendemos a sesión, que, como saben, será reanudada mañá ás 10 da mañá.

Boa tarde noite a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás sete horas e vinte e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

